

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 1 | Edición nº 11 | Novembro de 2015 | Precio 2 euros



O cineasta
Aki Kaurismäki visitou
Curtocircuíto

Páxina 14



XXII edición
da Festa da Carne

Páxina 28

Jornadas
Transfronteiriças em
Valença, Monção e
Salvaterra

Páxina 52



X. Ferreiro, alcalde da Coruña dando conta dos actos e proxectos do seu goberno"

Páxinas 12/13



centro médico
EL CARMEN



TU HOSPITAL DE REFERENCIA

CALIDAD CERTIFICADA POR DNV-GL (ISO 9001) Y POR LA CONSEJERÍA DE SANIDAD DE LA XUNTA DE GALICIA (CALIDADE HOSPITALARIA)



www.centromedicoelcarmen.es



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.

Un erro histórico

As eleccións catalás evidenciaron que a chave das vindeiras xerais ha ser a territorial. Junts per el Si presentárase e acadará un mínimo de 20 deputados. O PNV, EH-Bildu e Compromís acadarán cadanseu grupo parlamentario. Geroa Bai manterá a súa representación, canda a Presidencia do Goberno foral navarro. Os nacionalistas canarios e das Illes desfrutarán dunha sólida representación.

Por outra banda, esfarélase como escenario unha alternativa estatal baseada unicamente en Podemos e adherentes. E as experiencias dos gobernos do PNV en Euskadi e dos nacionalistas do SNP na Escocia amosan con claridade que o autogoberno constrúe benestar e posibilita axendas sociais e económicas alternativas ás neoconservadoras que imperan en Berlín ou Madrid. Se Galicia como suxeito político diferente non estivera presente na vindeira lexislatura non dispoñemos de armas reais contra a enxurrada recentralizadora e privatizadora que o PP e C's abeiran.

Non existen incompatibilidades reais entre as bases cidadás e sociais das distintas opcións políticas que poderían concorrer nunha hipotética e cada vez

máis problemática candidatura galega unitaria. Mais xusto é dicir que, dende a banda do nacionalismo, o BNG semella ir sendo quen a superar os receos que amosaba de primeiras a respecto da integración de sectores alleos ao galeguismo. Pero Podemos non deu aínda paso ningún que demostre a súa compatibilidade real, facendo parte da mesma candidatura, co galeguismo.

As distintas Mareas e candidaturas locais de unidade, os alcaldes e alcaldesas das distintas opcións galeguistas e a ilusión cidadá xerada pola mera constatación da posibilidade dunha unión electoral en positivo demostran que existen vimbios abondo para construír. Falta, apenas, a visión estratéxica en determinados actores para dar o paso irrevérsibel.

Dúas candidaturas serían un grave erro histórico. Un erro que deixaría fóra Galicia da reforma política que se vai abrir, si ou si, dende primeiros do 2016. Que condicionaría en negativo as nosas posibilidades futuras de máis benestar e de progreso económico. E o peor de todo é que non se albisca ningún efecto positivo dun erro desta caste. Mesmo nin para o proxecto estatal de Podemos.

A culpa foi do maquinista

O Xulgado de Instrución nº 3 de Compostela ven de rematar a instrución do accidente de Angrois, considerando única persoa presuntamente responsable do sinistro ao maquinista do tren. O xuíz rexeitou novas probas propostas polas acusacións das vítimas, pechando a posibilidade de acusar terceiras persoas.

Porén, a realidade é que un dos tres peritos xudiciais, César Mariñas, concluíu que este accidente non tería ocorrido se o tren levára equipado o sistema ERTMS, obrigatorio na alta velocidade española. E non o levaba equipado por mor dunha autorización provisional de ADIF do 23 de xuño do 2012, trece meses anterior ao accidente, que non foi acompañada por ningunha medida complementaria ou de reforzo da seguranza. O día do sinistro os viaxeiros do 0730 Alvia eran os únicos usuarios de AVE no Estado que dependían do maquinista. Os demais doutras liñas atopábanse baixo a automatizada protección do ERTMS.

Mais outro dos peritos xudiciais recoñeceu tamén a mala sinalización da perigosa curva d'A Grandeira, pertencente ao antigo trazado. Cuestión que xa fora advertida polos servizos territoriais da operadora RENFE en decembro de 2011, poucos días despois de que o ministro Blanco abrise oficialmente

este tren, a piques xa de cesar como ministro.

En realidade, dous dos peritos (o enxeñeiro industrial e o civil) son funcionarios da Xunta e substituíron aos anteriores peritos xudiciais aplicando o Regulamento galego da xustiza gratuíta que non prevía o caso concreto.. O nomeamento destes dous peritos acordouse a requirimento xudicial, polo Departamento do vicepresidente Rueda.

Esta resolución xudicial só pode ser revisada pola Sección 6ª da Audiencia con sede en Compostela. Sección que xa retirou a imputación dos directivos de ADIF acordada polo anterior xuíz Alaez. Mais no mesmo auto no que acordou esta "desimputación", a Audiencia advertiu que os directivos de ADIF poderían seren imputados outravolta se existisen indicios racionais da súa responsabilidade. E os expertos técnicos e xurídicos opinan maioritariamente que o ditame pericial de Mariñas, emitido posteriormente, demostra a grave responsabilidade de ADIF.

Velaí que a cidadanía e as vítimas, acredoras dunha pescuda a xeito e dun xuízo xusto, agarden por esta última posibilidade, que habería reconciliálas coa fe na Xustiza.



Podemos e o factor nacional (I)

A Podemos hai que lle recoñecer varios méritos evidentes. Foron os primeiros que souberon ler a xeito as novas prioridades da axenda política que marcaron as mobilizacións do 15-M. Souberon repolitizar amplos sectores das capas medias dende a súa pedagogía a respecto da relación entre corrupción, "casta política" e gobernanza na crise económica. E recoñecen abertamente que o Estado español é un Estado plurinacional, cuestión certamente inédita no contexto das distintas forzas de ámbito estatal.

Para mellor administrar o seu suceso nas eleccións europeas do 2014, Podemos decidiu non participar nas pasadas municipais apoiando en Galicia (non en todos os casos e dende logo con desigual intensidade) a determinadas Mareas ou candidaturas de unidade cidadá. E, ao tempo, deseñou unha estrutura orgánica fortemente centralizada, que garantía todo o poder interno a un grupo pequeno e cohesionado en Madrid arredor de Iglesias, Errejón ou Bescansa, até o extremo de adoptar as decisións sobre as candidaturas ás xerais nunha votación a nivel estatal. Das resultas destas decisións, enfraqueceu substancialmente o debate e a participación nas distintas estruturas internas. Mentres, a atención cidadá centrábase nun modelo de participación democrática moito máis horizontal: o das distintas mareas e candidaturas de unidade cidadá, que fornecían os requirimentos da xente de que non só mudasen as políticas, senón que se contase coa súa participación activa para esa remuda.

Mais Podemos esqueceu tamén a clave territorial, malia a valiosa proclamación do seu respecto á plurinacionalidade do Estado e, deste xeito, atopouse co rexeitamento do nacionalismo mallorquín de Mes e de dúas das principais forzas coaligadas no Compromís valenciá a partillar candidatura con eles. En Catalunya erraron na lectura da clave electoral, ficando diluídas nunha mensaxe confusa que moitos tentan sumar sen xeito na conta dos votos unionistas. Barcelona en comú, a candidatura que levou Ada Colau á Alcaldía, abstívose de adherir Podemos no pasado proceso electoral e agora ofrece unha ampla coalición, mais de soberanía estritamente catalá na que Podemos sexa unha peza importante, pero unha peza máis. O de Galicia é aínda máis complexo. Seguiremosllo a contar moi axiña.



■ Ilustración de Félix Ronda

A necesidade política da confluencia

Tres novas enquisas publicadas nos últimos días pola Sexta, ABC e La Razón prognostican que o PP e máis C's quitarían maioría absoluta. Á vista destes catro anos e das propostas dos de Albert Rivera semella que enfrontaríamos novos tempos de sufrimento para os servizos públicos e os intereses das maiorías sociais, en xeral, mais tamén para o autogoberno e, con él, para as posibilidades de reactivación económica de Galicia.

Velaí que sexa precisa esa ampla converxencia do galeguismo e do progresismo para enfrontar as dúas claves da vindeira lexislatura estatal: a territorial e a das persoas. Tendo en conta que as reformas institucionais que posibiliten a blindaxe e substancial incremento do autogoberno son clave para os intereses da nosa xente.

Galicia non ten peso poboacional nin económico no Estado e as bases da súa economía non son importantes para ningún partido estatal. Precisamos, máis ca ningún, un autogoberno eficiente e ben financiado para garantir o benestar da nosa poboación.

Esta chamada á unidade foi quen a ilusionar milleiros e demostrou que as eivas para a unidade non están na cidadanía do común, senón nas cúpulas políticas. E aí non fica ninguén exento de culpa. Porque se o preacordo de Podemos, Anova e EU supuxo unha emenda á totalidade a un proceso aberto e baseado no protagonismo cidadán, a ausencia do BNG á xuntanza de partidos e organizacións do 2 de outubro tampouco contribuíu ao progreso deste proceso de converxencia.

Remata o tempo. Dez candidaturas municipais de unidade veciñal, Compromiso por Galicia e dúas dos nosos máis senlleiros intelectuais e pensadores veñen de facer as derradeiras chamadas á unidade. Todos sabemos que o acordo é posíbel dende a intelixencia e a xenerosidade. Impedilo será un grave erro histórico e contribuirá directamente ao noso empobrecemento e á nosa irrelevancia.

Pola contra, facer posíbel esta confluencia e abrir canles para a participación cidadá na súa xestión e gobernanza dotaría a Galicia dun instrumento potente para a súa afirmación e defensa do seu autogoberno e dos seus intereses económicos e sociais, mais tamén para animar e estruturar a profundización da democracia e o progreso da economía, garantíndolle á nosa xente o benestar ao que ten dereito.

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Galicia sen homes quedas....

Xa Rosalía se laíaba do abandono de Galicia polos homes e mulleres (pero sobre todo homes) que se ían, que emigraban e abandoaban a Terra.

"Este vaise, aquel vaise // e todos, todos se van // Galicia sen homes quedas // que te queiran traballar". Que diría hoxe a Nosa poetisa se presenciara o abandono que nestes momentos se está fraguando polos homes e mulleres galegos/as que din amar a Terra e que son capaces de discutir ata o agotamento para non chegar a ningures; de sentarse e erguerse unha e outra vez sen ser quen de acadar un acordo para traballar xuntos pola Terra.

Todos din ser máis galeguitas, máis nacionalistas, que Castela, que Rosalía, que Curros,.. pero á hora de prantexarse unha solución conxunta para que Galicia poida ser traballada polos seus, para que as nosas leiras non sexan axiña campo de experimentación de empresas foráneas que só lles interesa o lucro que delas poidan conseguir; cando teñen que tomar decisión importantes, nun momento crucial para o futuro da nosa Terra, do noso Goberno galego, entón sacan os ases que levan sempre na manga e xogan cada quen a súa propia partida.

Un que xa peitea ruzas dende tempos ha, foi testemuña de momentos `parecidos ao longo dos últimos 30 anos. Proxectos ilusionantes que parecían ser o final do túnel que nos traía dende os tempos escuros (Uni-



dade Galega, coalición Galega, reunificación do nacionalismo de esquerdas no BNG), atopámonos outra vez cos mesmos protagonistas, practicamente, agás os que xa morreron, e cos mesmos argumentos que só serven para non mover os marcos das raquícticas leiras políticas que cada quen entende ser propietario en exclusiva.

Así nos irá, chegaremos a Madrid, como sempre, a refuxo dos que cortan o bacalao. Alí solicitaremos sentarnos na mesa e xogar a partida; dirannos que como moito, podemos dar cartas e servilos cafés. Todos se tirarán os trastos á cabeza do adversario, considerado, cecais, como enemigo. Todos se laiarán e culparán a calquera, non importa quen; o que importa é salvar a cara desta desfeita que nestes momentos se está fraguando.

Nos non queremos ser cómplices, por iso mostramos o noso máis rotundo rexeitamento a este tipo de comportamentos políticos. Serán eles e elas os responsables de que Galiza xa non volte a ser o que foi e o que deba e podía ser.

Que lles aproveite, pero comigo que non contén.

Galiza sen políticos quedas que te saiban defender!!.

Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino

TLF: 986640834

Ponteareas (Pontevedra)

Opinión

Todos sabemos quen foron os culpables das ansias secesionistas que agora, máis ca nunca, aboian. Non só en Catalunya. Anque ninguén lles pediu responsabilidades –aos culpables– desta situación de querer abandonar o Estado. Ese mesmo que non quixo recoñecer a especificidade de cada nación. E hai que recoñecer, malia a quen pese, que os sucesivos gobernos –pero en especial este– españois comportáronse de xeito invasivo e pouco respectuoso. Sempre axudados dos seus corifeos, doutros eidos do poder, dos poderes. Mesmo os xornais subvencionados a cambio de discursos recorrentes e mentiras. Non é nada raro, dado o seu procax comportamento aniquilador e centralista. Como se poden esperar senón, estas reaccións tan ofen-

sivas, estas manipulacións desde a absoluta corrupción dos poderes? Tampouco se poden deixar de sentir as lóxicas protestas diante do abuso de poder, as interferencias, as malas artes que son tan habituais e que veñen contra as sensibilidades e sentimentos fondos de pertenza, fóra da mínima educación e consideración intelixente, da consideración en estima, en vez de vir ao desguace das nosas singularidades. É tempo de dicir, que estas nacións “periféricas” están ata o gorro de aturar desprezos e dispensas, dependencias que nos sitúan súbditos de algo ou de alguén, desconsideracións e malos tratos, malos gobernos e peores xestións do noso, nos que

sucesivamente nos miran desde Madrid ou desde os que nos miran –ao lonxe, claro– desde aquí, amparados en despachos e decidindo por nós de canto a nós nos afecta. Gobernan contra nosa, iso é evidente. Non progresamos, non avanzamos e gastan alegremente os nosos cartos e as nosas ansias de porvir. Non atallan os problemas e non saben solucións, seguen co enchufismo de antano, coa corrupción que os emporca a todos, uns por exercela e outros por amparala ou silenciala. O peor de todo é que destrúen o futuro e a ilusión, tamén a dos nosos fillos. Pero son eles, traidores de nós e de si mesmos, incumpridores de calquera ocorrencia por mor duns

votos ou duns billetes. Son mafia e andan a pillar cacho en todo canto se move. Deterioraron a incipiente democracia, non a deixaron camiñar, para chegar ata cotas de mínima dignidade. Estamos nun punto onde non se recoñece como tal, como democracia. Con limitacións de todo –empregaron a crise para xustificar as súas sinistras veleidades–, con supostos de culpabilidade, aniquilando dereitos sociais necesarios por medio de ameazas, de medos, de leis novas de cidadanía, de paro, de traballo precarísimo, de deficiencias na sanidade e no ensino, de guerras, de morte, de soidade, de máis medos. E aquí estamos, agardando desaparezan. Son como

unha maldición, esa mesma que nos nega, que invalida á mesma xustiza (tamén manipulada, elucubrador, tardía, trocada, desigual...) incapaz de asumir unha reforma constitucional necesaria para saír desta foxa, desta inestabilidade e abuso no que estamos e que, eles, provocaron. Tiña alguén que esixir responsabilidades. Teremos que esixir responsabilidade e actuar en consecuencia.



Baldomero Iglesias Dobarrío

Mero

Por: Pedro Gómez-Valadés

A conformación dos pobos e das nacionalidades é produto da sedimentación ao longo do tempo e na terra dos contactos e interrelacións producidas a través dos séculos. Ningunha nación ou pobo, por moi homoxéneo e compacto que poida semellar hoxe, é alleo a isto. Todos, en maior ou menor medida son froito das circunstancias que lles tocou vivir. Galicia, nación atlántica, tamén. O “ser galego” é receptor das achegas doutros pobos, e sen dúbida tamén o pobo xudeu, a milenaria cultura hebrea, son parte da nosa identidade nacional forxada no transcurso dos séculos. Cal é esa achega xudía a Galicia?

Difícil dicilo con precisión, hai no noso país persoas infinitamente máis capacitadas ca min para dar -ou tentar dar-, unha resposta. Pero o certo é que Galicia e os galegos non eran obviamente iguais no ano 1000 ou no ano 1492, o carácter e a identidade galega recibiu con intensidade dispar mais cunha presenza moi regular ao longo e ancho do país, a influencia das moitas comunidades xudías asentadas en Galicia.

A convivencia no día a día destas comunidades no noso país tivo sen dúbida influencia na realidade galega ate a súa expulsión decretada curiosamente polos mesmos reis de Castela que tamén decretaran a “doma e castración” do Reino de Galicia.

Certo que coa documentación que dispomos actualmente, non é posíbel definir con precisión o momento da chegada dos primeiros xudeus a Galicia.

A máis antiga pode quizais ser algunha vaga referencia do século X, de xudeus xa vivindo en Celanova. Mais foron moitas as vilas galegas nas que hai documentada presenza xudía e cuxa distribución xeográfica poderíamos clasificar en función dos principais núcleos xudeus e que xira sobre tres zonas: Norte (Viveiro, A Coruña, Ribadeo, Pontedeume e Betanzos), sur (Ourense, Monforte de Lemos, Allariz, Celanova, Ribadavia, Tui, Pontevedra e Baiona) e Santiago de Compostela.

Esta interrelación, esta convivencia foi según afirman nos seus traballos referenciais no tema tanto a profesora Gloria de Antonio Rubio (Los judíos en Galicia (1044-1492), como José Ramón Ónega (Los judíos en el Reino de Galicia) e en base á documentación atopada e investigada, unha boa relación. Existen numerosas mostras de episodios que amosan esa boa relación cotiá e na que atopamos xudeus compartindo o mesmo espazo urbano, incluso os mesmos traballos e negocios cos seus conveciños cristiáns.

Algúns exemplos podémolos atopar en Ourense, unha das cidades galegas que máis documentación conserva sobre a comunidade xudía que nela viviu e onde temos documentación que por exemplo proba a asistencia de xudeus á vodas cristiáns (transgredindo flagrantemente a legalidade da

época), ou tamén no mesmo Ourense e mentres no resto de Sefarad os xudeus están a sufrir virulentas persecucións, o convento de Santo Estevo con-

firma que esta igrexa cede uns terreos lindeiros a ela para ampliar o cemiterio xudeu. Ou sen saír da cidade das burgas o asalto no ano 1442 da sina-



goga de Ourense e onde nunha insólita decisión a propia autoridade cristiana ameazou de excomuñón aos culpables do asalto.

Sen dúbida a reducida numericamente comunidade xudía axuda a explicar esta boa relación, mais é tamén innegábel que o antisemitismo, en grande medida imaxinario e irracional, non precisa en absoluto dun elevado número de xudeus para manifestarse. Tamén é certo que o Reino de Galicia ficaba na periferia do poder uniformador, obsesionado pola homoxeneidade relixiosa que representaba a coroa de Castela e na que o antisemitismo era unha válvula de escape habitual das tensións sociais.

Fica pendente como tantas cousas no noso país, o estudo profundo e completo da presenza da pegada xudía na conformación de Galicia. Temos historiadores de enorme capacidade que veñen facendo un traballo serio de recollida e estudo das documentacións, mais na miña opinión, de xeito descoordinado e sen a continuidade precisa para poder rematar unha difícil investigación soterrada nos séculos. Os citados xa Gloria de Antonio Rubio e José Ramón Ónega mais outros como Felipe Aira, Suso Vila ou Carlos Barros, son historiadores coa capacidade e o saber para levar adiante este inxente traballo. Falta só vontade política, vontade de saber un pouco máis de nós mesmos no pasado para saber máis de nós mesmos no noso presente e tamén do noso futuro como país, como Nación.

Por: Isabel Varela

O Forte da Lagarteira já pedia há muito uma medida e a população de Vila Praia de Âncora assim dizia.

No passado dia 7, aquele que era propriedade e gestão da Marinha Portuguesa passou a ser dirigido pela Câmara Municipal de Caminha, através de um protocolo estabelecido pelas duas entidades que vigorará durante 5 anos.

Pelo meio há acusações de falta de lealdade. Revelamos as reacções dos envolvidos: presidentes da Câmara Municipal de Caminha e da Junta de Freguesia de Vila Praia de Âncora. Mas também o PSD acusa «mais um espectáculo ao jeito de Miguel Alves».

Este protocolo agora assinado irá permitir à autarquia caminhense dar uma nova vida a este património. Segundo Miguel Alves, presidente da Câmara Municipal de Caminha, «o Forte da Lagarteira é um imóvel de referência no concelho de Caminha e, em particular, em Vila Praia de Âncora, uma freguesia com défice em matéria de locais capazes de acolher actividades culturais e tem um enorme potencial, nomeadamente para a realização de eventos.»

No referido protocolo ficou estabelecido que esta cedência seria sem custos para a autarquia. Assim, o Município assumirá a conservação, manutenção e custos de funcionamento, como água, electricidade e gás, por exemplo.

O Forte da Lagarteira, datado do século XVII, já encontrava-se encerrado há algum tempo e sem nenhum aproveitamento das suas potencialidades. Foi mandado construir por D. Pedro II (1640 – 1668/1690) na sequência das guerras da Restauração da Independência para o reforço da costa portuguesa perante a ameaça espanhola, integrando-se na linha de defesa estrategicamente colocada nas margens do rio Minho e ao longo da Costa Atlântica.

Segundo os entendidos nesta matéria, a sua planta estrelada com baluartes faz deste imóvel uma verdadeira fortaleza, tornando a designação de forte incorreta.

No entanto, outros que sugerem que este imóvel, bem como outros construídos no séc. XVII na costa portuguesa entre Vila Praia de Âncora e Esposende, reúnem as mesmas características constituindo um modelo, representando o avanço no sistema de defesa e vigia e, possivelmente, resultam da elaboração do mesmo arquitecto projetista, havendo a hipótese de se estender até ao Guadiana, integrada uma política de defesa da costa e da linha de fronteira.

A Verdade da Mentira em Vila Praia de Âncora



No interior, possui uma pequena praça de armas enquadrada por três construções com cobertura e um jardim.



Infidelidades

Ainda mal iniciou a nova vida do Forte da Lagarteira e já se gerou a polémica. Assim se pode constatar num comunicado do PSD de Caminha sob o título de «oportunismo político» e no qual se salienta que «o presidente da Câmara Municipal de Caminha apropria-se de uma diligência do Presidente da Junta de Freguesia de Vila Praia de Âncora e exclui este último do protocolo.»

Para esta força política o protocolo estabelecido entre a Marinha Portuguesa e a Câmara Municipal de Caminha na cedência do Forte da Lagarteira só foi alcançado «devido ao presidente da Junta de Freguesia Carlos Castro ter encetado inicialmente as diligências para tal.»

Na nota de imprensa do PSD de Caminha é dito que «o presidente da Câmara, vendo aqui uma oportunidade de fazer mais um espectáculo ao seu jeito, sem comunicar nem chamar o presidente da Junta para participar na concretização do protocolo, levou-o à reunião de Câmara sem avisar Carlos Castro. Estranha-

mente, em sede de reunião de Câmara, o presidente Miguel Alves não colocou o nome da Junta de Freguesia de Vila Praia de Âncora no referido num protocolo.» Para os social-democratas «pior ainda, e grave, foi o facto de trazer este protocolo para aprovação dizendo que era da sua inteira iniciativa e responsabilidade, desprezando assim o verdadeiro mentor e impulsionador deste projecto protocolar que, a ser bem explorado pode ser manifestamente interessante para Vila Praia de Âncora.»

Os vereadores 'laranjas' votaram contra porque «o presidente da Câmara não quis fazer um protocolo tripartido onde contemplasse, de forma justa, a Junta de Freguesia.»

O Minho Digital ainda tentou contrastar esta informação junto de Miguel Alves, presidente da Câmara Municipal de Caminha, mas até ao fecho da nossa edição não recebemos nenhuma resposta.

Ao Minho Digital, o presidente da Junta de Freguesia de Vila Praia de Âncora confirmou que seria sua pretensão que o dito Forte ficasse sobre a alçada do executivo que preside e assim dinamizar aquele equipamento. Com esse objectivo conseguiu uma reunião com o Almirante Cunha Lopes, para tratar da questão do Forte da Lagarteira. Carlos Castro adiantou-nos que, na altura, «sob a égide da boa fé» convidou o presidente da autarquia caminhense a estar presente.

Para este autarca (ver comunicado na íntegra em anexo) perante tal atitude sente-se «profundamente enganado.» Acrescenta, ainda, que tudo

isto se pode comprovar com os ofícios enviados numa primeira instância à Capitania do Porto de Caminha, assim como nas actas das assembleias de freguesia.

COMUNICADO DA JUNTA DE FREGUESIA DE VILA PRAIA DE ÂNCORA

Assunto: Protocolo de Concessão do Forte da Lagarteira.

Esta Junta de Freguesia vem por este meio esclarecer toda a polémica referente ao Protocolo de Concessão do Forte da Lagarteira à Câmara Municipal de Caminha, levado à aprovação na Reunião de Câmara do dia 07/10/2015. Como esta Junta de Freguesia sempre se pautou pela TRANSPARÊNCIA E HONESTIDADE nos seus atos, torna público todo o desenvolvimento deste assunto.

A Junta de Freguesia reconheceu, logo após a Tomada de Posse, que o Forte da Lagarteira é um marco histórico da nossa freguesia e um Monumento muito procurado pelos Turistas e pela população em geral para visita. Por esse motivo, encetou duas reuniões com Exmo. Senhor Capitão do Porto de Caminha para lhe dar conhecimento do seu interesse na concessão do Forte à Junta de Freguesia, para fins de visitas, eventos culturais e pedagógicos, tudo dentro da sua harmonia, destacando o seu valor Patrimonial, Arquitectónico e respeitando a sua História.

O processo sobre o interesse da Junta de Freguesia na concessão do Forte da Lagarteira pode ser consultado na secretaria da Junta pelos ofícios enviados ao Capitão do Porto de Caminha,



com as referências nº OF-2/2014 de

06/01/2014 e nº OF-231/2014 de 13/10/2014. Estes ofícios foram reencaminhados pelo Exmo. Senhor Capitão do Porto de Caminha para o Ministério da Defesa.

Tendo sido favorável a resposta do Ministério da Defesa aos nossos ofícios, fomos contactados para uma reunião dentro do Forte da Lagarteira com o Exmo. Senhor Almirante Cunha Lopes (Diretor Geral da Autoridade Marítima) e o Exmo. Senhor Comandante do Porto de Caminha.

Esta Junta de Freguesia, dentro da sua BOA FÉ, achou por bem convidar o Exmo. Senhor Presidente da Câmara Municipal de Caminha (Dr. Miguel Alves) a estar presente na reunião, pela importância da mesma, tendo este comparecido na data e hora marcada acompanhado pelo Exmo. Senhor Vice-Presidente (Eng. Guilherme Lagido).

Desta reunião, foi obtido o parecer favorável do Exmo. Senhor Almirante Cunha Lopes, tendo sido dito que não havia inconveniente na nossa pretensão desde que salvaguardados os interesses da Repartição Marítima naquele local. Estas três Entidades acordaram que, entre a Câmara Municipal e Junta de Freguesia, apresentariam um projeto para a reabilitação daquele espaço e outro para a realização de Eventos Culturais.

Tendo a Junta de Freguesia de Vila Praia de Âncora tomado conhecimento de um protocolo de Concessão do Forte da Lagarteira aprovado em reunião de Câmara e após todo o esforço, dedicação e transparência que teve no decorrer deste processo, vem esta Junta demonstrar o seu descontentamento por não fazer parte do referido protocolo, nem ter sido informada da elaboração do mesmo por parte da Câmara Municipal de Caminha e Marinha.

Apesar deste desfecho esta Junta Freguesia reconhece a importância do protocolo para Vila Praia de Âncora e sua População, congratulando-se por este importantíssimo Património vir a ser disfrutado por todos os Ancorenses e nossos visitantes.

Esta Junta de Freguesia tem por direito próprio fazer este comunicado aos Ancorenses, visto que o Forte da Lagarteira se encontra dentro da sua área geográfica. Vila Praia de Âncora, 08 de Outubro de 2015

O Presidente da Junta de Vila Praia de Âncora, Carlos Fernandes Alves de Castro

Opinión

Por: Agapito Valado

Xavier Simón: 24 anos de vocación política franciscana o servizo dos veciños de Arbo



■ Xavier Simón

O pasado 28 de setembro Xavier Simón renunciaba a acta de concelleiro de Arbo, deixando o seu posto tamén como líder da oposición. Unha gran perda para a política local e a loita polos intereses dos mais humildes veciños do concello, pois Xavier Simón viviu politicamente cun obxectivo primordial: o franciscanismo político, a axuda desinteresada a favor dos máis humildes, dos máis necesitados, antepoñendo sobre todo o ben común. Magoa que en moitas ocasións non fora comprendido. Tal vez a súa humildade, modestia, sinceridade e honradez, ademais de abrir a casa do concello os seus lexítimos propietarios e sentirse un mais entre eles, un servidore do pobo, sin privilexios nin atributos de poder, non foi considerado por algúns -escravos do servilismo- digno dun alcalde. Renunciou a presentarse a postos mais elevados para os que foi chamado, pola súa vocación de servizo público os seus veciños; preferiu a política de cercanía rexeitando despachos onde non se estivera en contacto coas persoas.

Xavier Simón traballou os anos que estivo de concelleiro na oposición e os tres que rexentou a alcaldía, sin mirar por enriba do ombreiro a ninguén,

poñéndose sempre a altura e as circunstancias da veciñanza, cunha vocación de servizo ós demais, cun compromiso e cun respecto por todos sen excepcións, non distinguindo condición social; él que na vida profesional tan altas cotas ten acadado.

Cando digo franciscanismo político, digo caridade, digo tolerancia, digo irmandade, digo loita contra a inxustiza, digo sufrir nas propias carnes o imperativo dos poderosos, moitos deles anclados e resentidos por tempos pre-democráticos... digo tantas cousas dun home que soupo ser politicamente libre, comprometendose coa liberdade dos demais, sen exclusións.

Pero tamén fixo política de alto nivel, de moi alto nivel, conseguindo un feito que aínda que non é tanxible -non é asfalto, nin formigón, nin alumeadado público a cambio de votos- si ten unha importancia máxima: sacar o embargo económico que lastraba o concello. Cando él chegou a alcaldía no ano 2011, o Concello de Arbo vivía sumido nunha profunda crise económica, devedas moi importantes a provedores e a suministradores, coma o caso de Fenosa, que facían temer unha intervención do Estado. Cunha política de axustes e negociacións, conseguiu reflotar a eco-

nomía de Arbo e sacar o concello da lista negra. Magoa que os resultados da recuperación económica que él e o seu equipo de goberno puxeron en marcha deron os seus froitos despois daquela moción de censura incomprensible, auspiciada en sabe Deus que intereses, que o puxo fora da alcaldía cando o Concello estaba en disposición de comezar unha andaina nova, ilusionante e de futuro.

E aínda así, despois de expulsado da alcaldía nesa moción de censura -como dixen- inxustificada e que deixou a incógnita entre a veciñanza de con que contrapartidas se levou a cabo, seguiu militando no franciscanismo, traballando polos demais. Lembro, como anécdota, unha tarde, mentras conversábase nos tomando uns refrescos, nun bar de Barcela, que él saía cada pouco a rúa e conversaba con diferentes persoas. Ante estas repentinas saídas confesoume que estaba mediando entre dous veciños que se tiñan denunciado mutuamente para que desistisen deste feito pois ía traerlles gastos e consecuencias para o futuro imprevistas. Isto acabou de demostrarme a grandeza humana de Xavier Simón.

Moitas grazas, Xavier, pola túa adicación e compromiso, polo teu sacrificio e traballo desinteresado. A túa retirada da primeira liña política non pode nin debe ser un afastamento total, debes estar aí como un referente e un mestre para as novas xeracións que están a pedir paso na vida política e social do noso Concello e que no futuro levarán as rendas téndote presente como referente. O teu exemplo e liderazgo vailles servir para loitar polos principios que ti loitaches, loitas e vas seguir loitando. Arbo sigue necesitándote.

Na historia do noso concello o teu paso pola Casa Consistorial quedará marcado con letras de gloria. Non pode ser doutro xeito.

Por: Anxo Mena

A reconversión do sector científico

O sector científico está a vivir un desmantelamento profundo neste momento, e vén ocorrendo dende hai xa ben tempo. Este desmantelamento ten consecuencias persoais de fondo calado que se traducen nunha situación de difícil manexo para as persoas involucra-

rais normais sexan tam pouco un referente.

Sen entrar a valorar a dificultade, nin obxectiva nin subxectivamente, desa reconversión do persoal que ten que abandonar un oficio no que se vén especializando e realizando durante un longo tempo e no que chegou a acadar unha efi-

outro lado, pese a ser un proceso este que ao ano involucra a un grande número de persoas, moitas máis neste tempo no que este proceso está potenciado por un sistema moi deficitario en investimento no I+D+i. Obviamente, canto máis preto estea o campo de aplicación dos requirimen-



das que se poden ver guiadas ao abandono da súa actividade científica.

Unha vez que na balanza da ponderación persoal e profesional sae como resultado a decisión de marchar, de saír da ciencia, de saír do terreo da investigación, ben sexa por non querer marchar fóra ou ben por estar farto do sistema de investigación do país ou da propia investigación, un atópase cun proceso de reconversión profesional. Este proceso de reconversión é moi similar á reconversión doutros sectores profesionais do país, e non menos polémico, aínda que quizais si máis anónimo e máis oculto para a sociedade. Unha das razóns deste anonimato, é sen dúbida a marxinalidade da investigación como sector. Ademais, as persoas que potencialmente están máis abocadas a sufrir esta reconversión, ou mesmo que xa a sofren, son persoas que ben seguro levan anos sometidas a unha precariedade laboral difícil de coñecer se non hai un vencello directo co ámbito científico. A marxinalidade, a precariedade, a temporalidade e o tipo de traballo fan que a investigación levada a cabo por postos de traballo non consolidados non se manifeste ou se poida comparar cunha situación laboral normal, sen que estas situacións labo-

ciencia e un desenvolvemento completo, cabería marcar unha liña divisoria entre dous tipos de orixe profesional no tecido investigador. A primeira orixe sería ese tipo de investigación máis tecnolóxica ou simplemente cunha maior aplicabilidade dende o punto de vista do que a sociedade demanda, e a segunda orixe sería a ciencia ou a investigación básica, baseada na mellora e no avance do coñecemento en si mesmo. Xa a propia división e a denominación de cada tipo fálanos da maior ou menor dificultade na reconversión das persoas involucradas en cada un dos casos, ou das posibilidades de inserción no mundo profesional fóra da investigación. Con maior ou menor dificultade na reconversión, ambas orixes posúen un punto en común á hora de mudar de actividade profesional, xa que se proceda de onde se proceda ou sexa o que for o campo de aplicación, non hai nin trazas dun plan ou camiño de reconversión artellado dende as institucións nin ningún

tos da sociedade, máis doado é atopar unha actividade nova á que adscribirse, pero o problema é que estes campos non son moitos nin moi comúns na investigación, e ademais téndese a considerar que nada que non se poida aplicar a curto ou medio prazo ten un valor social, cando, fóra do que significa por si mesmo o avance no coñecemento, de importancia capital, moitos dos avances científicos ou das aplicacións tecnolóxicas das que agora gozamos teñen a súa orixe en investigacións nas que os resultados ou a aplicabilidade a medio-longo prazo non se podían nin imaxinar.

Pedir un plan para a reconversión do persoal excluído do sistema de investigación non ten sentido nestes momentos nos que non hai traballo en xeral de ningún tipo, pero si que sería importante dar algunha solución ou amparar dalgún xeito este tipo de situacións. Un primeiro paso podería ser que estas situacións se recoñecesen dende a sociedade, poñer de manifesto que hai xente que, tras investigar no país, marchar fóra e obter recoñecemento, volveu con algún tipo de axuda de máis ou menos prestixio, e tras rematarse esta, vese sen máis amparo que a indiferenza social e un futuro no país moi complicado na investigación ou fóra dela.



Por: Inma Otero Varela

Aprender a vivir a (na) poesía

VV.AA. *Poesía hexágono. Ollada e experiencia.*
Proposta e resposta nas aulas (Apiario, 2015).

Mentres escribo estas liñas entérome de que Gonzalo Hermo vén de recibir por Celebración o Premio Nacional de Poesía Joven Miguel Hernández que concede o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á obra máis relevante de todas as linguas oficiais do estado. Gonzalo Hermo é o autor que inaugura as publicacións da editorial Apiario, dirixida polas poetas Dores Tembrás e Antía Otero, que tamén saca á luz *Poesía hexágono*. Podería parecer casualidade mais seguramente non o é. O autor de *Celebración* manifestou nalgunha entrevista que, á falta do coidado na edición de obras líricas por mor da crise, o esmero que Apiario pon no obxecto libro xunta a aposta pola calidade dos textos supón un aliciente difícil de rexeitar para un escritor. Esta mesma dilixencia e o desexo de alentar a creación impulsa o volume que nos ocupa.

Agustín Fernández Paz, se cadra máis como docente e como narrador, prologa o libro que reúne as propostas de Yolanda Castaño, Estibaliz Espinosa, Celso Fernández Sanmartín, Carlos Negro, Antía Otero e Dores Tembrás para levar a poesía ás aulas. Moitas das suxestións están inspiradas en talleres que os autores levaron a cabo coa rapazada. Á xenerosidade por partillar a súa experiencia súmase a frescura e falta de prexuízos que dá o feito de non seren docentes, sacando o caso estimulante de Carlos Negro, profesor de secundaria para alén de creador. A dependencia dos programas curriculares marca as directrices, sumamente historicistas e teóricas, que se seguen nas clases de Lingua e Literatura. Descrición das características dos xéneros, de recursos estilísticos, listaxes de

etapas e autores afogan os tempos escolares e des- terran o fomento da creatividade. A LOMCE limita aínda máis a liberdade do profesorado que se ve constrinxido a transmitir uns contidos dos que o alumnado debe render contas desde ben cedo. O resultado desta praxe escolar pasa polo aborrecemento

da poesía ou, cando menos, polo medo cara un xénero que os estudantes consideran difícil e pouco interesante. A percepción muda de vez cando o achegamento á lírica se produce de xeito lúdico, mesmo na lectura, e cando os mozos se conver- ten nos actores dos textos. Son varios os méritos do libro. Por unha banda, constitúe un receita- rio que pode saciar a fame de moitos docen- tes. Seguro que os rapaces agrade- cen o cambio de menú. Por outra, ten o valor pedagóxico de desmiti- ficar a lírica e amosar que moitas experiencias cotiás se constrúen cos materiais cos que se fai a poesía. Só

hai que abrir os ollos. O grafiti e os seus vínculos cos movementos de Acción Poética, a videocreación na que os rapaces van moi por diante nosa, as constelacións, haikus, a incorporación de campos léxicos técnicos ou da ciencia, as propostas de remuíños de ideas arredor dun concepto ou as performance dinami- zadoras por parte dos mestres compoñen algun- has das fórmulas para activar os experimentos poéticos. Os exemplos prácticos van acompañados de bibliografía abunda e de información na rede dou- tras iniciativas similares.

Obras como estas garanten que a poesía siga a ser un dos nosos activos culturais máis representativos que, ben seguro, seguirá a colleitar máis premios dentro e fóra das nosas fronteiras.



Hélia Correia: Prémio Camões 2015

Do 1 ao 31 de outubro, na Biblioteca Municipal José Régio e organizado pola Cámara Municipal de Vila do Conde, pode-se visitar a exposición dedicada a Hélia Correia, premio Camões 2015.

A escritora foi, por unanimidade,



distinguida com o maior galardão de Literatura em língua portuguesa, sucedendo assim ao poeta e historiador brasileiro Alberto da Costa e Silva. "Não quero parecer arrogante nem mal-agradecida", dizia para o DN, comentando o galardão que, garante, "tem muito relevo" na sua vida. Contudo, continuava: "Sinto-me quase uma usurpadora de nomes que considero muito mais sérios, capazes de fazer escola".

Atribuído pela primeira vez em 1989, e estreando-se com a distinção do escritor Miguel Torga, o Prémio Camões resulta de um protocolo assinado entre o Estado português e brasileiro em 1988 para distinguir um autor de língua portuguesa que, "pelo valor intrínseco da sua obra, tenha contribuído para o enriquecimento do património lite-

rário e cultural da língua comum". Tem o valor de cem mil euros.

Torga encabeça uma lista que, ao longo de 27 anos, viria a incluir os portugueses Virgílio Ferreira (1992), José Saramago (1995), Sophia de Mello Breyner (1999), António Lobo Antunes (2007) ou Manuel António Pina (2011), os brasileiros Jorge Amado (1994) e, entre outros, João Ubaldo Ribeiro (2008), o angolano Pepetela (1997) e o moçambicano Mia Couto (2013). Escritora portuguesa contemporânea (1949). Apesar do seu gosto pela poesia, é como ficcionista que é reconhecida como uma das revelações da novelística portuguesa da geração de 1980, embora os seus contos, novelas ou romances estejam sempre impregnados do discurso poético.

Por: Laura de Cáceres Iglesias

Morriña

Escribo paseniño
 as letras do teu nome
 e remato cun til
 para acentuar que tí es
 a persoa máis bonita
 que vive no meu mundo.
 Debúxote.

Repaso trazo a trazo
 a forma dos teus beizos,
 intento arremedar
 cada unha das palabras
 coas que bailas cando falas,
 e cando me achego a elas
 Rosalía as acocha:
 un ollo aberto,
 o outro soñando.
 Tí dormes.

Podo verte camiñando
 ás palpadas, entre cores.
 Pelexando con pantasmas;
 dedicándolle cancións á lúa.
 Mentres tanto,
 xa non chove.

Óense berros lonxanos
 e asubian as árbores
 outro día máis,
 durante quen sabe cantas horas,
 nun intento de lembrarme a
 casa
 onde ti xa non me esperas.

Oxalá chorara o ceo
 pois as miñas bágoas
 non fan florecer campos,
 non che fan florecer a ti.
 Tan só núbranme as ideas
 que o vento
 xa non desguedella,
 esas que aínda
 agárdante aquí.

*Poema Premiado no concurso
 convocado pola Fundación Rosa-
 lia de Castro.*

Ledicia Costas gaña o Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil

A novela *Escarlatina, a cociñeira defunta* (Xerais), de Ledicia Costas (Vigo, 1979), obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil na súa edición 2015. Trátase, segundo o xurado, "dunha obra extraordinaria, humorística e rompedora no contexto da literatura infantil e xuvenil actual que destaca tamén pola súa fácil lectura, polo seu humor escalofriante, e pola habilidade para desmitificar o mundo da morte". Tan emocionada como sorprendida. Chorou e riu ao mesmo tempo e "xa non só porque me elixiran senón porque se decidiran por un libro nun halingua 'minorizada'. É

unha dobre alegría", sinalou a autora Costas a Efe nada máis coñecer o veredicto.

Ledicia Costas debutou na novela con *Unha estrela no vento*

(1999); á que seguiron *O corazón de Xúpiter* (2012, Premio Neira Vilas), *Recinto Gris* (2014) e *Escarlatina, a cociñeira defunta* (2014) que mereceu o Premio Merlín de Literatura Infantil, o Premio Ferenzas Literarias, o Premio Xosé Neira Vilas da Asociación Galega de Editores, e xa

foi incluído na Lista de Honor do IBBY (International Board on Books for Young People) para 2016.



Opinión

Por: Manso Preto

O Tribunal da Comarca de Lisboa deferiu na pasada 3ªfeira uma providência cautelar interposta pelos advogados do ex-Primeiro Ministro Sócrates para impedir que qualquer publicação do grupo de comunicación Cofina publique qualquer noticia relacionada com a 'Operação Marquês' em que José Sócrates é o mais mediático dos arguidos. Pretende a juíza que dois dos jornalistas que, legalmente, se constituíram assistentes não possam publicar algo. Não tendo eu formação de direito adequada à situação, deixarei tal matéria de lado, pese embora já ter ouvido discussões divergentes. Agora o que não se compreende é que esta medida, este silêncio, também seja exigido a qualquer outro jornalista do grupo empresarial sob pena de incorrer em crime de desobediência ... Curiosamente, na quase generalidade da comunicação social, este

despacho judicial e suas repercussões em termos de liberdade de imprensa, foi tratado ao de leve. Medo? Mordaça? Encolher de ombros perante a re-



Os novos coronéis do 'lápiz azul' de um regime moribundo

alidade e receio de retaliações? O que aconteceria se em vez de Sócrates fosse o banqueiro Ricardo Salgado? Será que, também aí, os partidos e políticos 'de referência' ou 'de moda' se mantinha calados?

O texto e o pretexto para a censura diferem, mas o princípio e o resultado nem por isso!...

Em 1936, o Estado Novo fazia-o com força de lei: em 14 de Maio, o Diário do Governo publicava o decreto-lei 26589 que proibia as Instituições do Estado de publicar editais e anúncios **"em jornais cuja ideologia é oposta à do Estado e que incansavelmente trabalham por destruir os princípios fundamentais da Constituição Política"**. Por outro lado, os jornalistas eram controlados nos seus textos que acabam cortados parcialmente e por vezes excluídos às ordens dos censores espalhados estrategicamente por todo o país. Salazar institucionalizara a "censura" que era vigiada pelo SNI e já posteriormente, Marcello Caetano dar-lhe-ia o nome de "exame

prévio". Posteriormente, no PREC pós 25 de Abril, o Diário de Notícias de José Saramago e o República de Raul Rego, conheciam novos censores e assistiu-se a uma 'purga' de saneamentos.

E qual é o panorama nesta "Democracia" dos dias de hoje?

Não é possível dizer que a censura e a auto-censura foram para sempre banidas da vida dos jornais portugueses. Tentou-se, inclusive, comprar uma televisão e, não o conseguindo, depressa se desfizeram de quem não lhes servia os propósitos. Até num patamar inferior a tentação manipuladora é latente. Basta pensar numa qualquer Câmara Municipal retirar toda a publicidade de um jornal - e o caso é mais escandaloso por mais habitual na imprensa regional - ou injectar publicidade encoberta (paga pelos municípios) com o objectivo de meter as notícias criteriosamente elaboradas pelos seus gabinetes de imprensa. E ainda, noutras situações, exigir o afastamento de colunistas ou jornalistas como moeda de troca desse "pacote" de compra de

consciências àqueles que não merecem a carteira profissional e esquecem os deveres deontológicos que assinaram e prometeram cumprir. Tudo sob a vergonhosa velha máxima de 'quem não está comigo, é contra mim'. Um censor dos que inicialmente falámos assemelha-se a um 'menino de coro' destes novos arautos da liberdade de um sistema político desacreditado, moribundo. De facto, é uma forma infame do Poder "sanear" aqueles a quem chamam de "polémicos" e "conflituosos" pela sua frontalidade, rigor, objectividade e independência.

O Poder, mesmo que os seus agentes sejam transitórios, protege-se, blinda-se e blinda. Propagandeia "a vitalidade e enriquecimento da divergência de opiniões" com o mesmo entusiasmo e necessidade com que tenta 'barricar' todo aquele que o questiona. Monta o cerco e faz a cama a quem o perturba, a quem o põe em causa e desafia mesmo quando estamos perante o interesse público e o direito/dever dos jornalistas informarem e serem informados. A Censura persiste, em meu entender hoje mais hipócrita, sob o manto da alegada liberdade de expressão e informação. É a nova Censura: económica, política, jurídica. Decididamente ... um nojo!

Por: Carlos Méixome

Un bo amigo leva anos botando números. Nun cativo caderno argallou un calendario, como o dos presos, cos días e meses que lle faltan para xubilarse. Sabe ata o último céntimo do que vai cobrar para poder largarse. Desbotou a amada florentina (a cidade, non a muller) e decatouse que camiñar por Bellvedere, atravesar o Arno pola Ponte Vecchio e pousar nun café da Piazza della Signoria, era un exceso orzamentario que non se podía permitir coa súa pensión de profesor. Virou os ollos cara o leste. Cando novo quedara medio birollo de tanto mirar para Moscova. Foille doado. Agora anda, ou mellor andaba, en debates existenciais sobre en que cidade das terras chás da ribeira do Po, unha vez atravesados os Apeninos, asentarse. Se facelo en Modena polo pracer de ollar Lamborghinis, Ferraris e Maseratti ou decidirse por Parma polo gusto do parmigiano e o xamón e a devoción por Sthendal.

Nacionalista dende mocinho é dos que se irrita ao escoitar a outros nacionalistas dicir "é o país que temos"; daquela exaltado chega a ser faltón e cualificar ao que tal di, moitas veces amigo, de pailán e prosma para rematar afirmando "é a xente que temos, deixa o país en paz que non che fixo ningún mal..." A última vez que estiven con el andaba riseiro,



A tomar lambrusco

mesmo falangeiro... Ao saír da Quintana demos un atropelado paseo entre saúdos, apertas, chiscadelas e sorrisos

naquela riada de xente que alí se xuntou. Despois fomos xantar. Recuperara o ánimo e mesmo unha certa confianza



na xente. Ao mellor é certo isto de que a "cidadanía" se impoña aos aparatos, mesmo pode haber vontade de xuntar forzas, persoas, de recompoñer o espazo nacionalista, de que este recupere a hexemonía nunha esquerda plural e diversa, de facer afociñar o bipartidismo, de desbrozar o camiño para a Xunta, de rematar co fratricidio, de actualizar o discurso, de dignificar a lingua, de inverter o camiño do lento devalar cara o abismo, de que non teñan que ser os anuncios do Gadis os encargados de levantarnos a paletilla..., todas estas reflexións brotaban dos seus beizos cun sorriso permanente.

Mesmo durante dous meses esqueceu o de cruzar os días do seu particular calendario. Andou por reunións, acudiu a asembleas duns e doutros, falou con estes e con aqueles, chamou a amigos e amigas cos que non era doado coincidir, asinou manifestos, chamados, escritos..., enviou correos, doulle ao chirimboliño do facebook para que a xente soubese que lle gustaba e que compartía as novas de ilusión...

Hai quince días recibín a súa última chamada. Díxome: estou en Módena; pedín a excedencia e vou resistir os meses que me quedan para a xubilación co que teño aforrado. Penso dedicar a vida a pasear e tomar lambrusco, vos ide tomar polo... Non rematou a frase, colgou antes. Pouco despois recibín un correo coa foto dun Ferrari aparcado diante do Duomo. É certo!! autoexiliouse en Modena, dixen con certa incredulidade.

VIGO

Conxemar bate marcas coa asistencia de 27.000 profesionais e un 3% máis de visitantes



A XVII edición da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados reuniu no Recinto Feiral de Vigo a 520 expositores de 40 países consolidándose como un escaparate de ámbito mundial. O encontro contou coa presenza de máis de 27.000 profesionais, algo que para a organización confirma o seu liderado como referente no sur de Europa

Tres días de actividade empresarial co maior número de expositores da historia do evento, congregados en 33.000 metros cadrados no Ifevi que quedaron pequenos e obrigaron a algunhas empresas a quedar fóra da feira. Unha feira que serve para establecer ou retomar relacións empresariais entre provedores e asociados para o presente e o futuro e que contou coa participación dos principais países produtores e consumidores de produtos pesqueiros e coa asistencia das comunidades autónomas do País Vasco, Asturias e Canarias, amais de Galicia. Conxemar 2015 superou a cifra de visitantes de 2014 chegando ata os 27.005 profesionais, o que supón un 3% máis. Segundo a organización, os asistentes procedían de 105 países de todo o mundo, 11 máis ca na pasada edición, nos que medrou a representación internacional e nos que destacou a presenza de Portugal, Italia, Francia, Holanda e o Reino Unido. Houbo países que regresaban á feira como Canadá e outros que se estreaban como Indonesia, Turquía e Corea do Sur. Entre os expositores presentes estiveron a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos, o Consello Regulador do Mexilón de Galicia, a Organización de Palangreiros da Guarda ou a Asociación de Produtores de Cultivos Mariños de España.

Trala clausura do encontro, dende o sector salientan o potencial da pesca galega e da súa industria asociada; un sector estratéxico na industria do futuro e, ademais, enraizado na historia de Galicia e da cidadanía galega. As arredor de 17 empresas galegas que asistiron a Conxemar xeran máis de 17.000 empregos en todo o mundo e facturan, en conxunto, máis de 2.500 millóns de euros ó ano, un 4,5% do Produto Interior Bruto de Galicia. Segundo afirmou o encontro o Conselleiro de Industria, Francisco Conde, o sector dos peixes e mariscos conxelados de Galicia incrementou un 9% as súas vendas no exterior durante o ano 2014. A feira consolida a Vigo como cidade de referencia no ámbito pesqueiro, xa que tamén foi a sede do Congreso co que a FAO conmemora o XX Aniversario do Código de Conduta para a Pesca Responsable, impulsado polas Nacións Unidas para promover o respecto ó medio ambiente, e acolleu o Primeiro Foro Internacional de Stakeholders, os axentes do sector. Ademais, de xeito paralelo, houbo encontros de distintas temáticas como o organizado pola FAO sobre o papel da muller no sector pesqueiro, unha sesión de etiquetaxe ecolóxica ou a conmemoración do décimo aniversario da instalación en Vigo da Axencia Europea de Control da Pesca.

Por: Rocío Pereira

Continúa o diálogo entre os concellos para o impulso da Área Metropolitana de Vigo

Tres alcaldesas e dezaseis alcaldes mantiveron un encontro o 22 de outubro para tratar de avanzar no proceso de aprobación da Área Metropolitana de Vigo, nunha convocatoria feita polo alcalde da cidade, Abel Caballero. Malia que no se acadou un consenso sobre a fórmula de xestionar o ente supramunicipal, os rexedores si coincidiron na necesidade de impulsar a institución territorial e, en xeral, consideraron positiva esta toma de contacto. Unha das prioridades da maioría dos asistentes foi o transporte metropolitano xa que consideran que será un avance para os seus concellos. O financiamento foi outro dos asuntos que se puxo sobre a mesa, ó preocupar a rexedores como Arturo Grandal de Salvaterra de Miño, quen pediu un estudo económico sobre o custo que terá a participación no ente. Hai catorce concellos que conforman a actual Área e outros cinco interesados en entrar a formar parte dela para conformar unha grande área no sur de Galicia: To-

miño, Tui, A Guarda, Mondariz e Vilaboa. Son municipios gobernados por distintas cores políticas: PSOE, PP, BNG, ACE-Son e Independentes que diverxen no modelo de goberno, especialmente, no peso de cada municipio na xunta que dirixirá a Área. Vigo propón un sistema de votación ponderado en función da poboación con factores de corrección, mentres a lei actual establece a máxima dun voto por alcalde, independentemente do peso poboacional, igualando aos municipios. É o principal punto de desencontro, aceptado por algúns rexedores, namentres outros piden que se estude a fondo para garantir o equilibrio na toma de decisións co máximo consenso.

A Área Metropolitana de Vigo está pendente, agora, de que a Xunta de Galicia presente o novo borrador de reforma da Lei que regulará o seu funcionamento e que deberá pasar pola tramitación parlamentaria o vindeiro ano 2016.

Por: Cristina Rodríguez



Galicia

Redacción de A CORUÑA

O concello de A Coruña ingresará máis de 855.600€ polo servizo da ORA

O Tribunal Administrativo desestima o recurso presentado contra a adxudicación da concesión da ORA a Setex Aparki SA e levanta a suspensión da concesión.



A Concellería de Facenda e Administración vén de citar á empresa SetexAparki SA para asinar o contrato de xestión da ORA, cuxa prestación do servizo comezará o vindeiro venres, día 16 de outubro. A previsión de ingresos para o 2016 en base a esta concesión suporá un ingreso de 855.600 euros para as arcas municipais. A formalización do contrato prodúcese despois que o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais desestime o recurso presentado pola UTE Valoriza Servicios Medioambientales SA e Sogesel Desarrollo y gestión SL contra a adxudicación do servizo municipal da ORA á empresa SetexAparki SA o pasado 31 de xullo por parte da Xunta de Goberno Local. A sentenza, que desbota os argumentos da recorrente contra a decisión municipal, conclúe que non existen razón para excluír á empresa adxudicataria da concesión e levanta tamén a medida cautelar de suspensión da licitación que viña derivada do procedemento administrativo.

“O órgano de contratación adxudicou o contrato á oferta economicamente máis vantaxosa respectando os principios de igualdade, concorrência e non discriminación e conforme ao procedemento legalmente establecido”, determina o tribunal, que concreta que a oferta presentada pola empresa que resultou adxudicataria da concesión “reúne todos os requisitos sinalados nos pregos e non foi considerada temeraria en comparanza coas ofertas presentadas polo resto dos licitadores”. “Resultaría contraria a dereito unha resolución pola que se excluíse á empresa do procedemento de contratación”, resolve o tribunal especializado en materia de contratación. Contra a resolución ditada este luns, 5 de outubro, polo Tribunal Central de Recursos Contractuais non cabe recurso na vía administrativa, aínda que si ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para o que a recorrente ten un prazo de dous meses.

Mobilidade sostible nos centros escolares da Coruña

O colexio Wenceslao Fernández Flórez inicia un proxecto pioneiro na cidade para que as nenas e nenos aprendan a moverse con seguridade polas rúas e fomentar o uso da bicicleta

A concellería de Mobilidade Sostible, a través da Coordinadora de Educación Viaria do Concello da Coruña, vén de poñer en marcha un proxecto pioneiro nos centros escolares da cidade co obxectivo de mellorar a calidade de vida da comunidade educativa a través das normas básicas de seguridade viaria e o uso da bicicleta. O programa, que se inicia no colexio Wenceslao Fernández Flórez, busca que o alumnado transfira os coñecementos de prevención e seguridade que aprende no centro a súa conduta diaria. Desde os tres anos, as nenas e nenos aprenden a recoñecer os sinais de tráfico, sentidos de

circulación ou límites de velocidade a través dos circuitos deseñados no interior do centro escolar, axudándolles a moverse con seguridade fóra das aulas tanto a pé como na bicicleta, coa finalidade de aumentar a súa calidade de vida e reducir a sinistralidade.

A iniciativa, que partiu do profesorado dun colexio de Narón e estableceuse con éxito nesta escola, dará paso a unha serie actividades formativas que terán lugar nos vindeiros meses coas que a Coordinadora de Seguridade Viaria buscará implicar a toda a comunidade escolar e ás súas familias.



Xulio Ferreiro visita a fábrica Estrella Galicia

O alcalde da Coruña insistiu no interese do Concello pola industria local e a creación de postos de traballo e “impulsará” proxectos nese sentido coa cervexeira, cuxo traballo louvou tras a xuntanza con Ignacio Rivera



O alcalde, Xulio Ferreiro, visitou este mércores a fábrica de Estrella Galicia no polígono de Agrela, onde foi recibido por Ignacio Rivera, conselleiro delegado de Hijos de Rivera, así como por Antonio Castelo, Director Xeral, e Ignacio Viejo, Director de Relacións Institucionais.

Despois de pasear polas instalacións, Ferreiro cualificou de

“grande empresa da cidade” á cervexeira e quixo reafirmar o apoio do seu goberno “á industria local e á creación de postos de traballo, cuestión esta última que significa unha prioridade absoluta para nós e un obxectivo no que traballaremos man a man con todas aquelas institucións e compañías que estean na mesma liña, como pode ser a que hoxe visitamos”.

Nun encontro que cualificou de “frutífero e con moi bo entendemento”, o alcalde asegurou: “desde o Concello da Coruña apostamos por manter unha fluída colaboración con Hijos de Rivera, existindo disposición por ambas partes para impulsar e axilizar proxectos que supoñan riqueza para a cidade así como por explorar a posibilidade de ampliar os posibles campos de traballo en común”.

Xulio Ferreiro visitou o Parlamento Europeo

“O Concello da Coruña tece alianzas para que a voz da cidade estea presente no Parlamento Europeo, xa que moitas cuestións importantes para o municipio chegan até Bruxelas”, explicou o alcalde.

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro en Bruxelas con representantes de Alternativa Galega de Esquerdas en



■ Xulio Ferreiro con Lidia Senra.

Europa (AGeE), EQUO e Podemos para tratar temas de interese para a cidade e que se debaten en Bruxelas. Temas sobre enerxía, medio ambiente ou economía, como é o caso da situación da planta da Alcoa ou da rexeneración da Ría do Burgo. En concreto, o rexedor mantivo en-

contros, “moi frutíferos e cordiais”, coa eurodeputada de AGeE Lidia Senra; o membro de EQUO no Parlamento Europeo,

Florent Marcellesi; o secretario de Relacións Internacionais de Podemos, Pablo Bustinduy, e Tania González, parlamentaria europea da mesma formación. Ferreiro foi a Bruxelas para participar na reunión do Pacto Europeo dos Alcaldes e as Alcaldesas por unha Enerxía Sos-

tible e contra o Cambio Climático, pero aproveitou a visita para dialogar con diferentes parlamentarias e representantes políticos temas “cruciais para a cidade que se debaten en Bruxelas. “O Concello tece alianzas para que a voz da nosa cidade estea presente tamén no Parlamento Europeo. Moitas das cuestións importantes do municipio tamén alcanzan a Bruxelas, e por iso precisamos ter fío directo”, apuntou Ferreiro, que destacou a “especial produtividade” da xuntanza que mantivo coa deputada galega en Bruxelas Lidia Senra.



■ Xulio Ferreiro con Florent Marcellesi.

Ferreiro tamén abordou outros temas relacionados coa enerxía e a pesca, ademais de valorar asuntos tales como a débeda

da Autoridade Portuaria ou a procura da rendabilidade do Porto Exterior de Punta Langosteira.



■ Xulio Ferreiro con Pablo Bustinduy e Tania González.

Aprobada a modificación de crédito para pagar facturas do goberno anterior

O Pleno extraordinario do Concello da Coruña aprobou cos votos do grupo de Goberno e o PSOE, a abstención do BNG e a negativa do PP, un modificativo de crédito de máis de 4,2 millóns de euros, para pagar as facturas impagadas da xestión do anterior Executivo popular.

Este reaxuste orzamentario, unido ás medidas de contención e redución de gasto, así como a de supresión de postos directivos, baixada de retribucións dos cargos electos e do persoal eventual, contribúe a paliar, polo menos parcialmente, os graves problemas económicos nos que o anterior Goberno deixou ao Concello da Coruña.

O Executivo municipal poderá afrontar as necesidades económicas e sociais da cidadanía da Coruña; prioridade deste Goberno; non só para pagar os 2,5 millóns

das facturas impagadas do anterior Executivo, que non tiñan reservas; tamén para destinar partidas para diversos programas de emerxencia e axudas sociais, de dinamización comercial ou de equipamentos para centros escolares públicos, entre outras cuestións.

Xulio Ferreiro manifestou “este modificativo é froito da pésima xestión do anterior Goberno. Traemos esta proposta ao Pleno para afrontar as facturas pendentes do PP, para atender a necesidades sociais e, á vez, para rebaixar o PMP (Período Medio de Pago a Proveedores) do Concello”, elevado tamén a causa dos impagos pendentes da anterior etapa municipal.

Por outro lado, quixo dirixirse ao funcionariado municipal para indicarlles que “non dubiden que son unha das preocupacións esenciais deste Goberno” e que entre o final

de 2015 e o principio de 2016 recibirán o 26,2% da paga extra devengada en 2012, retirada ese ano polo Executivo central dirixido por Mariano Rajoy. O primeiro edil da Coruña fixo fincapé no “cinismo” que, ao seu xuízo, representa o feito de que “o PP queira erixirse agora en defensor do funcionariado”. “Non lles interesa que se obstaculice a opción do Goberno municipal, non lles interesan os cidadáns, só están centrados nas eleccións xerais e en intentar que Rajoy, ou quen queira que se presente en último momento, se manteña na presidencia”.

Tribunal Económico Administrativo Municipal

Pleno extraordinario deu luz verde ao nomeamento dos vogais que integrarán o Tribunal Económico Administrativo Municipal (TEAM), co único voto en contra do BNG.

En concreto, José Antonio Gómez García, a proposta do PP, e Isidro Frías a petición do PSOE. O tribunal seguirá a estar presidido por Fernando Seoane Prado.

A concelleira de Facenda e Administración, Eugenia Vieito, recordou a necesidade de aprobar a composición do tribunal económico-administrativo debido “a que o

seu informe é obrigatorio para tramitar as novas ordenanzas fiscais”. A este respecto, Ferreiro recordou que o grupo de Goberno apoiou o nomeamento dos vogais “por responsabilidade”, se ben, “non comparte esta fórmula, que non debe ser a de repartirse os cargos entre grupos, feito polo que nós non designamos a ninguén”.



Galicia

“Este goberno quiere garantir os coruñeses/as unha vida digna”, Xulio Ferreiro, alcalde da Coruña

Acadamos un compromiso de todas as entidades financeiras para non executar despexos en vivendas habituais na Coruña.

O dereito a decidir abre ámbitos de soberanía que redundan no benestar da xente.

Redacción de A CORUÑA

Xulio Ferreiro, coruñés de 41 anos, É Profesor Titular de Dereito Procesual da Universidade da Coruña (UDC) e foi maxistrado suplente da Audiencia de Lugo até que demitiu para se presentar ás eleccións do último maio. É venres á tarde e o Pazo de María Pita amósase recollido, doado para a conversa.

Algo máis de catro meses e medio dende a túa chegada á Alcaldía. Que balance xeral podemos facer deste período?

■ Foron semanas moi intensas. Compre ter en conta que este concello é unha maquinaria cunha dimensión respectábel. Tamén hai que considerar a nosa falla de experiencia de xestión nas Administracións Públicas, quitando evidentemente a Universidade, pero noutra dimensión, evidentemente.

Todos tivemos que nos afacer á nova situación. Non só o Goberno local, senón as forzas da oposición. Precisamos este período de adaptación. E agora xa se nota este axuste, comezan xa saír adiante proxectos a prol da xente, comezan os resultados.

Vides de lle mudar o nome á antiga Praza de Millán Astray, hoxendía xa “Praza das Atochas”, O acto público nesta praza foi moi concorrido, con moita presenza de sectores cidadáns esquecidos por gobernos anteriores...

■ O cumprimento da Lei de Memoria Histórica é un compromiso electoral, que o Goberno da Marea Atlántica pretende levar adiante, O que ocorre é que priorizamos dalgún xeito algunhas cuestións quizais de meirande relevancia social, pero este cumprimento electoral tamén é importante. E no acto do que falas, na Praza das Atochas, viuse, efectivamente, ese nivel de emoción, de restitución da dignidade... Foi un dos días máis emocionantes desde chegamos ao Concello.

Marea Atlántica chegou ao Goberno estando vixentes uns Orzamentos aprobados polo PP e en grande parte executados, polo menos nalgúns parti-



das. Dende o primeiro momento dixestes que era preciso aprobar un modificativo de crédito, que agora ven de aprobar o Pleno.

■ A aprobación do modificativo de crédito do Orzamento vixente atendeu a razóns de emerxencia, pola necesidade de complementar determinadas partidas que o anterior Goberno deixara sen crédito abondo e, sobre todo, pola necesidade de pagar as facturas que o anterior Goberno non atendeu. A necesidade do modificativo resposta, nun 70 por cento, á xestión do Goberno anterior.

Elaboraremos os novos Orzamentos para o 2016 en tempo. Tamén dependerá das negociacións cos outros grupos. Neste novo Orzamento si que poderemos incorporar, polo menos en parte, os nosos obxectivos. Hai unha parte importante dos Orzamentos que ven previamente condicionada, o de podemos

marcar a diferenza é nos investimentos, nas partidas adicadas ao emprego, á xustiza social. Aí é onde se vai notar o cambio.

Un dos proxectos estrela da Marea Atlántica é a renda social municipal...

■ Neste momento a Concellaría competente ven de quitar o proxecto para o seu coñecemento, que está en fase de alegacións dos grupos municipais e dos axentes sociais...

Compre dicir, Alcalde, que o Concello da Coruña o que fará con esta iniciativa será amañar as deficiencias normativas e de execución da RISGA galega.

■ A RISGA non está a cumprir os seus obxectivos. Senón non teríamos que resolvelo dende o Goberno local. Nós o que queremos é garantir un nivel de renda de 500 €, que permita pagar a lus, pagar a auga, ter unha vivenda e comer. Non podemos estar satisfeitos mentres todos

os coruñeses e coruñesas non teñan cobertas estas necesidades básicas.

Esta renda vincúlase a itinerarios de emprego e inclusión social. Trátase de fomentar a autonomía da persoa e preparala para que poida vivir das rendas que él mesmo xere.

Falemos de vivenda e de despexos. Ten o Concello controlado este problema na Cidade?

■ Este problema nunca está controlado, porque ademais o risco de perda da vivenda ás veces aflora moi de súpeto, xa que os supostos posíbeis de perda de vivenda son moi variados, non só se trata de prever os despexos por execucións hipotecarias. Precisamente, este Goberno conseguiu de todas as entidades bancarias, principiando por ABANCA, un compromiso de que non se van executar despexos en vivendas habituais, Indubidábelmente é un éxito que lle debemos á presión social.

Moi probábelmente sexa a primeira vez que un Goberno local introduce esta reclamación ás entidades bancarias na súa axenda...

■ Pode ser, non me consta que antes se fixera...

Outra das “25 primeiras medidas” da Marea Atlántica é o fomento da participación cidadá...

■ Existen políticas de participación cidadá que xa se están a desenvolver, como é o deseño dos distritos ou “o escano cidadán”, a participación da veciñanza nos Plenos. E tamén está a participación cidadá como eixo transversal das políticas municipais, porque o Plan de emprego, a renda social municipal, todas as políticas municipais pasan pola participación dos axentes sociais.

Falemos de comercio. Cál é a avaliación sobre o mapa comercial do Goberno coruñés?

■ O modelo das grandes superfi-

cies está esgotado. Velaí unha grande superficie pechada (refírese o alcalde á Dolce Vita) outra con baixos niveis de ocupación... As grandes superficies fixéronlle moito dano ao comercio de proximidade da cidade...

Falaches do Plan de emprego. Que nichos prantexas dende o Goberno local máis interesantes para xerar emprego de calidade na Coruña?

■ Hai que apostar polo comercio, por atraer investimentos á cidade, polo pulo á economía social e aos novos sectores produtivos, aproveitar o Porto Exterior como ferramenta de futuro, malia que seica non foi ben deseñada nos eu comezo. Pero unha vez construído compre aproveitalo, desenvolver esa vocación de ponte entre Europa e América. Estamos a colaborar coa Autoridade Portuaria, mesmo viaxando até China para atraer investimentos de grupos empresariais daquel país para aproveitar estas oportunidades e que o noso Porto Exterior se convirte nun “hub” de penetración en Europa das mercadorías.

Temos que falar do aeroporto...

■ Dende que asumimos o Goberno estamos a falar co concello compostelán para cooperar no modelo aeroportuario. Mais cooperar non é subordinar uns aeroportos a outros. Temos que traballar xuntos, cada quen conscientes de cadansúas fortalezas e feblezas...

A Universidade da Coruña...

■ Veño da Universidade e téñolle especial agarimo, pero iso non inflúe na miña apreciación de que a Universidade da Coruña ten de producir non só bós profesionais, senón constituir un polo de dinamización social, cultural e económica de Galicia. A nosa Universidade ten un grande potencial ao que non se lle está a tirar o rendemento que cumpriría e por iso é tan importante que o Concello colabore con ela neste senso.

Imos ollar cara ao Estado. Condicionan a LOMCE e o resto da normativa promulgada polo PP á prestación dos servizos polos concellos?

■ Evidentemente. A LOMCE é un corsé que nos obriga á externalización dos servizos. Cando queremos facer algo novo e aumentar as prestacións da cidadanía sempre temos que externalizar ou xogar ao fío da legalidade.

Existe unha evidente conexión entre os alcaldes da Coruña, Ferrol e Compostela co outros a nivel do Estado. Non sei se por orixe política ou máis ben por partillar na diagnose...

■ Certo. A Coruña e Barcelona son os dous gobernos locais que xurden das primeiras candidaturas de unidade popular no Estado. Pola nosa xénese colaboramos xa antes das eleccións locais con estas candidaturas. Agora continuamos este traballo conxunto, instalados nunha lóxica da colaboración dende a autonomía e funcionando en rede. Somos unha serie de gobernos locais que partimos de análises semellantes, partillamos información e poderemos xestionar fondos europeos cooperando...Xa estamos a colaborar con Zaragoza e Madrid co noso proxecto da “Smart City”...

Falando dese proxecto da cidade intelixente ou Smart City... cál é a diferenza entre a súa concepción por parte dos eu Goberno e do anterior Goberno local?

■ Penso que até de agora este proxecto construíu a maquinaria e penso tamén que o Goberno local anterior non tiña unha idea clara de que facer con este proxecto. Trátase dunha máquina potentísima e arestora é o intre para dotármola de contidos, con ferramentas de participación e xestión colectiva da cidade, de mellor prestación dos servizos...

Falemos das outras tres forzas que acadaron representación. O BNG apoiou a investidura. Semella que existen algúns desecntros...

■ Co BNG hai espazo para a colaboración e para chegar a acordos, como tamén co PSOE, sempre que pensemos nas políticas a desenvolver. Agora ben, se atendemos a cálculos electorais, o PSOE e BNG son conscientes de que a Marea Atlántica desenvolve políticas que non están afastadas das súas, pero que ameaza o seu propio espazo de décadas. Iso é complicado... **Malia estas tensións aprobouse unha xenerosa dotación de todos os grupos municipais.**

■ Na Coruña adoptamos un acordo de Organización sen precedentes en canto á dotación de medios materiais e persoais aos Grupos da oposición. Acordo que, por certo, resposta á nosa convicción da importancia destes Grupos na vida democrática da cidade.

Falemos do papel, da función d'A Coruña na Galicia. Xulio Ferreiro e a Marea Atlántica non falan da cidade-estado...

■ De certo que non. A Coruña non se pode entender sen o país no que se insire, que é Galicia. E A Coruña ten de desenvolver un liderado social, cultural e económico neste país, respec-



tando sempre aos demáis. A Coruña é unha cidade formada de aluvián, case non hai coruñeses de toda a vida.

O 90% somos fillos de lugueses, valdeorreses, bergantiñáns...

■ Ou de Oroso, no meu caso. Por iso A Coruña ten que ser a vanguarda de Galicia, ese polo de atracción poderoso no económico e no cultural... Que a Marea Atlántica ocorrese na Coruña non foi casualidade. E ocorreu aquí porque Coruña tiña ese magma social que posibilitaba o xurdimento dunha iniciativa así.

Ves de estar en Lalín na xuntanza do Eixo Atlántico. Como concibes este instrumento e, en xeral, a cooperación coa Rexión Norde de Portugal?

■ Dende o primeiro día fun receptivo a esta colaboración. Poenso que xuntos podemos traballar na solución de problemas comúns, ademais da impor-

tancia da nsoa colaboración por evidentes motivos xeográficos.

Como ves dende a Alcaldía as vindeiras eleccións xerais?

■ Con preocupación. Xogámonos moito, tanto en termos sociais e políticos, como en termos das posibilidades de transformación da vida das persoas dende os concellos. Gostaríame que acadásenos unha candidatura de unidade, que represente a un suxeito político galego, con autonomía no Congreso cunha gobernanza horizontal e un liderado cidadán.

Qué pensas desa posíbel reforma constitucional despois das eleccións xerais?

■ Procede, dende logo, unha reforma territorial, que encaixe e resolva os problemas da pluralidade e tamén unha blindaxe do Estado social que o ampare das agresións neoliberais, como foi a reforma do artigo 135 da Constitución.

O dereito a decidir de Galicia

pode beneficiar o dereito das persoas a unha vida mellor?

■ Evidentemente. O dereito a decidir ten que ver co mundo no que queremos vivir. Até de agora negóusenos o dereito a decidir o tipo de economía ou traballo que queremos. Abrir ámbitos de soberanía e de decisión é moito máis democrático e, ademais, redundante no benestar da xente.

A axenda imponse. Compre chegar a tempo á inauguración n'A Coruña do curso da UNED. Baixamos xuntos do Pazo de María Pita e Xulio Ferreiro, como adoita facer sempre, recolle o seu coche do aparcadoiro reservado no lateral da Pazo para se dirixir á súa cita. Indubidábelmente mudaron o estilo, a axenda e as prioridades. Agora compre agardar por eses resultados a prol da xente do común, que o alcalde coruñés está certo que ser van ir vendo.

Galicia

Redacción de SANTIAGO DE COMPOSTELA

O cineasta Aki Kaurismäki visitou Curtocircuíto

Curtocircuíto naceu en 2004 coa intención de potenciar e premiar a creación audiovisual no eido da curtametraxe e xa se converteu nun referente internacional deste formato. Este ano celebrouse a 12ª edición (do 6 ao 11 de outubro).

Este festival internacional de cinema consolidou a súa nova etapa coa presenza do mestre finés Aki Kaurismäki, pois pretende ser algo máis que un festival de cinema, para converterse nun punto de encontro lúdico e cultural. Este foi o primeiro programa desta índole que se lle dedica ao finés en España.

Recolleu as súas obras menos coñecidas, os 'rock films' e curtametraxes que veu desenvolvendo ao longo da súa carreira. Ademais, nun programa especial titulado 'Signed by Aki K.', o finés compartiu co público un conxunto de filmes referenciais para el. Kaurismäki é internacionalmente coñecido por filmes como Nubespasaxeiros (1996) ou Unhome sen pasado (2002), polo que levou a Palma de Ouro en Cannes. Con estes éxitos, resulta un dos directores europeos máis recoñecidos do panorama actual. As súas películas, cun particular estilo, xiran en torno a personaxes peripécicos e difíciles situacións, están cargadas de humor negro e dun humanismo que gañou ao público de todo o mundo.

Asesión 'Rock & Shorts' mostrou varios dos filmes musicais que fixo cos Leningrad Cowboys, banda de

rock'n'roll de grande prestixio. Esta unión fixo mundialmente coñecido a Kaurismäki grazas á película Leningrad Cowboys Go America (1989), na liña de cintas de grandes grupos.

Ademais de contar cunha dilatada obra musical, Kaurismäki tamén realizou varios filmes no marco de proxectos con outros cineastas, que o levaron a visitar países como Portugal, país que ama e no que reside actualmente. Alí rodou Bico (2004) e O Tasqueiro (2012), primeira, documental de carácter patrimonial, é un honesto retrato dunha vila da zona montañosa de Castro Laboreiro, ao norte do país. Pola súa banda, O Tasqueiro conta a historia do dono dun bar en horas baixas, que intenta atraer clientes. Rodada en Guimarães, a cinta destila o esperpéntico patetismo humanista da obra do seu autor, no contexto luso. Completaron o programa Valimo (2007),

sobre unha fundición; e Dogs Have no Hell (2002). Esta última retoma os personaxes da súa exitosa Unhome sen pasado, e conta o que aconteceu con eles logo do final do filme.

A segunda sesión, titulada 'Signed by Aki K.', reuniu un trío de filmes elixidos polo autor, apostas moi especiais, pequenas xoias que o finés quixera descubrir ao público. A primeira delas, The Fatal Glass of Beer (Clyde Bruckman, 1933), é unha das grandes comedias escritas polo mestre do xénero W.C. Fields, tamén protagonista da curta. Coñecido nos anos 30 por desenvolver un alter ego fedido e satírico, esta película é unha parodia dos melodramas canadenses desa época.

A seguir, o filme censurado de John Huston, sobre soldados marcados mentalmente pola Segunda Guerra Mundial. Let There Be Light



■ O cineasta Aki Kaurismäki.

(1946) é un interresantísimo documental, sen distribución ata o 80, no que segue a varios excombatentes afectados por síndrome pos-

traumáticos. Completou a sesión o filme do seu axudante Chilles-Charmant, Seul l'avenir nous le dira (2015),

Presentada queixa diante da Valedora do Pobo

A Plataforma SOS Sanidade Pública de Compostela, ven de presentar no día de hoxe unha QUEIXA ante a Valedora do Pobo, para reclamar que se faga xustiza c@s usuari@s das Residencias de Maiores. Concretamente, demandamos da V. do P. que se derogue o decreto elaborado polo PP en solitario que fai que @s usuari@s das residencias, pasen de pagar o 75% da súa pensión a pagar ata o 100% da mesma. Pedimos tamén que se mellore

a calidade dos servizos que prestan, aumentando a dotación de persoal e que se mellore a calidade dos produtos utilizados nestes pacientes: pañais, tiras de glucosa, etc....

Acompañáronnos @s parlamentari@s Ron e Ana Pontón, así como Rubén Cela e membros da Plataforma SOS de Compostela. Esperamos que se faga xustiza e que a Xunta deixe de ser forte c@s débiles e moi débil c@s fortes....



"Un novo tempo para a Catedral de Santiago", no Pazo de Xelmírez



O Pazo de Xelmírez, situado anexo á Catedral, é sede da exposición 'Un novo tempo para a Catedral de Santiago', ideada para difundir de xeito didáctico os traballos de restauración e recuperación que se están a desenvolver no conxunto catedralicio, en especial na fachada do Obradoiro. A mostra está organi-

zada pola Fundación Catedral de Santiago e a Fundación Pecsca e ocupa diversos espazos de época medieval do Pazo de Xelmírez, entre eles a coñecida como Sala Manrique. Ata o 31 de xaneiro de 2016, no Pazo de Xelmírez. O acceso á exposición realízase coa entrada do Museo Catedral de Santiago, encalquera das súas modalidades.

Redacción de SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Gremio de Hospedaxe de Compostela e Camiños de Santiago traballará para reforzar a imaxe do sector



O Fairway, o primeiro foro con feira e congreso sobre o Camiño de Santiago que se desenvolveu na Cidade da Cultura, foi o escenario de presentación e lanzamento desta plataforma que, a través da unión, quere ser promotora das Rutas Xacobeas e da cidade de Santiago amais de fortalecer a imaxe do sector da hospedaxe e defender os seus intereses nos espazos axeitados.

O Gremio de Hospedaxe de Compostela e Camiños de Santiago vén de nacer na capital de Galicia composto por un grupo de empresarios do sector hostaleiro de diferentes puntos da comunidade en tódalas súas modalidades. O seu obxectivo é conformar un colectivo forte e unido que defenda a idea dun Camiño hospitalario; unha Ruta Xacobeas na que se reforce a calidade e excelencia na atención ós peregrinos e visitantes como marca de distinción dos establecementos de hostalería. Esta será unha das principais metas na folia de ruta do Gremio acabado de constituír que viña observando como proliferaba o intrusismo no sector, algo ó que queren poñer coto, promovendo unha marca distintiva das hospedaxes do Camiño. Con esta nova entidade o sector quere defender os seus intereses, conscientes da importancia e atractivo do Camiño que vai

medrando en número de adeptos en tódalas rutas, polo que consideran que é vital traballar conxuntamente con outras entidades para dar a coñecer o valor patrimonial, gastronómico, cultural, social ou relixioso de tódolos camiños e queren facelo, por exemplo, coa edición de guías que contribuirán a aumentar as estadias medias dos peregrinos na Ruta Xacobeas.

Entre os obxectivos a cumprir está a creación dun banco de capacidades, de identificación e posta en contacto con tódolos axentes do gremio nas distintas Rutas para poder acometer unha promoción como gremio e ofrecer un aloxamento de forma coordinada coa posibilidade de poñer en marcha unha central de reservas propia e aplicacións móbiles para realizar reservas en tempo real. Tamén prevén ofrecer servizos externos de asesoría fiscal, laboral e xurídica.

O equipo directivo está integrado por membros das principais modalidades de hospedaxe que engloban hoteis, pensións, apartamentos turísticos ou albergues, nunha estrutura técnica con tres representantes en cada un dos Camiños que serán encargados de informar das necesidades específicas dos tramos.

Por: Rocío Pereira

O alcalde lamenta que Santiago non note o incremento dos orzamentos da Xunta para 2016



Martíño Noriega recoñece que as contas lle deixan "unha sensación agriçoce", porque, mantendo algúns compromisos coa cidade, "Compostela non sae gañando nuns presupostos que o goberno galego presenta como expansivos, cun aumento de partidas de máis de 400 millóns de euros". As contías previstas para a capital galega son moi semellantes as dos orzamentos de 2015.

Preocupación pola Variante de Aradas e pola EDAR

A esta infraestrutura destínanse 629.000 euros, a mesma cifra orzamentada, e non gastada, para este 2015. O Alcalde entende que, "deste xeito, esta infraestrutura queda en stand by". Está orzamentada en sete millóns de euros, e a Xunta deixa para 2017 o groso do investimento, catro millóns de euros. O trazado definitivo deste vial, de só tres quilómetros, fora aprobado en 2013, e o proxecto inicial presentárase-lles aos veciños no ano 2011.

Outra actuación que queda en "stand by"

é a Estación Depuradora de Augas Residuais do Souto. Esta nin sequera aparece nos orzamentos autonómicos do ano que vén. Nos deste ano, había unha partida simbólica de 100.000 euros. A EDAR custará case 60 millóns de euros, e a aportación da Xunta está prevista en nove millóns de euros, a mesma cifra que terá que poñer o Concello de Santiago.

Consorcio e Capitalidade

Martíño Noriega valorou o mantemento das partidas que o Goberno Galego destina ao Consorcio e á Capitalidade, 2,6 e 2,3 millóns de euros respectivamente. Este foi o compromiso que o presidente da Xunta lle trasladara na reunión que os dous mantiveron no mes de xullo. Iso sí, o alcalde compostelán recoñece "que sería de agardar un aumento dos compromisos da Xunta coa capital galega, no primeiro ano desde o inicio da crise no que anuncia uns ornamientos expansivos". Para o rexedor compostelán, as contas do executivo de Alberto Núñez Feijóo son un "querer e non poder".

A praza do Obradoiro énchese de pegadas nunha acción creativa a prol da igualdade

O camiño da Igualdade quere facer visible o apoio da cidadanía para chegar a unha sociedade igualitaria.

Decenas de pegadas enchen a Praza do Obradoiro para reivindicar a igualdade. Trátase dunha acción creativa organizada polo Concellería de Igualdade que busca a unión e apoio da cidadanía ante a necesidade dun cambio cara a unha sociedade que sexa realmente igualitaria.

Diante do Pazo de Raxoi está colocada unha mesa informativa con cartolinas, rotuladores e distintos elementos para que os participantes poidan personalizar a súa pegada en prol da igualdade. A finalidade é que se faga un camiño ata a estrutura de Mulleres que, dende hai varios días, se atopa baixo os soportais do Pazo de Raxoi.



Galicia

Redacción de LUGO

PSOE e BNG gobernarán a Deputación de Lugo

Darío Campos Conde (PSOE), alcalde da Pontenova, é o novo presidente da Deputación de Lugo como consecuencia da moción de censura presentada entre PSdeG-PSOE e BNG a Pilar Candia (PP) que gobernou desde o 24 de xuño.



■ Darío Campos Conde, alcalde de A Pontenova.

Osalón de sesións de San Marcos estivo abarrotado polo público que asistiu a un pleno tenso. O alcalde de Guntín, Jesús Carreira, que presidía a mesa de idade, tivo que pedir silencio en varias ocasións, xa que os partidarios e detractores da moción de censura increparon reiteradamente aos políticos que estaban nese momento no uso da palabra antes de proceder á votación.

Darío Campos (candidato)

Darío Campos recoñeceu na súa intervención que o pasado 24 de xuño "sucedeu o que nunca debería suceder", porque se negou "a decisión maioritaria dos lucenses" e deixouse "caer en mans do Partido Popular o goberno da Deputación de Lugo". Pediu "desculpas públicas aos lucenses", ao considerar que facelo "é un acto de xustiza e de dignidade". "Erramos, e durante tres meses, co

Partido Popular no goberno da Deputación de Lugo, os cidadáns non só non tiveron as políticas de futuro que maioritariamente reclamaron" nas urnas, senón que sufriron accións "destrutivas, caciquis e baseadas" na premisa de que "a Xunta de Galicia invita e a Deputación de Lugo, con diñeiro de todos os veciños da provincia, paga". "A través desta moción, queremos recuperar a normalidade democrática e reconciliarnos cos intereses dos cidadáns, restablecendo un goberno de progreso na Deputación, que continúe cos proxectos de futuro que nos últimos oito anos fomos capaces de pór en marcha o PSdeG e o BNG nesta provincia".

Elena Candia (presidenta saínte)

Elena Candia, lembrou que o que fixo o Partido Popular o día 24 de xuño foi cumprir "coa encomenda" que lle fixeron os veciños

da provincia "como a forza política máis votada" nas eleccións de maio. "A nosa máxima foi a de cumprir con esa vontade", sempre "cun traballo rigoroso, serio e comprometido", coa preocupación de que a "institución tivese vida", aínda que "non foi unha tarefa fácil", dado que os populares atopáronse "con erros de xestión e malas prácticas" por parte do goberno de Besteiro. Candia tamén dixo que durante os últimos tres meses foi tratada polos grupos da oposición máis como "inimiga" que como rival política, polo que se sentiu vítima dunha campaña de acoso e derriba. A pesar de perder o poder na institución provincial, asegurou que o PP manterá "o seu compromiso" con Lugo, consciente de que "sae reforzado o único partido que é capaz de garantir a transparencia e o bo facer na institución provincial". Comprometeuse Candia a pór todo o seu empeño para que

"non volvan producirse políticas (disfrazadas de falso progresismo) de discriminación que afectaron os municipios da provincia gobernados polo PP"

Antonio Veiga (BNG)

O portavoz nacionalista Antonio Veiga, lamentou que co Partido Popular houbesen regresado á institución provincial "as cavernas do caciquismo", cunhas políticas que converteron á Deputación de Lugo nun organismo ao servizo da Xunta de Galicia. Dixo que esas son as políticas que censura o BNG, quen tamén se mostra satisfeito de que regrese á Deputación o goberno "progresista e nacionalista que unha maioría social" demanda na provincia. Recordou que o novo goberno bipartito asumirá as súas funcións dentro do acordo marco alcanzado polo PSdeG e o BNG, que xa está a aplicar nas deputacións da Coruña e de Pontevedra.

Carlos Armesto (PP)

O portavoz do Partido Popular, Juan Carlos Armesto Quiroga, criticou que nacionalistas e socialistas fixesen unha moción de censura "á brava", porque se limitaron a facer "un quítache ti, para porme eu", aburados pola impaciencia de quen ten "que darlle para comer a moito estómago agradecido e pagar moitos favores". Dirixíndose ao socialista Manuel Martínez preguntoulle polos "acordos escuros e indecentes" aos que chegou co seu partido. "Onde está a súa dignidade?", xa que dixeran que "ou son presidente ou nada, e nin é presidente, nin é vicepresidente: é delegado de Obras e veremos por canto tempo", dado que "unha vez que deixou de ser

útil", acabará "apartado e arrinconado". Armesto engadiu que "non facía falta tanto ruído para caer tan baixo"

Votacións

Logo das intervencións realizouse a votación en urna. Os trece deputados socialistas e nacionalistas votaron a favor da moción de censura e os 12 do PP, en contra. Darío Campos tomou posesión como novo presidente da Deputación de Lugo con "humildade, honradez e con ganas de traballar e de facer política para resolver os problemas de todos e cada un dos máis de 350.000 lucenses". Sostivo que a prioridade é a colaboración cos concellos e a reactivación dun auténtico plan de medidas sociais. Campos afirmou que tomaba posesión do cargo "coa mesma ilusión, responsabilidade e honradez" coa que en 2007 aceptou o cargo de alcalde da Pontenova. Tamén tivo unhas palabras para destacar a xestión realizada á fronte do ente provincial polo secretario xeral dos socialistas galegos, José Ramón Gómez Besteiro, que non asistiu á sesión. En breve rolda de prensa posterior á proclamación como presidente do organismo provincial Darío Campos dixo que Manuel Martínez, alcalde de Becerreá, "terá responsabilidades de goberno". Apuntou que as diferenzas entre o seu compañeiro de filas e o partido foron "políticas" e rexeitou que houbera algo escuro nas negociacións. "Nunca tiveron diferenzas persoais con Manolo e conto coa súa experiencia", afirmou. Campos evitou falar de repartición de áreas pero concretou que "tras meses de moita tensión, agora toca porse a traballar".

O presidente da Deputación cos traballadores do ente

O presidente, Darío Campos Conde, reuniuse con todos os representantes sindicais, sendo un total de 23 membros de UGT, CC.OO, CSIF e CIG que conforman a Xunta de Persoal e o Comité de Empresa, aos que Campos Conde lles traladou unha mensaxe de

tranquilidade, posto que "a normalidade voltou á Deputación", así como ofrecerlles a súa máxima colaboración. Conde tamén mantivo un encontro cos traballadores de Vías e Obras, Recadación, Cooperación e Asistencia aos Concellos e Centro de Artesa-

nía e Deseño, profesionais do Parque Móbil e da Fundación TIC. O presidente rematou a primeira rolda de reunións coa totalidade do persoal da Deputación logo de visitar os departamentos provinciais que se sitúan no Pazo de San Marcos.



■ O presidente da Deputación, en San Marcos, cos representantes sindicais

Redacción de LUGO

VI Feira Outlet e XIX edición de Artesanfroilán

A Deputación de Lugo e a Fundación TIC apoiaron novamente ao comercio de Lugo na Feira Outlet, na praza Anxo Fernández Gómez, detrás da Casa Consistorial, na mesma carpa que acolleu o Artesanfroilán, que rematou mesmo cun volume de vendas superior aos 130.000 euros.



■ Intervención de Álvaro Santos Ramos na Feira Outlet.

Aí o adiantou o deputado e patrón da TIC, Álvaro Santos Ramos, durante a inauguración da Feira Outel, na que tamén participaron a alcaldesa, Lara Méndez, a secretaria territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Marta Barreiro, e a presidenta da Asociación de Autónomos de Lugo, Nora Real. Santos Ramos destacou que esta colaboración enmárcase dentro da aposta da Fundación TIC pola promoción dos comerciantes e autónomos lucenses, aos que se lles elaboran produtos audiovisuais e reportaxes para contribuír coa difusión dos seus establecementos. A TIC colabora coa Feira Outlet dende a súa primeira edición, ao igual que o fai coas Noites Abertas de Lugo e Sarria e co Comercio na Rúa.

Ademais, con este apoio, os estudantes da Escola de Imaxe e Son realizan prácticas profesionais nun escenario real, un dos piares básicos da formación de calidade que imparte a EIS. Na Feira Outlet participaron unha trintena de establecementos con centos de variados produtos de stock e descontos de ata o 80%. O deputado fixo balance da XIX edición do Artesanfroilán, no que participaron 21 talleres artesáns que acadaron unhas vendas de 133.430 euros. Os beneficios serán superiores, posto que estes profesionais recibiron ao redor de 600 encargos. Por exemplo, traballos de restauración, decoración de vodas, elaboración de pezas para o fogar, traxes rexionais, complementos.

Lugo é a provincia galega máis castigada por Feijóo nos Orzamentos da Xunta para 2016

Lugo é a provincia que menos fondos recibe da Consellería de Emprego, con 223.000 euros, así como a única na que cae o gasto por habitante e na que máis baixan os investimentos globais.

Por: Por PSdeG-PSOE na Provincia de Lugo



■ Na provincia de Lugo hai 121.000 desempregados. Na foto O Courel.

Lugo é a provincia galega máis castigada por Feijóo nos Orzamentos da Xunta para 2016, pois é a que menos fondos recibe para emprego e, logo da ourensá, para políticas sociais. A maiores, é a única provincia na que cae o gasto por habitante e na que máis baixan os investimentos globais. Así o reflexan as contas autonómicas para o vindeiro ano, publicadas polo Goberno galego. A Consellería de Emprego ten previsto investir 223.000 euros na provincia o vindeiro ano. Unha cantidade lonxe dos 3 millóns de euros para A Coruña, dos preto de 600.000 para Ourense ou dos 350.000 para Pontevedra. Todo isto, cando no pasado mes Lugo foi a provincia galega na que máis aumentou o paro, cun incremento do 2,39%, sumando hoxe 21.000 desempregados lucenses.

Envellecemento

Lugo é, xunto con Ourense, a provincia galega coa poboación máis envellecida. Con todo, na Consellería de Política Social figura unha partida de 1,5 millóns de euros para Lugo, a máis

baixa de todas as provincias despois da ourensá. Desta cantidade, menos de 6.000 euros son para o programa de dependencia e 11.000 para a promoción de autonomía persoal dos maiores, pois o 60% da mesma adícase a reformas e reposicións de equipamentos e instalacións. Os fondos da Consellería de Sanidade para Lugo son de 2 millóns, cantidade próxima aos 1,7 millóns para Ourense e afastada dos 10 millóns para A Coruña e dos 4,6 de Pontevedra. Non figura nin un só euro para os servizos reiteradamente reclamados para o HULA. O mesmo ocorre co departamento de Educación, que achega á provincia lucense 7,6 millóns de euros, á ourensá 6 millóns, á pontevedresa 11 millóns e á coruñesa 14 millóns. Destacan os investimentos da Consellería do Mar, pois a partida para Lugo é de tan só 3 millóns de euros, fronte aos 10,5 millóns para Pontevedra e aos 22 para A Coruña. Con respecto dos investimentos por habitante, Lugo é a única provincia galega na que cae, cun -0,96% en relación ao 2015. Pola contra, este aumenta un +2,2% en Ourense, un +16,1% en Pontevedra e un

+25,1% na Coruña. Os investimentos globais soben lixeiramente na Coruña e Pontevedra, en Ourense sofren un mínimo descenso e en Lugo baixan un -2,7%, sendo de novo a provincia galega máis castigada.

Sen proxectos para 2016

Feijóo non só non ofrece aos lucenses ningún proxecto novo para 2016, senón que ignora ou retrasa todos os que reiteradamente comprometeu na provincia. Por exemplo, Lugo volta a quedar sen estación intermodal a diferenza do que, ao parecer, pode suceder nas restantes provincias galegas. O auditorio municipal de Lugo non estará listo polo menos ata o 2019, ano no que aínda figuran partidas orzamentarias; a variante da Costa Norte tamén se demorará canto menos ata o horizonte do 2017; a reiteradamente anunciada ampliación do hospital da Costa prolongarase durante o 2018...Unha das maiores partidas para as infraestruturas da provincia é para pagar traballos xa executados, como son as obras do Corredor Sarria-Monforte.

Galicia

Redacción de LUGO

O Congreso de Estatística reúne a 120 expertos nacionais e internacionais

Celebrouse en Lugo o XII Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións (SGAPEIO) que, tras 18 anos, volve a acoller a provincia de Lugo, reunindo a máis de 120 expertos nacionais e internacionais.

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde; a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez; o presidente do Comité Organizador, José Manuel Colmenero Álvarez; o vicerreitor de coordinación do Campus de Lugo, Javier Bueno Lema, e a presidenta da Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións, Esther López Vizcaíno, inauguraron o XII Congreso. Este encontro científico ten por obxectivo promover a divulgación científica, así como fomentar a estatística e a investigación operativa en Galicia dende diferentes puntos de vista: na investigación, no ensino, na empresa e nas Administracións Públicas. Esta organización por SGAPEIO e USC, e conta coa colaboración de Deputación e Concello de Lugo. Campos Conde destacou que “é imprescindible que todas as administracións nos impliquemos no impulso do ámbito científico, tendo en conta que o recorte neste eido en España supera xa o 40% dende o inicio da crise. Isto supuxo un problema de grande magnitude: a perda de capital humano, o que coñecemos como fuga de cerebros. Dende o ano 2010, son máis de 11.000 os científicos que, debido á escasa oferta laboral, tiveron que levar o seu talento fóra das nosas fronteiras. Para loitar contra este éxodo

intelectual, fai falta un forte apoio institucional. A Deputación, e este Presidente, continuarán a implicarse, colaborando con iniciativas como a que hoxe presentamos, ou con medidas como o Plan de Impulso que temos en marcha coa USC, e que contempla bolsas para a captación de talento e divulgación científica”. Pola súa banda, Lara Méndez destacou a importancia de que, cada vez con maior asiduidade, Lugo sexa sede deste tipo de encontros profesionais, “unha oportunidade económica” pola promoción e difusión que implican do patrimonio cultural, histórico, medioambiental e gastronómico da cidade e da provincia. Así mesmo, a alcaldesa fixo fincapé en que a estatística pública “é un dos piares fundamentais da transparencia e un instrumento de progreso”, “unha estatística fiable, rigorosa e eficiente, tanto na fase de recollida de datos, na súa análise e no proceso de transformación dos datos a información, a denominada comumente como cociña”, asegurou. O vicerreitor de coordinación do Campus de Lugo, Javier Bueno, subliñou os beneficios que está a reportar a colaboración da Deputación co Campus de Lugo da USC, tanto no que se refire a captación de talento e de estudantes, como á boa imaxe que se está a proxectar no exterior da cidade e



do labor científico que nela se desenvolve. Proba desta cooperación é a visita programada á Domus do Mitreo e o concerto de piano “Resonancias aritméticas”, a cargo de Juan Ignacio Martínez Pardo, que se desenvolveu no auditorio da Casa do Saber. As actividades que se desenvolveron foron, entre outras, conferencias sobre “Optimización baixo a incerteza: Unha ollada á programación estocástica”, e “A estatística nunha empresa cerveira. Do dato ao coñecemento”. Tamén se celebraron mesas redondas sobre “Estatísticas en empresas e laboratorios” e “Servizos de asesoramento estatístico”. Os obra-

doiros foron de “Análise de datos funcionais con R”. As visitas concentráronse en o Domus do Mitreo e unha excursión á Ribeira Sacra, no que viaxaron nos catamaráns da Deputación. Finalmente, entregáronse os premios SGAPEIO a novos investigadores.

Aventuras na Estatística

O presidente provincial, a alcaldesa de Lugo e o vicerreitor, xunto a mozos e mozas do Instituto Daviña Rey, de Monforte de Lemos, coñeceron a exposición “Explorística: Aventuras na Estatística”, enmar-

cada dentro das actividades do XII Congreso. A mostra está avalada pola Agência Nacional para a Cultura Científica e Tecnolóxica Portuguesa (Ciência Viva). Ilustra conceptos de Estatística e Probabilidade para alumnos de ESO e Bacharelato. Está formada por módulos interactivos que integran diversas actividades relacionadas coa estatística, adaptadas aos niveis formativos do alumnado. Os estudantes de dito centro monfortino participaron en seis módulos independentes: Recepción de participantes, tiro con arco, submarino, quiz de censos, datos viciados e sondaxe.

Venres nas librarías de Galicia

“Venres nas Librarías”, é unha iniciativa conxunta das consellerías de Cultura e de Economía na que colaboran un ano máis a Federación de Librarías de Galicia e a Asociación Galega de Editores (AGE), e que ten como principal finalidade a dinamización do libro e da lectura entre todos os ámbitos da sociedade. Esta nova edición financiada por Cultura con 12.000 euros desenvólvese durante todas as fins de semana de outubro e novembro deste ano e de febreiro e marzo de 2016. Coma na pasada edición, a campaña céntrase na librería como axente indispensable para a consolidación do tecido

cultural, e como espazo físico de encontro entre lectores e lectoras con autores e autoras da Comunidade que publicaran algunha obra ao longo do último ano, en aras de promover o libro galego e incrementar o público lector. Entre as actividades que impulsa o programa nas diferentes librarías para estimular a participación social do público lector destaca a presentación de novidades editoriais, conversas entre escritores e asistentes, lecturas dramatizadas de obras literarias e lecturas poéticas, entre outras, con propostas que favorezan a participación activa de público de todas as idades.



■ Presentación da campaña “venres nas Librarías” que durará catro meses.

“Os Orzamentos da Xunta demostran os 7 anos perdidos na Mariña polo goberno de Feijóo”

“Os Orzamentos da Xunta de Galicia para 2016 demostran os 7 anos perdidos na Mariña polo goberno fracasado de Feijóo”. Así o remarcaron Mayra García Bermúdez, alcaldesa de Trabada e José Ramón Val Alonso, deputado autonómico.

Fixérono tras un encontro con compañeiros de partido nesta comarca, no que avaliaron as contas autonómicas para o vindeiro ano. Xunto a Mayra García e Val Alonso, na sede do PSOE burelá, estiveron os rexedores de Burela e Ourel, así como concelleiros socialistas en Cervo, Barreiros e Mondoñedo. Val Alonso remarcou que “dende 2009, os Presupostos da Xunta tratan na Mariña as mesmas cuestións iniciadas polo Executivo de Touriño, o que pon de manifesto os 7 anos perdidos na nosa comarca polo goberno fracasado de Feijóo. Pois o groso dos investimentos seguen a ser, por exemplo, a ampliación do Hospital ou o Corredor da Costa. Nada novo polo tanto, máis alá dos 400.000 euros para o IES María Sarmiento, entre outras pequenas actuacións”.

Emendas aos Orzamentos

O deputado autonómico salientou que, tendo en conta os cartos que a Xunta prevé achegar á Mariña o vindeiro ano, que suman uns 15 millóns de euros, así como a poboación da comarca, que ascende aos 80.000 veciños, o investimento por habitante é de 180 euros, moi lonxe dos 725 euros na provincia que apuntou o goberno de Feijóo. Val Alonso adiantou que o PSOE presentará emendas no Parlamento para, canto menos, esixir a Feijóo que incremente o investimento da Xunta por habitante na Mariña. “É de xustiza facelo tras 7 anos perdidos”, enfatizou. Mayra García subliñou “o castigo” ao que Feijóo ten sometida á Mariña. Neste senso, subliñou que “nunca un Presidente da Xunta provocou tanto paro na nosa Comarca. Con Feijóo o desemprego na Mariña

bateu un récord histórico, pois chegamos a ter 6.000 veciños no paro, sendo a maior cifra de desempregados dende que existen as estatísticas oficiais da propia Consellería de Traballo. A política de emprego de Feijóo na Mariña foi a de destruír postos de traballo e pechar empresas, como ECAR, ECESA, HERMIDA e MON”. “As contas da Xunta para 2016 reflexan que Feijóo continuará con esta política de emprego destrutiva na nosa Comarca tamén o vindeiro ano, pois é evidente que non se compromete coa xeración de novos traballos, cando a Consellería de Emprego achega, a toda a provincia, unha mísera partida de 223.000 euros”, apuntou. Todo isto, cando en setembro, que son os últimos datos oficiais, a Mariña se situou á cabeza do paro na provincia de Lugo, cun incremento do 9,24% con respecto ao mes anterior, superando hoxe os 4.000 mariñas desempregados.

Feijóo non se implica

A socialista engadiu que “Feijóo tampouco se implica cos principais sectores produtivos da Mariña para manter os actuais postos de traballo. Por exemplo, coa pesca, que xera na comarca uns 2.000 emprego, sendo un dos nosos motores económicos. Este sector chega a representar o 29% do PIB de Burela, o 20% do de Xove ou case 15% do de Viveiro. Mentres en Galicia a pesca representa o 1,2% do produto interior bruto, na Mariña o peso da pesca multiplica por seis a contribución media deste sector no conxunto de Galicia. E máis, a Mariña despunta en Europa polo que aporta a pesca á súa economía. Con todo, a Consellería de Pesca non ten previsto nin-



■ Mayra García e Val Alonso cos alcaldes de Burela e Ourel e concelleiros de Cervo, Barreiros e Mondoñedo.

gún investimento para este sector na Mariña, máis alá dos 3 millóns de euros para gastos de mantemento da delegación territorial deste departamento autonómico, que se sitúa en Celeiro; e ridículas achegas para os portos de Burela e Celeiro. A Consellería de Pesca achega 10,5 millóns de euros á Coruña e 22 millóns de euros a Pontevedra.

Residencia en Ribadeo

Polo que se refire aos servizos sociais. A Consellería de Política Social ten prevista, para toda a provincia lucense, unha partida de 1,5 millóns de euros, dos que o 60% dos mesmos son para reformas e reposicións de equipamento, deixando 6.000 euros para dependencia e 11.000 euros para a promoción da autonomía dos nosos maiores. Neste senso, Mayra García apuntou que “no Orzamento da Xunta para 2016 non vemos nin un só euro para a reclamada residencia de maiores de Ribadeo, cando Feijóo prometeu hai

máis de 2 anos achegar a este centro de maiores 500.000 euros. Polo tanto, os ribadenses outra vez se quedan co único apoio económico para este proxecto da Deputación de Lugo, que tamén está a executar unha residencia e centro de día público en Trabada”.

Hospital da Costa

“Unhas 7 veces, escoitamos a Feijóo prometer as obras de ampliación do Hospital da Costa logo de que a súa primeira decisión con respecto á Mariña cando chegou ao Goberno galego, no 2009, fose paralizar unha partida de 9,3 millóns de euros do bipartito, precisamente, para estas actuacións. Pois ben, tampouco estarán listos estes demandados traballos no 2016, nin no 2017 ou no 2018, pois Feijóo volve a retrasar estas obras coas contas autonómicas para o vindeiro ano”, dixo a tamén alcaldesa de Trabada. “E con respecto ás infraestruturas, e por poñerlles un exemplo, nada para a Variante de Viveiro tampouco no

2016, unha infraestrutura vital para a vertebración das comunicacións da Mariña”, engadiu.

Só propaganda

“En definitiva, Feijóo volve a castigar á Marina cos Orzamentos da Xunta para 2016, pois nos últimos anos a nosa comarca xa non tivo nin unha soa actuación relevante que supuxese emprego ou que dinamizase a nosa economía. A Comarca suma 6 anos perdidos, os mesmos que Feijóo no Goberno galego, e vai cara outro, feito que demostra o fracaso do seu goberno. O único que fixo o presidente da Xunta na Mariña foi propaganda. Só hai que ter en conta as veces que, en época electoral, anunciou a ampliación do Hospital da Costa. E por poñerlles outro exemplo. Vén de facer máis propaganda co Imposto de Sucesións, pois o 90% dos galegos xa non o pagan porque o suprimiu o Goberno de Touriño. Polo tanto, a rebaixa anuncia por Feijóo só afectará entre o 8 e o 9% da poboación”.



David Alonso Bargaña
Nº Reg. Mediador: C002670907675E
Agente de Seguros Exclusivo de Seguros Bilbao
Gerente
david.alonso@segurosbilbao.com
Venezuela nº 31. Bajo
36204 Vigo (Pontevedra)
M 628 181 255 - F 986 220 029



TEL. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com

www.electrogranxa.com



Pol. Ind. A GRANXA - Avda. principal - Parcela 299 - Nave 3. 36400 PORRIÑO - Pontevedra

Jose A. Cabaleiro R.
Fontanería - Calefacción - Electricidad
Bombas Sumergibles - Piscinas
Placas Solares Térmicas - Biomasa

Tel.: 639284053
e-mail: jacrielo@hotmail.com

Cerqueiral nº8A - Po
36471 - Entenza

Galicia

Redacción de OURENSE

Cara un plan hidrolóxico compartido con Portugal

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), e a Axencia Portuguesa do Ambiente impulsaron, coa firma dun protocolo de colaboración, o proxecto de cooperación transfronteiriza (POCTEP) denominado “Risc Miño-Limia”.



■ O acto celebrouse na Subdelegación de Goberno e estivo presidido polo subdelegado Roberto Castro.

Trátase dun plan, cuxo obxectivo é mellorar o coñecemento das concas internacionais co ánimo de minimizar os efectos ante fenómenos extremos, de intensas choivas ou secas prolongadas, avanzando con iso na intención de ambos os países de camiñar cara a un plan

hidrolóxico compartido. Este proxecto, no que tamén colaborarán a Universidade de Vigo, a través do Campus da auga, e a de Porto, a través dun grupo de traballo de Hidráulica, Recursos Hídricos e Ambiente do departamento de Enxeñería Civil, será un complemento á experiencia técnica e

profesional coa que mellorar a xestión integral dos recursos hídricos nas concas transfronteirizas. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través do presidente da CHMS, Francisco Marín Muñoz; a Axencia Portuguesa do Ambiente, a través do director da ARH Norte, José

Carlos Pimenta; o reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Matogreira; e un representante da Facultade de Enxeñería da Universidade do Porto, Rodrigo Maia foron as organizacións asinantes do protocolo de colaboración.

O proxecto “RISC Miño-Limia”, que se presentará á candidatura dos POCTEP- proxectos de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal-, ten como obxectivo a preparación das concas internacionais dos ríos Miño e Limia fronte a fenómenos extremos, así como a prevención dos mesmos, todo iso co ánimo de mellorar na xestión dos recursos naturais tendo en conta a necesaria adaptación ao cambio climático. Preténdese, por tanto, contribuír a un mellor coñecemento da Demarcación Hidrográfica Internacional das concas dos ríos Miño e Limia, de acordo co principio de unidade de conca e co establecido na Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, en relación coas demarcacións hidrográficas internacionais e os plans hidrolóxicos únicos. A través do proxecto RISC

Miño- Limia elaborárase unha nova cartografía de toda a rede hidrográfica da demarcación e as súas concas vertentes asociadas, que será fundamental para conseguir un inventario de recursos que teña en conta o efecto do cambio climático nas partes española e portuguesa da demarcación. Tamén se creará un novo sistema de indicadores e limiares para situacións de seca e poñeráse en marcha un novo sistema de alerta temperá de inundacións e os seus efectos sobre a poboación, baseado en modelos hidrometeorolóxicos e hidráulicos de software libre, que ofrezan unha previsión continua, polo menos a 72 horas en toda a demarcación, especialmente nos tramos transfronteirizos. “O conxunto de accións previstas permitirán avanzar na elaboración, para o ano 2021, dun plan hidrolóxico conxunto, único para todo o ámbito da demarcación internacional, que mellore os impactos e presións de conxunto e permítanos adiantarnos aos episodios de intensas choivas ou prolongada seca, coordinados co veciño Portugal co que compartimos a conca transfronteiriza dos ríos Miño e Limia” explicou Francisco Marín, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Melloras na estación depuradora de Xinzo de Limia

O presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Francisco Marín, informa do final dos traballos que se realizaron en Xinzo de Limia (Ourense), financiados nun 80% polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a través da CHMS (que ademais executou as obras) e nun 20% pola Xunta de Galicia. “Esta actuación permitiu que a EDAR, deseñada nos anos 90, poida eliminar os nutrientes (fósforo e nitróxeno) das augas residuais, o que redundará no incremento da calidade das augas tratadas que se verten ao río Limia.” A EDAR, con capacidade de tratamento de 3.360 m³/día, poderá depurar as augas dunha poboación de 16.250 habitantes, e tamén se adaptou para que poida cumprir os parámetros de vertedura establecidos para a Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

na que se sitúa a instalación, minimizando o consumo de reactivos e priorizando a eliminación de nutrientes, sobre todo o fósforo, por vía biolóxica. Ademais, foi adaptada tecnoloxicamente para diminuír o custo enerxético, mediante a instalación de sensores, de elementos de automatización e xestión, e de variadores de frecuencia en motores, entre outras técnicas. Os traballos permitiron substituír as reixas manuais da EDAR orixinal por automáticas e as bombas de elevación por outras con rodete, resistentes á abrasión de areas, con regulación de caudal. Tamén se executou un novo desarenador xunto ao existente, mantendo o actual como apoio. En canto ao tratamento biolóxico, implementouse un novo sistema de aireación mediante soplantes, equipados con variador de frecuencia, e grellas de difusores de burbulla fina.

Edar no Barco

Actualmente a CHMS, executa as obras de ampliación da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) do Barco de Valdeorras (Ourense), nas que se investirán máis de 1,4 millóns de euros, sostén Francisco Marín Muñoz, presidente do Organismo de conca. “A actuación está incluída no programa operativo de financiamento con cargo aos Fondos de Desenvolvemento Rexional (FEDER) que a CHMS deseñou dentro do período 2007-2013, cunha porcentaxe de financiamento do 80% pola CHMS e cun 20% polo Concello do Barco”, dice Marín. O obxectivo é a mellora da capacidade de tratamento da EDAR co fin de mellorar as cargas contaminantes vertidas ao río Sil e garantir o cumprimento dos parámetros de vertedura establecidos na au-

torización correspondente. “Unha vez detectados os problemas existentes, tanto na propia EDAR como na rede de saneamento, programáronse actuacións de modificación do trazado

dos dous colectores que chegan á EDAR, habilitando un espazo para situar o novo pretratamiento e adecuar a súa conexión coa nova obra de chegada”, informa Marín Muñoz.



■ Francisco Marín Muñoz, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño e do Sil.

Guía gastronómica

Comer e cantar en “Rías Baixas”

Por: Jesús Losada

A calquera hora do día, dado que permanece aberto as 24 horas, Rías Baixas é un lugar ideal para pasar un bo intre. Conta con parking propio polo que non hai problemas de aparcadoiro; terraza no inverno e no verán. A partir das doce da noite convértese nun animado karaoke. O servizo de cociña ofrece menú do día, petiscos, racións pequenas e grandes, variedade de bocadillos e samwiches e carta de chocolate (branco, de menta, ao caramelo, clásico, ás froitas vermellas, ao café, á avellana, suízo, biberón e ruso). Ten

ampla carta de batidos e zumes naturais. O local ofrece clases de tango argentino os venres de 20 a 21 horas; bailes criollo e milonga a todos os niveis. Desde hai meses inclúe monólogos como foron os casos do Peli, Meigoo Deimi, Stephy Llaryora, Juan Pico, Kike Biguri, Gas, Asun Serra, Só Amalio, O Pelao, Pepa Fernández e Gelete Montero, entre outros. O servizo de karaoke para os aniversarios dos pequenos son dúas horas e media de karaoke para eles sós con merenda e sobre todo ganas de pasalo ben. O establecemento, como o ano pasado, re-

alizará a preselección de concursantes para o II Concurso “La voz do Miño” con motivo das Festas da Ponte, para maiores de 16 anos. “Celebra a chegada do 2016 dunha forma distinta... enche a túa noite de karaoke. Entra no novo ano cantando a pleno pulmón. Cancións de onte, de hoxe, de sempre. A mellor compañía e o mellor servizo á túa disposición. Celebra o novo ano connosco, sen reservas, sen entradas”, din os responsables. Café bar Rías Baixas está na rúa Eulogio Gómez Franqueira, 55 de Ourense, fronte á estación de autobuses. Teléfono: 988 21 80 09.



■ Vista parcial do establecemento.



■ Cea en Rías Baixas.



■ Sesión de baile.



■ Tertulia.



Galicia

Redacción de OURENSE

Expourense convoca os Premios á Comunicación Innovadora de Galicia

Expourense prepara xa a 3ª edición do Foro da Comunicación de Galicia que se celebrará o vindeiro 25 de novembro como punto de encontro dos profesionais e futuros profesionais da comunicación, o marketing, a publicidade e o sector audiovisual de Galicia.

Os “Premios á Comunicación Innovadora de Galicia” xurdiron co obxectivo de recoñecer publicamente iniciativas profesionais e empresariais que destacaran por ter revalorizado o eido da comunicación, fomentando con elo o desenvolvemento socioeconómico da comunidade galega. Queda aberto o prazo de presentación de candidaturas que rematará o vindeiro 17 de novembro. As categorías que concorren son as seguintes: Premio a Estratexia de Comunicación Empresarial desenvolvida por unha PEME ou por entidades que agrupen a PEMES e empresas destas características. Premio á aplicación da Comunicación Dixital no sector xornalístico. Premio á Iniciativa Emprendedora no eido da comunicación. Distinción especial “Novos Talentos” no sector da comunicación. Poderán optar a estes premios os profesionais e as pequenas e medianas empresas que desenvolvan o seu traballo no territorio da Comunidade Autónoma galega e tiveran realizado un labor destacado no eido da comunicación (xa sexa de ámbito empresarial ou xornalístico). A distinción especial para Novos Talentos está aberta de maneira especial a estudantes das universidades e escolas profesionais relacionadas coa comunicación

social ou corporativa.

Para participar nos presentes premios, pódense consultar as bases e os criterios de avaliación en www.expourense.org e deberán enviar as súas candidaturas a través do correo postal ou electrónico (Finca Sevilla s/n, 32005 Ourense/ rrpp@expourense.org / expourense@expourense.org) ou entregalas de maneira persoal nas instalacións de Expourense. Unha das novidades serán os premios á “Creatividade na publicidade galega” promovidos por Creatividade Galega coa colaboración do Clúster da Comunicación Gráfica de Galicia. As bases para participar nesta nova candidatura estarán dispoñibles proximamente na web de Expourense. As bases foron aprobadas durante a última reunión do comité asesor do Foro da Comunicación de Galicia que tivo lugar na Facultade de Ciencias da Comunicación en Santiago de Compostela. Este comité integra ás Facultades relacionadas coa Comunicación das tres universidades galegas, a APG (Asociación de Xornalistas de Galicia), o Clúster da Comunicación Gráfica de Galicia, MARKEA (Asociación Galega de Marketing), DIRCOM Galicia (Asociación de Directivos de Comunicación de Galicia) e Creatividade Galega, entre outras entidades como a



■ Reunión en Expourense do comité organizador.

Deputación Provincial de Ourense, a Secretaría Xeral de medios da Xunta de Galicia, o Concello de Ourense, o Polígono Virtual de Galicia ou a Asociación de Xoves Empresarios de Galicia (AJE). Sobre os temas elixidos polo comité para este Foro destacan a exposición de casos de éxito de PEMES á raíz de incluír un servizo de comunicación profesional; a comunicación solidaria e vencellada coa cooperación social; a divulgación científica como unha nova vía para o xornalismo ou a

presentación do Campus CREA de Pontevedra. No referente á parte práctica profesionais de MARKEA e profesores das distintas Facultades impartirán obradoiros sobre distintos temas vencellados á comunicación como o Marketing directo ou o Co-marketing. De forma complementaria ao programa de conferencias e debates, existirá unha área expositiva onde estarán representados os sectores da publicidade, colexios oficiais, asociacións de prensa e periodistas, academias de audiovisuais, clústers, medios de co-

municación (prensa, radio, televisión), axencias consultoras de comunicación, community managers e as universidades galegas. A asistencia ó Foro da Comunicación de Galicia é gratuita pero precisa de inscrición previa a través de www.expourense.org. Nesta web tamén poderá descargarse o bono desconto do 35% para aqueles que acudan a Ourense en tren. Esta actividade contará co patrocinio da Deputación de Ourense e a colaboración da secretaria Xeral de Medios da Xunta e do IGAFE.

Entregados os primeiros títulos de España en “Experto feiral”

Entregáronse en Expourense os diplomas do curso de capacitación en “Certificación en Experto Feiral” organizado pola Asociación Galega de Feiras e Eventos (AGAFE) coa colaboración do IGAFE. Participaron vinte profesionais procedentes de 15 empresas asociadas de toda Galicia que abarcan toda a cadea de valor do sector feiral (propietarios de infraestruturas, organizadores, provedores de servizos directos e

indirectos e empresas de montaxe). Este curso foi impartido nas instalacións de Expourense a finais do mes de xuño e correu a cargo de Antonio Brito, director da empresa Newevents Academy, con experiencia internacional e formadores profesionais expertos na organización de feiras e eventos. A entrega de diplomas correu a cargo do presidente de AGAFE, Alejandro Rubín, do profesor do curso, Antonio Brito, e de membro da xunta directiva de AGAFE,



■ Organizadores e alumnos na entrega de diplomas en Expourense.

Ricardo Durán. Trátase dun curso único en España, non existindo na actualidade outra posibilidade para obter un título similar. Estes profesionais son os primeiros no país en obter este título. O curso abordou os seguintes bloques temáticos: Evolución histórica das feiras; Formulación e xestión de proxectos; Métodos de captación

de expositores e patrocinadores; Captación de audiencias e de visitantes; Producción, operacións e dirección de feiras e Desenvolvemento de planos e esquemas para eventos. Coa formación e a profesionalización do sector feiral como un dos obxectivos de AGAFE, o novo deste curso e o feito de ser a única posibilidade

que na actualidade bríndase aos profesións do sector, a xunta directiva de AGAFE fixo un chamamento á participación no curso entre os seus asociados para a realización do mesmo. Unha vez concluído, o balance foi altamente satisfactorio segundo deixaron constancia os organizadores.

Redacción de OURENSE

A Xunta construíra “agora” unha ponte sobre o Miño nos Peares anunciada por Feijóo en 2010

A Xunta iniciará en novembro a construción da nova ponte sobre o río Miño, nos Peares. A conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, presentou este proxecto que mellorará a mobilidade dos veciños desta zona, evitándolles o actual percorrido de case 7 quilómetros por estradas deficientes.

Por: Jesús Losada



■ A infraestrutura terá 202 metros de lonxitude, calzada de 3,25 metros e beirarrúa de 1,25 metros

A conselleira explicou que esta actuación, cun investimento de 2,78 millóns de euros, permitirá a conexión entre ambas as beiras do río e facilitará o acceso á estrada N-120. Concretou que con estas actuacións tamén se promoverán os desprazamentos a pé, a través dunha senda peonil que discurrirá entre a vía nacional ata o núcleo dos Peares. Vázquez destacou a especial consideración coa contorna desta infraestrutura, coitando especialmente a integración na valiosa paisaxe na que se vai construír. A responsable autonómica de Infraestruturas, na presen-


tación do proxecto da obra principal, subliñou o comezo tamén da primeira das 4 obras de mellora da seguridade viaria comprometidas, que suman un orzamento de 60.000 euros. Así, concretou que comezaran as obras de construción dun aparcadoiro e dun miradoiro na zona do centro de saúde do Concello da Peroxa. O convenio asinado o pasado agosto entre a Xunta e os 4 concellos que integran o consorcio dos Peares (Pantón, Carballedo (na provincia de Lugo) e Nogueira de Ramuín e A Peroxa (na provincia de Ourense) recolle tamén unha serie de actuacións para mellorar o

ciclo da auga. Ethel Vázquez destacou que estes traballos xa están rematados e que supuxeron un investimento de 166.000 euros.

O anuncio de 2010 Vázquez precisou que “a Xunta está a demostrar con feitos a súa determinación de dotar de infraestruturas axeitadas o interior de Galicia, cumprindo coa palabra dada aos veciños dos Peares, acometendo con dilixencia todas e cada unha das obras comprometidas neste núcleo tan singular e emblemático”. O no que dixo Vázquez foi que no ano 2010 o presidente da Xunta xa anunciara nos Peares a construc-

ción desta ponte que estaría rematada, segundo anuncio daquela, no ano 2012. O presidente do Goberno galego dixo en 2010 que a “Xunta quere achegar unha nova ponte que reforce a comunicación e facilite a convivencia e o intercambio entre persoas e pobos das dúas ribeiras do Miño, un punto estratégico para as comunicacións”. A obra representaba para Feijóo “unha pequena mostra dese desexo de facer de Galicia un país unido, unha grande cidade global, un territorio

único donde non haxa nin norte nin sur; nin a Galicia Atlántica nin a Galicia do interior, senón un territorio único, unha Galicia única que sirva aos galegos coa mesma igualdade de oportunidades”. Tamén prometera Feijóo no 2010 ao acondicionamento da marxe dereita cunha senda peonil, que grazas a nova ponte coa que se integra, permitirá o uso e disfrute das dúas ribeiras, propiciando un lugar para o encontro e o lecer do conxunto dos veciños”.



■ A ponte partirá desde a N-120 ata a estación do ferrocarril da liña Ourense-Monforte.

Punto de atención asistencial médica en Expourense

Expourense amplía a súa carteira de servizos ás máis de 120.000 visitas que rexistra cada ano sumando un punto de atención asistencial médica que estará coordinado polo Centro Médico El Carmen, en Ourense.

Isto é posible grazas á sinatura do convenio de colaboración entre as dúas entidades e que correu a cargo dos seus respectivos directores, Alejandro Rubín Carballo e o doutor José Carlos Rodríguez Mouriz. A raíz deste convenio, cada feira e evento organizado por Expourense contará cun servizo de atención médica integrado por persoal deste centro que velará polo benestar dos visitantes e que intervirá no caso de ser preciso atendendo aos visitantes na área de botiquín de Expourense ou derivándoo a un centro médico se fose necesario. Tamén serán os responsables de empregar o desfibrilador instalado no re-



■ Rubín Carballo e Rodríguez Mouriz asinando o convenio.

cinto. Este servizo inaugurouse no VIIº Salón do Automóvil-Vehículo Novo de finais de outubro pasado. Coa sinatura deste convenio, o Centro Médico El Carmen súmase á listade entidades colaboradoras de Expourense confiando no recinto para facer visibles os servizos que prestan e como plataforma para “contar cunha presenza máis notable entre a sociedade ourensá”, tal e como explicou o director do centro durante a sinatura deste acordo. Contan cun espazo fixo no que posicionarse como o centro hospitalario privado de referencia na provincia de Ourense e un dos máis punteiros de Galicia grazas ao seu equipamento tecnolóxico pun-

teiro e ó seu cadro médico. Foi precisamente a última feira celebrada en Expourense, Termatalia, a que serviu de marco para a presentación do novo proxecto do Centro Médico El Carmen, “Water Health, cirurxía e balneoterapia” que promove en colaboración co Grupo Caldaria, outra entidade que tamén colabora estreitamente nos proxectos promovidos polo recinto. Trátase da unión de dúas experiencias únicas que permite conxugar técnicas médico-quirúrxicas de vangarda e as máis avanzadas técnicas termais para acelerar o proceso de recuperación do paciente estando ademais nunha contorna privilexiada.

Galicia

Redacción de OURENSE

Ponte sobre o río Airoa



■ Vía pública que facilita o paso entre a veciñanza dos Blancos e de Noveas.

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, e o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), visitaron as obras de construción da ponte sobre o río Airoa no Concello dos Blancos. Os traballos da obra consistiron na construción dun paso sobre o río Airoa para dar continuidade á estrada municipal que une as poboacións dos Blancos e Noveas, debido ao mal estado no que se atopaba a infraestrutura polas continuas crecidas do

caudal, que afectou á seguridade estrutural do mesmo, ademais de dificultar o seu tránsito polas gretas que presentaba a vía. Desta maneira, construíuse un novo pontón sobre o río na confluencia deste coa estrada municipal, adaptado ás características de desaugadoiro establecidas no plan hidrolóxico. Este proxecto foi financiado por ambas entidades que achegaron cada unha delas o 50% do importe total da obra, que ascendeu a 116.900 euros.

San Cibrao das Viñas

As obras da depuradora do Concello de San Cibrao das Viñas remataron logo de 19 meses de traballo. Esta infraestrutura contou cun investimento de 2.345.000 euros e tratará os vertidos da poboación do concello así como dos polígonos de Pereiro de Aguiar, San Cibrao, Parque Tecnolóxico, e zonas industriais de Barreiros e O Piñeiral. A actuación hidráulica permitirá solucionar os problemas de filtracións e a excesiva afluencia de pluviais, así como puntas de contaminación industrial que soporta a

actual rede. Se eliminarán os vertidos que chegan ao río e deterioran o estado ecolóxico do Barbaña. O obxectivo é dar servizo a unha poboación equivalente de 55.000 habitantes. Á supervisión das obras asistiron representantes do Goberno Galego xunto co delegado do Goberno de Estado en Galicia, Santiago Villanueva; o presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Francisco Marín Muñoz, o vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández e o alcalde de San Cibrao das Viñas, Manuel Pedro Fernández.



■ Un técnico explicou os detalles das obras realizadas.

A Confederación Hidrográfica Miño Sil construírá a súa sede no Couto

A nova sede da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) situarase no barrio do Couto no solar que no seu día (5 de xuño de 2012) cedera o Concello de Ourense.



■ Nesta zona do Couto construírase a sede da Confederación Hidrográfica.

Francisco Marín Muñoz, presidente da CHMS, explicou que o novo edificio está concebido agora en base a tres parámetros: economía, funcionalidade e sustentabilidade. Segundo explicou o técnico Joaquín Sánchez, o inmoble haberá de totalizar 6.000 metros cadrados a unha media de 1.000 metros por planta (4 alturas e 2 sotos), e irá construído en elementos tradicionais dos espazos das concas que xestiona é dicir: pedra granítica do país primando sobre o resto de elementos construtivos, coa madeira e o cristal en segundo plano. “Será un edificio de instalacións sustentables”, destacou o presidente da Confederación, que calcula que en 6 meses poida estar listo o proxecto definitivo do novo edificio. Logo sairá a licitación nun prezo estimado de 5 millóns de euros, que

Francisco Marín confía en que se rebaixe substancialmente. O investimento custearaa integramente o organismo de conca, porque “para isto, por desgraza, non hai axudas”, afirmou Marín. En calquera caso, un edificio e un orzamento de execución que estará moi lonxe do que resultase daquel que, baixo o pseudónimo Illa na corrente, gañara en xullo de 2012 o concurso de ideas convocado a tales efectos. A nova sede da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil será a cuarta gran infraestrutura que se situará na parcela do Couto lindante coa desembocadura do Barbaña no Miño, lindeiro coa Estación de Bombeo, os Xulgados e o Centro de Saúde que se está a construír neste barrio da cidade, no triángulo que no seu día ocuparon as casas do que se coñecía como barrio da Miñoica.

caf  -karaoke

rias baixas 2

R  a Eulogio G  mez
Franqueira, 55.
T  no. 988 21 80 09
OURENSE

Comidas 24 horas

Ampla terraza exterior

Todo tipo de prensa

Zona wifi

OIL PINTUCO

Recollida de aceites.
Graxas vexetais.
Limpeza de filtros.

680 956 669
675 860 424

Correo: oilpintuco@gmail.com
VILARNAZ, 34 (Coles) OURENSE

A Mina
M E S O N

Comida case  a

Avda. Buenos Aires, 92. Ourense
T  no.: 603 446 945

Redacción de OURENSE

120.000 coches recorren a diario as rúas de Ourense

O plan de mobilidade redactado polo Goberno do PSdeG no Concello de Ourense no 2012, foi rematado polo do Partido Popular logo de acceder á Alcaldía

Segundo este estudio, de toda a mobilidade motorizada que hai no caso urbano ata un 60 % é interna. Os redactores do documento destacan “o relativo peso que teñen os coches que chegan desde outros municipios da área metropolitana de Ourense e a excesiva dependencia do vehículo para realizar os movementos no interior da cidade”. O informe aconsella que “estes datos deben de ser tidos moi en conta á hora de relanzar políticas que favorezan medios alternativos ao coche. A taxa de viaxes en transporte público é relativamente reducida con respecto ás que se dan nas principais cidades galegas”. Seis de cada 10 desprazamentos na cidade son internos e a área metropolitana tamén achega os seus vehículos cada día de tal xeito que a cidade acadá un volume elevado de coches. Aí é, precisamente, onde entra en xogo o transporte metropolitano a vella demanda que se considera clave para reducir as cifras de ve-



■ O alcalde Xesús Vázquez accedendo ao autobús urbano na parada da Alameda.

hículos que circulan polo centro de Ourense. Son, de acordo cos datos que manexa o Concello de Ourense, preto de 120.000 os desprazamentos que se realizan nun día laborable na cidade. Deles, case 60.000 concéntranse

no denominado sur metropolitano, a través de estradas como a A-52, a N-525, a N-540 e a OU-101. O acceso pola zona norte concentra o 38 % de viaxes. O plan de mobilidade que agora o PP pretende retomar tamén

presenta unha serie de alternativas viarias que mellorarían o tráfico na cidade. Entre elas atópase a de reafirmar a definición do novo eixo formado por rolda bulevar, que se estendería cara ao sur pola zona do Cumial. Tamén

demanda a posta a variante
norte.

O elevado volume de coches que a diario transitan polo núcleo urbano de Ourense e a decisión da maioría dos condutores de deixalo preto do lugar ao que se dirixen, dificultan atopar aparcadorio. De acordo ao diagnóstico incluído no plan de mobilidade, na cidade hai diferentes puntos negros para aparcadoiro. As zonas máis necesitadas destes espazos son o centro (rúas Progreso, Sáenz Diez, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Cabanillas e Concordia), o barrio de San Francisco e as principais rúas do barrio da Ponte. O plan de mobilidade propón a creación de novas áreas de aparcadoiro nas inmediacións da estación de ferrocarril (A Ponte), o barrio do Couto, as zonas próximas ao Ponte Novísimo, a amboas dúas marxes do río Miño, a avenida de Zamora e o Campus universitario. Tamén se propón a construción dun aparcadoiro subterráneo dentro da área do plan especial das Burgas.

16º Salón de Vodas, Comuñóns, Bautizos e Actos Sociais

Celebra

Ourense,
7 e 8 de
Novembro
de 2015

PASARELA

Sábado ás 19.00 e Domingo ás 17.00 e 19.30 h.

FIRMAS COLABORADORAS NA PASARELA CELEBRA 2015

Organiza:

Participa:

Galicia

Redacción de OURENSE

González Tosar foi nomeado correspondente da Academia Argentina de Letras

Luís González Tosar foi designado como académico correspondente da Academia Argentina de Letras nunha sesión celebrada en Buenos Aires. O escritor e poeta nado en Buenos Aires en 1952 nun humilde fogar emigrante, reside en Galicia desde 1969 e conta cunha contrastada obra en lingua galega e unha longa traxectoria de activismo cultural. Presidente do Centro PEN-Galicia, impulsor da Fundación Ínsua dos Poetas e colaborador de La Voz de Galicia, integrará a nómina de académicos residentes no estranxeiro. Co nomeamento de Tosar, que representará a Galicia, a corporación pretende potenciar os seus vencellos coa nosa Comunidade autonómica, a súa lingua e cultura. Na acta consta que “nadie mejor para representar a Galicia en nuestra

Academia que González Tosar, ciudadano argentino, estudioso y buen conocedor de nuestra literatura, destacado poeta en lengua gallega e investigador

interesado en figuras tan importantes para nosotros como Francisco Luís Bernárdez, González Carbalho y otros grandes escritores argentinos



■ Víctor Campio, Luís González Tosar e Pepe Callos, no Bar Fuentefría.

Encontro internacional de poesía

O VI Encontro internacional de poesía é un evento co-organizado pola Deputación de Ourense, que conta coa participación de poetas de Portugal, México, Bolivia, Colombia e Alxeria. Os poetas visitaron os colexios Manuel Sueiro, O Couto, Salesianos

e a Universidade Laboral, para achegar a poesía aos máis novos. Durante tres días de outubro o programa da sexta edición do “Encontro Internacional de Poesía” acolleu espectáculos de música, teatro e poesía, así como a “Gala Círculo Poético Ourensán” no Centro Cultural

“Anxel Valente”, onde o Círculo entregou os premios á promoción e difusión da cultura, que este ano recaeu en Onda Cero polo seu programa “Ourense na onda”, en Marina Sánchez polo programa cultural de Telemiño “El Rompecabezas” e na Ronda-lla “Alecrin”.



■ Membros do Círculo Poético Ourensán na Deputación.

Deputación e Xunta preservan razas autóctonas galegas

Rematou a primeira fase das obras do proxecto da Granxa Escola en Armariz que consistiu na construción dunha nave para as nais de porco celta e outra para o gando ovino e caprino.



■ Rosendo Fernández e Patricia Ulloa na visita as instalacións da granxa.

Na seguinte fase que se prevé que finalice a principios do vindeiro ano, ocupará os traballos de derribo das naves antigas, a instalación de auga e luz, e os peches perimetrais das granxas construídas. As instalacións gandeiras contan cunha superficie de 10 hectáreas conta con máis de 250 de cabezas de gando entre ovino e caprino e ao redor de 80 cabezas de gando porcino. O presidente do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (Inorde), Rosendo Fernández, visitou, xunto coa directora xeral de Producción Agropecuaria, Patricia Ulloa e o subdirector de Gandería, Jorge Mourelo, as instalacións gandeiras da Granxa de Armariz, (Nogueira de Ramuín), propiedade do ente provincial. O guía da visita foi o veterinario do Inorde, Bernardino Domínguez. Rosendo Fernández agradeceu a colaboración da Xunta, e asegurou que a Deputación “aposta pola recuperación das especies autóctonas en perigo de extinción”. Deputación e Xunta teñen un convenio de colabora-

ción para “manter rabaños fundacionais de distintas especies autóctonas galegas, de distintas orientacións produtivas, tanto de porco celta, de ovella galega e cabra galega. Estase pensando en introducir galiña de Mos”, asegurou Patricia Ulloa. Este convenio de colaboración para o mantemento das razas autóctonas, inclúe apoio económico pero tamén, actuacións realizadas por ambas partes. Trátase dun traballo en conxunto no que a consellería se ocupa de cuestións de asesoramento, información e de marcar as pautas, e o Inorde encárgase de realizar o traballo de campo e de informar á consellería acerca dos resultados conseguidos cos distintos traballos, para buscar entre ambas partes “o xeito máis oportuno de facer o seguinte convenio de colaboración cando este remate”, asegurou Patricia Ulloa. Felicitou á Deputación “polo traballo que fai nesta granxa e con estes animais porque un bo traballo sempre se ve recompensado pola aceptación que despois ten entre os gandeiros este tipo de animais”.

Xornadas Ferroviarias na Estación de Baños de Molgas

Na Estación de Baños de Molgas celebráronse as Xornadas Ferroviarias “O patrimonio ferroviario como tractor de produtos turístico-culturais”.



■ Inauguración das xornadas que duraron tres días.

O presidente do Inorde, Rosendo Fernández, xunto co xefe de División de Recursos Naturais da Cámara Municipal de Viana do Castelo, José Paulo Dantas Vieira; o alcalde de Baños de Molgas, Xaime Óscar Iglesias Pérez; e o xerente do Inorde, José Manuel Rodríguez, inauguraron as Xornadas Ferroviarias “El patrimonio ferroviario como tractor de produtos turístico-culturais” na Estación de Baños de Molgas. Rosendo Fernández destacou durante o acto a importancia deste tipo de actividades para “apostar pola promoción turística das Estacións en base aos usos para os que foron dotadas, dende auténticos museos itinerantes de tradición e paixón como é o Museo do Traxe Tradicional Galego e o Museo do Automóbil-Estanslao Reverter, ata a recreación da historia do ferrocarril na “Aula-Museo do Ferrocarril” pasando por unha homenaxe a Moncho Borrajo descubriendo ó artista e á persoa en todas as súas facetas co Museo Moncho Borrajo; sen esquecer outras estacións dedicadas a albergues turísticos”. Os

60 participantes inscritos asistiron á exposición do Proxecto de Estacións a Estacións Vivas da man de José Paulo Dantas e José Manuel Rodríguez González, que explicaron o desenvolvemento deste proxecto. Posteriormente, emitíuse o documental “Carrilanos, los túneles de un tiempo”, de Rafael Cid Fernández, que comentou a proxección. Houbo debates e visitas ás estacións dos Peares e Santa Cruz de Arrabaldo. Estas xornadas enmárcanse dentro do proxecto europeo “Estaciones Vivas” que consistiu na rehabilitación de seis infraestruturas ferroviarias en desuso de Baños de Molgas, Castrelo do Val, Santa Cruz de Arrabaldo, Os Peares, Vilar de Barrio e Vilavella, así como o Funicular de Santa Luzia en Viana do Castelo. Durante tres días de actividades na estación de Baños de Molgas tratáronse “os distintos aspectos que están relacionados co mundo do ferrocarril dende o punto de vista etnográfico, histórico, cultural e patrimonial”, tal e como asegurou na presentación Francisco Gil, o coordinador das xornadas.

Salón do automóbil novo e de ocasión

Todos os concesionarios da provincia de Ourense pertencentes á Asociación de Concesionarios de Automóviles de Ourense, A.C.A.U.T.O., participaron como expositores no 7º Salón do Automóbil que se celebrou durante dúas finas de semana seguidas en Expourense. Dende o 23 ata o 25 de outubro foi o Salón do Vehículo Novo, e dende o 30 de outubro e o 1 de novembro o do Vehículo de Ocasión. Trátase de dúas citas vencelladas cun dos sectores comerciais de maior peso na provincia de Ourense, o da automoción, e que foi organizado de forma conxunta entre Expourense e A.C.A.U.T.O. e que este ano contou como novidade co patrocinio de ABANCA.

O obxectivo foi presentar no recinto feiral unha oferta completa e atractiva, que cubra todas as gamas e modelos de vehículos para adaptarse ás necesidades e preferencias dos visitantes. Trátase dun público obxectivo e amplo que consultou nun mesmo espazo e de forma axeitada toda a oferta existente no mercado ouren-

sán, e comparou opcións antes de decidir a compra do seu vehículo. Como incentivo para animar a os visitantes a axilizar a decisión, a organización sorteu, entre os visitantes que pecharon a compra dun automóbil novo ou de ocasión nestas citas, un cheque regalo por importe de 6.000 euros a descontar do prezo de compra do vehículo adquirido.

No referente o Salón de Ocasión, a principal novidade foi que todos os coches presentes neste salón foron revisados por Applus+ Automotive, empresa de recoñecido prestixio que presta servizos de inspección regulamentaria de vehículos e solucións para ensaios de emisións e gas a nivel mundial, e que fixo una exhaustiva revisión dos vehículos expostos para garantir a súa total conformidade.

Como en todas as feiras que organiza Expourense, aqueles que se achegaron en tren ata Ourense nos días de celebración destes salón beneficiáronse dun 35% de desconto en todas as liñas, AVANT incluída.





Aluminios Durán

Mamparas - Portas - Peches

Catro Camiños, 19 - T. 988 20 30 92 - www.aluminios-duran.tk
CASTRO CALDELAS (Ourense)

Montederramo

XXII edición da Festa da Carne

Por: Jesús Losada

Montederramo (Ourense) celebrou a XXII edición da Festa da Carne, o 12 de outubro, coa participación de máis de mil visitantes. Baixo unha carpa, os comensais degustaron preto de 900 quilos de tenreira galega repartidos en empanada, richada e ao caldeiro acompañada de viño da Ribeira Sacra. Na sobremesa servíuse bica Vilanova e Gainza, da localidade, e licor café. Todo ao prezo de 15 euros coma nos últimos cinco anos. Animaron a feira grupos de gaiteiros e charangas. Un grupo de xinetes percorreron os arredores e a vila. O tempo acompañou xa que non choveu nin foi frío, a pesar das previsións en contra. Na feira, moitos postos de venda de roupa, calzado, agasallos, ferramentas para o agro, plantas e frores e, o habitual posto de xamóns Javier Martínez.



■ Antes do xantar, aperitivo no bar Bodegón.



■ Despóis da empanada servíuse a carne ao caldeiro e logo a richada.



■ Acudiron á feira comensais de todas as idades.



Montederramo

Rivoyra Sacrata

Montederramo está a 40 quilómetros da capital da provincia de Ourense pola estrada OU-536. É un craro exemplo de turismo interior sendo o seus principais atractivos o mosteiro de Santa María e a Serra de San Mamede (1.700 metros de altitude). Neste ecosistema atópanse moi variadas especies de vidueiros, acebos, carballos, carqueixas, toxos e, en fauna, corzos, xabaríns, perdiz roxa, coellos, lebres e troitas. Montederramo é un pobo de montaña que se pode visitar en calquer momento do ano. Dentro dos límites municipais atopamos a primeira mostra de poblamento primitivo en o Castrolo, construción castrexa próxima a Leboreiro. Desta época romana son os restos da Vía XVIII do itinerario Antonino, en Vilarino Pequeno e a ponte romana, tamén chamado “Ponte vella”, ademais dalgunhas inscricións viarias atopadas preto de Seoane Vello. Xa nos séculos XI-



■ Viñeron comensais de Cangas, Ribadavia, Ourense, Monforte, Caldelas...

bido ás cuantiosas doazóns en terras feitas por Alfonso VII, en eixo ordenador da vida económica da comarca e máis tarde, en importante centro de formación

composta por 46 parroquias pertencentes a Castro Caldelas, Montederramo e A Teixeira. Foi ao redor do mosteiro de Santa María de Montederramo que cre-

San Benito e máis tarde ás do Císter, ata que a comezos do século XVI unha bula papal adscribio a Congregación Cisterciense de Castela. Finalmente, coa de-

samortización dos bens eclesiásticos, boa parte dos seus dominios pasan a ser destinados a vivendas ata chegar ao seu estado actual.



■ Pola tarde continuou a festa na terraza de Casa Elvira.

XII, coincidindo con certo auxe económico e de reactivación da vida feudal en todo o noroeste peninsular, propiciada polo clero e a nobreza, tivo lugar a construción e fundación por dona Teresa de Portugal do mosteiro beneditino de San Juan (ano 1124). Posteriormente converteuse de-

de ilustres abades e monxes, ata a súa desaparición como comunidade relixiosa en 1832.

Terra de Caldelas

A relación cos municipios limítrofes xa se establece neste período, cando se constitúe a xurisdición de Terra de Caldelas,

ceu a actual vila. Nun documento do ano 1.124 a raíña Dona Teresa de Portugal, filla do rei galego Afonso VI, manda fundar o mosteiro e fai por vez primeira alusión escrita ao nome de "Rivoyra Sacrata". Este recibiu os favores de varios reis e papas e estivo sometido ás regras monásticas de



■ Os xubilados participaron activamente.



Galicia

RIBADAVIA

Medra o número de empresas que etiquetan os produtos en galego

A Irmandade de Agroalimentarios e Adegueiros (IRGADE) celebrou en Santo André de Ribadavia, unha assemblea na que ingresaron 25 novas marcas empresariais de distintos produtos que etiquetan en galego.



■ Intervención de Xosé Carballido Presas, coordinador da Irmandade.

Os asistentes asinaron a denominada “Carta de consumo responsable” para que os consumidores poidan elixir produtos etiquetados e comercializados en galego. Ao acto asistiron 60 empresarios, uns 20 colectivos entre asociacións de mulleres, de veciños, musicais, societais, sectoriais da xustiza e da sanidade. Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, referiuse ao Plan de Dinamización da Lingua Galega no tecido económico 2015-2020, que promove a Xunta para potenciar e ampliar o uso do galego no eido empresarial e cuxa aprobación está prevista para finais de ano. O conselleiro instou aos asistentes a presentar suxestións para nu-

trir o documento co máximo número de achegas posibles dos diferentes ámbitos sociais. Xosé Carballido Presas, coordinador de IRGADE lembrou que “o etiquetado marca a diferenza no mercado” xa que segundo apuntou “hoxe xa non abonda falar de calidade xa que logo hai que plantexar estratexias que protexan a nosa identidade”. Amosouse satisfeito dos resultados conseguidos logo de catro anos, con todos os partidos e sindicatos que asinaron a “Carta de consumo responsable”, que tamén foi asumida de forma institucional polo Parlamento galego. Carballido sinalou algunhas das próximas accións encamiñadas a concienciar sobre o consumo de produtos galegos, que se desen-

volverán en colaboración con distintos concellos de Galicia. Xosé González, presidente do Foro Enrique Peinador, onde se encadra a IRGADE, leeu o contido da “carta” e asinaron as asociacións integrantes. Carmen Lago interviu en representación de Marcas Agroalimentarias; Miguel Ángel Corredoira, das Asociacións de Veciños de Lugo, e Carlos Varela pola Irmandade Xurídica Galega. Varela sinalou que “o uso do galego é un importante factor de calidade no trato e relación co consumidor”. Román Rodríguez clausurou o acto matizando que “temos un elemento diferenciador que lle dá un valor engadido aos produtos; o galego é útil para potenciar produtos de enorme calidade”.

ALLARIZ

A Fundación Vicente Risco chega a Tras Os Montes e Alto Douro

Luís Martínez-Risco Daviña, representando á Fundación Vicente Risco, asinou un protocolo de colaboración coa universidade portuguesa de Trás-Os Montes e Alto Douro, a través do “Centro de Estudos Transdisciplinares para o Desenvolvemento” (CETRAD), co ánimo de reforzar e oficializar a nivel académico os lazos que ambas as institucións veñen mantendo desde hai tempo. “Esta sinatura permitiranos estender a promoción da Fundación ao norte de Portugal e ao mundo lusófono”, explicou Martínez-Risco. Entre os beneficios para a universidade lusa está a posibilidade de utilizar a Fundación e a súa estrutura para desenvolver actividades en territorio galego. A primeira co-

laboración oficial entre ambas as institucións será no “Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais” que se fallará próximamente e “queremos seguir colaborando con outro tipo de actividades culturais, seminarios, cursos e exposicións”, engadiu Luís Martínez-Risco. O acto celebrouse coa asistencia do alcalde alaricense Francisco García; acudiu como representante da universidade lusa o doutor Alberto Baptista, así como outros seis docentes como Xerardo Pereiro, membro do padroado alaricense. A delegación lusa coñeceu diversos proxectos que se desenvolven no municipio como a central de biomasa, a queixería de O Rexo e o proxecto outlets no centro histórico da vila.



■ Luís Martínez-Risco facendo uso da palabra na sede da Fundación Vicente Risco.



PEREGRINUS
Pulperia · Churrasquería

Ven a disfrutar de nuestro **menú del día** en el que elegirás entre 4 primeros y 4 segundos platos. **Pulpo y churrasco**, siempre.

Porque en Peregrinus nos gusta que disfrutes de una comida o cena con los tuyos, organizamos **eventos** para grupos. Podrás elaborar tu propio menú o **elegirlo** de nuestra carta.



c/ Valle Inclán 35, Ourense | Tel: 988 686 545

Galicia // Norte de Portugal

Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular acorda, en Lalín, trasladar ao Goberno Central as súas demandas sobre a Alta Velocidade entre A Coruña e Lisboa

A Executiva do Eixo pide a España e Portugal “medidas de maior calado” para facer efectiva a comunicación interrexional

Os representantes de 12 concellos de Galicia e o Norte de Portugal reuníronse este mes en Lalín na Comisión Executiva do Eixo Atlántico, unha reunión na que abordaron proxectos de interese común para estes municipios. Do encontro en Lalín do Eixo Atlántico saliu unha postura consensuada do grupo sobre a conexión ferroviaria de Alta Velocidade entre A Coruña e Lisboa, que tamén unirá Santiago, Vigo e Porto.

O Eixo Atlántico aproveitou este encontro para reclamar “medidas de maior calado que as comprometidas” ata o momento con este proxecto de conexión ferroviaria. Ademais pediron “maior implicación” das Administracións españolas para que ésta sexa unha liña sostible e eficaz na comunicación interrexional. Por iso, os membros da Executiva do Eixo Atlántico acordaron solicitar un novo encontro coa Ministra de Fomento, Ana Pastor, para abordar esta cuestión e retomar o proxecto do túnel de saída sur de Vigo, que facilita o fluxo de usuarios deste tren.

Da reunión saíu ademais unha aposta clara do Eixo Atlántico por modernizar e mellorar as conexións entre as vilas e cidades do interior afectadas polo trazado, nun primeiro momento fomentando a liña de transporte ferroviario de mercadorías, que daría paso ao seu uso por parte de viaxeiros. O alcalde de Lalín, Rafael Cuiña, comprometeuse a trasladar un avance destes asuntos nunha reunión con Ana Pastor que mantivo este mesmo mes, e os concellos portugueses pola súa banda, acordaron comezar tamén as xestións para transmitir estas peticións aos representantes lusos.

Segundo explicou despois da reunión o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao, “hoxe para viaxar da Coruña a Lisboa hai que cambiar de estación en Vigo, e en Porto de andén”. Isto na práctica resulta “ineficaz” e segundo advertiu Vázquez Mao, de non arranxarse este problema “o tramo Vigo-Porto será unha mera lanzadeira”.



Para os membros da Executiva do Eixo Atlántico, o AVE galego “será de toda a eurorrexión”, polo que demandan ademais mellorar a conexión entre Bragança e Sanabria, e no caso do interior de Galicia as conexións con Lugo, Sarria e Monforte. Dende o Eixo Atlántico apuntan ademais por

unha conexión ferroviaria entre os portos galegos e Monforte, ademais dunha liña de altas prestacións para mercadorías e dende Areiro a Salamanca. O alcalde do Barco de Valdeorras, Alfredo García, explicou pola súa banda que no caso das vilas interiores das provincias de

Lugo e Ourense, sin acceso ao AVE, esa liña de mercadorías con traxecto de Monforte ao Barco, Ponferrada e León “tamén podería ser usada para transporte de pasaxeiros a velocidades altas”, de xeito que quedarían conectados co resto da rede ferroviaria e con altas prestacións.

Da Executiva do Eixo Atlántico saíu ademais a decisión de crear un grupo de traballo que analizará polo miúdo estas cuestións con responsables da Secretaría Xeral de Infraestruturas do Goberno do Estado. Tamén o presidente do Eixo Atlántico e alcalde de Braga, Ricardo Río, destacou as infraestruturas ferroviarias coma un “instrumento fundamental” para o desenvolvemento de este territorio e como “garante” da súa conexión interna.

Pola importancia que a liña ferroviaria de alta velocidade téñen para o territorio do Eixo Atlántico, a Executiva celebrada en Lalín demandou, tanto de España coma de Portugal, “concretar instrumentos” e aproveitaron para pedirle ao Goberno de Madrid diante da proximidade das eleccións xerais do 20 de decembro “que asuma os proxectos xa comprometidos no seu día”, por iso demandaron “dinamismo” ao grupo de traballo para que “non se vexa sobrepasado polos acontecementos”.

Lalín centro neuráxico

O alcalde de Lalín e anfitrión desta reunión, Rafael Cuiña, amosou a súa satisfacción polo feito de que “o noso Concello recupere a condición de centro neuráxico para a toma de decisións en Galicia”. O rexedor considera que se están dando os pasos axeitados para que o Concello volva a ter o peso político que tivo nos anos 90 “e que, lamentablemente, foi esmorecendo durante a primeira parte do século XXI”.

Segundo destacou Cuiña, boa mostra desa recuperación da categoría política de Lalín é o encontro da comisión executiva do Eixo Atlántico, que se celebrou no Castro Tecnolóxico, e que contou coa presenza de representantes de 12 concellos de Galicia e do norte de Portugal. Entre eles estaban o alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, ou o vicepresidente da FEGAMP e alcalde do Barco, Alfredo García.



Novas da Raia

TOMIÑO

Obras de restauración e mantemento na Aula- museo Antonio Fernández

Os telóns pintados por Antonio Fernández para o Centro Goianés son tratados por un equipo de restauradoras.

O Concello de Tomiño ven de restaurar os tres telóns de Antonio Fernández expostos na Aula-museo Antonio Fernández. O proxecto de restauración viu dado pola mala calidade do soporte dos telóns, papel estraza, e pola acción dos axentes medioambientais.



As obras de restauración viñeron a paliar o deterioro que estas obras estaban a sufrir pola acción dos raios ultravioletas, a calor ou a acción de oxidación natural polo oxíxeno e polo dióxeno de carbono. Factores todos eles que son parte da natureza pero que a súa acción sobre soportes perecedeiros e de curto uso como o papel de estraza axilizaron o proceso de deterioro. A restauración supuxo a aplicación dun adhesivo acuoso sobre todo o soporte de papel para crear sobre el unha película que o protexerá da decoloración de ton azul. Ademais, procedeuse a colocar unha lámina de control e protección en todos os cristais das catro ventás das salas. Este investimento eliminará a entrada do 99% de raios ultravioletas e restará o 50% da calor. A Alcaldesa, Sandra González, destacou a "importancia do mantemento e mellora das infraestruturas municipais existentes e mais nas instalacións con valor artístico e histórico como é a Aula-museo Antonio Fernández". Segundo González "o pintor Antonio Fernández deixounos un legado de relevancia mais tamén é certo que algunhas das pezas que conservamos precisan dun mantemento máis intensivo xa que foron feitas cun fin temporal e por elo en soportes industriais de pouca calidade".

Tomiño optimiza o gasto eléctrico en alumado público

O proxecto ten un custo 0 para as arcas municipais e reducirá nun 9% o gasto en electricidade.

O Concello de Tomiño segue traballando en liñas de aforro enerxético e ven de comunicar os resultados dun estudo da facturación eléctrica do alumado público. Este análise destaca o éxito das políticas de aforro enerxético dos anos anteriores e atopa novas liñas de traballo para a redución de importe da luz.

En base a este análise, o Concello procederá a axustar os parámetros de contratación de enerxía dos 108 sumistros de alumado público que suministran electricidade a máis de 7.000 puntos de luz.

Este proxecto de optimización enerxética do alumado público reducirá nun 26% a potencia total contratada o que beneficiará ao Concello na medida en que por un lado, pagarase menos na parte fixa da factura e, por outro lado, o importe do consumo de enerxía será tamén menor.

Este plan de optimización enerxética permitirá un aforro do 9% na factura eléctrica do alumado público, é dicir, sobre 25.000 € anuais. Este é un dato importante xa que no ano 2014 o Concello de Tomiño gastou 279.385€ en consumo enerxético, un importe nada desdeñable no orzamento municipal.

O gasto no recibo da luz ten sufrido un progresivo incremento nos últimos anos. Segundo a

plataforma FACUA, nos últimos 10 anos, o prezo da luz subiu nun 76% sendo o estado español o país europeo que máis gasta en alumado público. O Concello de Tomiño ten conseguido conter o recibo do suministro eléctrico grazas ao plan de aforro enerxético no que se investiu nos anos anteriores e nos que agora se avanzará grazas a este estudo que, ademais, descubriu erros na facturación por parte das empresas suministradoras e ao que o Concello procedeu a reclamar a súa devolución.

Este traballo de optimización enerxética terá un custo 0% para o Concello, xa que o estudo foi levado a cabo por personal municipal contratado mediante unha bolsa da Deputación de Pontevedra. Tras os bos resultados deste traballo, o Concello de Tomiño continuará na análise do gasto enerxético mais agora dos diferentes inmobles con custo para as arcas municipais como dos centros educativos, das instalacións deportivas ou dos diferentes centros sociais de titularidade municipal.

A Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, destacou "a importancia de optimizar os gastos enerxéticos e de facer unha racionalización do consumo". Segundo González "con este estudo damos un paso máis na redución da factura da luz o que suporá un aforro importante para as arcas municipais e polo tanto un maior investimento noutros servizos".

O Consello Escolar Municipal organiza a 1ª Semana da Educación no mes de xaneiro

Ademais, o goberno local informou das axudas ao material escolar, das actividades extraescolares gratuitas, do programa "é aprender" e dos arranxos levados a cabo nos centros educativos.



O pasado mércores celebrouse o primeiro consello escolar municipal deste novo curso escolar 2015/2016. A orde do día incluía como primeiro punto as axudas ao material escolar que o Concello de Tomiño convocou e das que se beneficiaron 304 nenos e nenas de Tomiño.

O goberno local, representado pola Alcaldesa e polo Concelleiro de Medio Rural, Lois Vázquez, tamén deron conta das actividades extraescolares gratuitas que sufraga o orzamento municipal. Estas actividades supoñen un total de 17 actividades e que dan cabida a todos os centros e niveis educativos. Ademais, no consello escolar municipal recordouse o traballo docente das escola municipal de teatro e da escola de música de Tomiño das que tamén se benefician os nenos e nenas do municipio.

O programa "é aprender" foi o terceiro punto da orde do día e do que os membros do consello escolar mostraron a súa satisfacción polo éxito educativo acadado até o de agora. Este novo curso escolar, iníciase xa con máis de 60 nenos e nenas que recibirán apoio escolar en diferentes puntos xeográficos do municipio. O obxectivo do programa é traballar aspectos diversos que afectan a hora de estudio, como poden ser cuestións como a atención, a motivación, a autoestima, a resolución de conflitos, etc. Este programa está impartido por profesionais do campo educativo e que ademais conta cun gabinete psicolóxico para os nenos e nenas que o precisen. Finalmente, abordouse a cuestión relativa a arranxos nos centros educativos.

O Concelleiro de Medio Rural, deu conta da relación de obras efectuadas aproveitando as vacacións estivais. Destacouse o acondicionamento dunha aula de usos múltiples e as obras de accesibilidade no CEIP Sobrada. Tamén se informou das futuras obras de acondicionamento da pista de atletismo do CEP Pedro Caselles. No consello escolar municipal foi novamente abordado a cuestións da situación actual da escola unitaria "Aurora del Porvenir". A anpa, os pais e nais do CRA Manuel Garcés e a Alcaldesa mostraron o seu malestar pola actual situación da escola unitaria "Aurora del Porvenir" e o seu interese porque esta histórica aula continúe prestando a súa labor educativa.

No consello escolar municipal saldouse, ademais, co acordo de organizar unha xornada adicada a reflexión conxunta da educación. Serán uns encontros participativos nos que se convidará a expertos en educación, a nais, pais, profesorado, anpas e alumnado co fin de analizar os puntos fracos da actual situación do modelo educativo e procurar de liñas de traballo de cara a reducir o fenómenos de fracaso escolar.

A Alcaldesa, mostrou a súa satisfacción polo bo funcionamento do consello escolar municipal que "facilita o contacto directo coa comunidade educativa e dende o cal se acordan as decisións por consenso." Segundo a rexedora "as actuacións que está levando a cabo o Concello de Tomiño amosan a prioridade que supón para este goberno local a educación, unha aposta polo futuro do municipio."

O PORRIÑO

A alcaldesa de O Porriño comprometida co saneamento do Concello neste mandato



Eva García de la Torre, acompañada polo de Vías e Obras, Manuel Carrera, o da Área de Limpeza, Parques e Xardíns e Tráfico, Orlando Márquez e o responsable de Facenda, Raúl Francés, empezou a cumprir o compromiso, adquirido durante a campaña electoral: manter contacto periódico e permanente cos cidadáns. Visitou Budiño, acudindo ao

Centro Social A Forna, onde os veciños poideron plantexarlle todas as súas preocupacións, problemas e necesidades. A Alcaldesa salientou que os porriñeses que viven nas parroquias teñen o mesmo dereito aos mesmos servizos que teñen os que vivan no centro. Llebrou que as parroquias son “as grandes olvidadas e que temos a obriga de que teñan boas comu-

nicacións, de que se tramiten axiña as licenzas ou que haxa mellor acceso a Internet”. García de la Torre repetiu que o saneamento é un dos grandes problemas que teñen os veciños, comprometéndose que ao final do mandato esté rematado o 95% do mesmo “en todo Porriño”. Manuel Carrera adiantou “mañán mesmo comezaran as

obras na rotonda e a construción de beirarrúas, na saída do Polígono de As Gándaras” que estará rematada a finais deste mes, e a vindeira semana unha obra semellante no acceso norte, o máis cercano á ITV. Alcaldesa e concelleiro adiantaron que se destinarán 169.000 € a obras de saneamento en toda a parroquia, en especial en A Chan, en concreto en A Cruz, Vitureira e Vaqueira, “que abranquirá 150 vivendas e que estará rematada e funcionando en xuño de 2016”. O investimento total nun ano será de “400.000 a

500.000 €”, á marxe das partidas procedentes da Confederación Hidrográfica.

Segundo os veciños presentes a actual Alcaldesa era a primeira rexedora do Porriño que acudía a Budiño fora dos actos de campaña electoral. Durante un intenso coloquio respostou a todas as preguntas dos asistentes, ofreceulles explicacións ás súas demandas e animounos a “darnos caña, porque a nosa obriga é traballar para vos e facer todo o que poidamos para darlle solución aos vosos problemas”.



ASDAN, San Xerome e San Rafael campións galegos de Baloncesto FGDA

O polideportivo municipal de Porriño foi escenario dunha das mellores mostras de xogo limpo na pista a cargo duns 180 xogadores.

As dúas pistas do Polideportivo Municipal de O Porriño, acolleron durante toda a mañá os encontros pertencentes á terceira xornada e final da Liga de Ba-

loncesto 2015 para deportistas con discapacidade intelectual. Deste xeito, ao longo de 20 partidos que daban comezo ás 10.30 h, púidose ver

sobre as canchas o gran compañeirismo existente entre os 180 xogadores participantes, que demostraron un grande e exemplar xogo limpo sobre o terreo pero sen deixar de lado as súas ansias por gañar, latentes nas súas emocionadas celebracións.

A concelleira de Benestar Social e de Educación, Soledad Girón, foi a encargada de entregar os premios aos campións e subcampións desta cuarta edición, alentando “a seguir gozando do deporte como o fazedes, porque dá gusto vovos xogar e comprobar o gran compañeirismo que vos demostrades”.

Así, os encargados de recoller os seus premios -aínda que todos levaron a súa medalla conmemorativa valorando o seu esforzo e empeño- foron na competición masculina, campión ASDAN e subcampión, ASPANEX; na competición feminina, campión San Xerome e subcampión, Escravas Virxe da Dolorosa; en adaptada masculina, campión San Rafael e subcam-



pión, Juan XXIII; e adaptada feminina, campión ASDAN e subcampión, Méndez Núñez.

Xunto ao resto de equipos participantes -Saladino Cortizo, San Rafael, Saiar, Aceasca, Racing Chapela e Prioriño-, todos os seus integrantes demostraron un ano máis que son uns auténticos campións.



Louriña

PORRIÑO

A alcaldesa reitera que o suplemento de creto é para que o concello poida funcionar

“¿Qué explicación política hai en comprar parafoxos?”. Esa é a resposta que a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, deu este martes á petición do voceiro municipal do BNG para que detalle cales son os motivos que hai detrás de cada un dos gastos que abrangue a solicitude de Suplemento de Creto, que o goberno local leva ao Pleno deste mércores, día 28, e que xa levará ao do pasado 30 de setembro. “A modificación orzamentaria plantéxase porque o anterior goberno local deixou partidas valeiras para afrontar o funcionamento diario do Concello”, lembra a alcaldesa, quen subliña que “non hai explicación política algunha en pagar a construción dun muro ou en arranxar o tellado dun colexio”.

Eva García de la Torre reitera que solicítase o suplemento de creto ao Pleno porque é necesario dado que o actual goberno, “que se constituiu co apoio do Bloque Nacionalista Galego” atopouse

con que non podía asumir os gastos correntes porque “nas últimas semanas de xestión do Partido Popular valeíronse as partidas coincidindo coa época electoral”. A alcaldesa, ademais, engadiu que xustificar gasto por gasto é “unha laboureira inxente” que requiriría horas de traballo que o Concello non pode asumir na actualidade sen descoidar a xestión diaria dos asuntos municipais. A elo súmase o feito de que os orzamentos non se fan por concellerías, como lembra García de la Torre ao BNG, senon por áreas de gasto, como se indica no informe que, dacordo co acordado no Pleno do 30 de setembro, achegouse a todos os grupos. Unha vez máis, a rexedora amósase “absolutamente disposta” a debater e responder a calquera cuestión que estimen os voceiros de todos os partidos da Corporación e a chegar aos acordos que permitan que o Concello siga traballando, asumindo as súas obrigas e solucionando os problemas dos veciños.



O BNG do Porriño pedirá explicacións ao goberno

O BNG do Porriño pedirá explicación ao goberno municipal polo retraso esaxerado que este ano estase a dar no comezo do curso da Escola Municipal de Música do Porriño, onde terían que haber comezado as clases a principios do mes de outubro e estando case a finais deste mes aínda non foi adxudicada a xestión da escola. Dende o Bloque Nacionalista non entenden como é posible que un servizo que se debería estar prestando dende hai xa un mes os alumnos/as, aínda non se coñeza cando vai comezar o curso.

Por outra banda tamén se pedirá explicacións sobre a posta en marcha do pro-

grama “Tempo para nós”, dirixido aos maiores de 55 anos, que ao igual que pasa ca Escola de Música aínda non foi adxudicado e estase a producir un retraso importante co conseguinte prexuízo para os beneficiarios do programa. O portavoz municipal, Pedro Pereira, non entende como uns servizos municipais coma estes, que non son novos senón que se levan a cabo cada ano, dende o novo goberno municipal non se puxeron a traballar e sacar a contratación dende practicamente o minuto cero de goberno e se poden o que parece unha vez obedecer as eivas na xestión que este goberno municipal está a padecer.

O Concello de O Porriño e o Cluster do Granito traballarán conxuntamente na promoción do sector



Foi unha xuntanza moi proveitosa e productiva”. Así calificou o presidente do Clúster do Granito, Guillermo Pérez Aboy, a reunión que mantivo este xoves coa alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, na que a rexedora plantexou un acordo para traballar “conxuntamente” cun sector “senlleiro” que emprega a máis de 7.000 persoas e representa preto do 1,5 % de todo o Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia. Pérez Aboy salientou que o Cluster e o Concello irán da man no “fomento do emprego na zona de Porriño, no estreitamento da comunicación empresarial coa administración local e na promoción e proxección, dentro e fora de España, do Granito de Galicia”. O presidente do clúster incidiu no feito de que o 80% de todo o granito que se produce en España sae de Galicia e que, deste, “o 90% ten coma orixe Porriño”; nas “boas perspectivas” para este ano e o 2016, e no feito de que se trata dun sector moi internacionalizado “que soubo adaptarse ao mercado mundial esgrimindo a súa calidade, tanto no que se refire á propia materia prima, como na súa industrialización”.

Esta calidade permitiulle ter como primeiros clientes a empresas e organismos de Estados Unidos, países de Iberoamérica, Europa e de Oriente Medio e que haxa institucións tan emblemáticas como o Moma de Nova Iorque, a sede do Concello de Tokio, a do Parlamento Europeo, ademais dos metros de Londres e París ou os aeroportos de Hong-Kong e Dubai, que están feitos con granito Porriño.

Precisamente foi nesta proxección, “tanto dentro como fora de España” no que a alcaldesa ofreceu a “completa colaboración do Concello”, de xeito que toda a promo-

ción do Granito se faga dende Porriño. Eva García de la Torre viaxará, nas próximas semanas, a Bruxelas onde plantexará ás autoridades europeas a necesidade de que a ‘marca’ Granito de Europa estableza normas de transformación e medioambientais que están nos protocolos cos que traballan, dende hai anos, as empresas do clúster galego.

Eva García de la Torre e Guillermo Pérez Aboy coincidiron na importancia de promocionar diante dos organismos da UE o “expertis” da industria graniteira galega, un dos seus sinais de identidade “que xeran máis confianza e fidelidade entre os clientes desta industria”.

FORMACION ESPECIFICA PARA O EMPREGO

En base a isto, a alcaldesa anunciou a creación, con fondos municipais, de Plans de Formación “específicos e adaptados ás necesidades concretas das empresas, que permitan a cualificación de veciños do Porriño que estén en paro para desenvolver os postos que estas empresas precisan cubrir”. Eva García de la Torre cre que a mellor opción é que sexan integrantes destas empresas os que impartan esa formación, “de xeito que os aíntes aos cursos adquiriran, exactamente, os coñecementos que deben ter os empregados que busca esta industria”.

A alcaldesa subliñou que ten a intención de aproveitar “ao máximo” a ventaxe de que Porriño conte con “dous polígonos industriais en expansión, con importantísimas firmas que precisan persoal formado en habilidades concretas, para que os porriñeses sen emprego poidan adquirir as mesmas e atopar un traballo duradeiro e estable”.

PORRIÑO

MARCELINO COTO: "O noso obxectivo é recuperar O Porriño para os veciños"

Desenrolar o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) é a primeira e máis importante laboursa que debe acometer, este mandato, o concelleiro de Urbanismo, Comercio e Industria do Porriño, Marcelino Coto. O plan, aprobado hai 12 anos "ten que adaptarse ao Lei do Solo de Galicia", algo para o que o concelleiro buscará "o consenso con todos os partidos municipais, dado que un plan xeral ten que ser o proxecto no dun goberno, senon de toda unha corporación".

Neste momento, o pantexamento inicial da adaptación do mesmo xa recibiu o visto bo do Goberno de Galicia e "agora é o momento de iniciar as conversas entre os grupos municipais e buscar o acordo moi amplo".

Tamén subliña como esencial que o Ministerio de Fomento ceda ao Concello o treito de la N-120, dende o núcleo de Cans, "estamos falando dun núcleo importante no que calquera veciño que queira acometer unha obra ten que solicitar autorización do ministerio, isto e un contrasentido e un atranco para o desenvolvemento desta parte do concello". A solicitude desta cesión levarase a Pleno o vindeiro mércores, día 28 e, máis adiante a petición de que a parte da N-550, á altura de Carracido, pase a ser,



tamén de titularidade municipal.

Ademais, o novo goberno, como xa adiantou a alcaldesa, Eva García de la Torre, quere afrontar, de forma definitiva, a solución do paso do tren, "e facelo de xeito que posibilita a integración do casco de Torneiros co do centro o que é esencial".

Marcelino Coto aposta por un urbanismo "que pensé nos veciños e, non como ata o dagora, nas especulación... aquí practícouse o terrorismo urbanístico, necesitamos

zonas verdes, prazas, un Porriño aberto que, son moi consciente de que é unha laboursa para moitos anos e que temos que empezar a desenrolar".

Un bo exemplo delo podería se a planificación, na Ribeira de Louro, dun gran parque de ocio, preto de Frigolouro, "onde esperamos facernos cunha importante cantidade de terreo que permita dispor de pistas ao aire

libre, unha zona de deporte, para as fami-

lias, que sexa un sinal de identidade de Porriño".

Polo que se refire ao eido industrial, Coto recoñece que Porriño "está forte, moi forte" e que aos polígonos públicos de A Granxa e As Gándaras, súmanse outros de iniciativa privada que, ou ben están xa completamente desenrolados, ou empezan agora a despegar. Este é o caso do Ppi 7, "cun nivel moi alto de ocupación"; o Ppi 6, "que está totalmente urbanizado en no que xa se están a instalar media ducia de empresas"; o Ppi-2, onde están funcionando varias empresas, algunhas da importancia de Aimen; o Ppi-5, que empeza a nutrirse de firmas e o Ppi-1, en Cataboi, "do que se debatirá no vindeiro Pleno para autorizar o seu desenvolvemento".

O concelleiro tamén subliña o acerto da colaboración entre o Concello e o Clúster do Granito, que "é un dos sinais de Porriño, cunha proxección nacional e internacional de primeira magnitude, cunha presenza en practicamente todos os lugares do mundo". Hai que lembrar a recente xuntanza da alcaldesa co presidente do clúster para iniciar unha colaboración na formación para a creación de postos de traballo.

30 persoas comenzaran a traballar o 1 de novembro no marco do Plan de Emprego da Deputación



■ Oficinas do servizo de emprego do Concello do Porriño.

30 traballadores, seleccionados a través dos servizos públicos de emprego entre persoas desempregadas non perceptoras de prestacións, ou perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia –como a Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA), Renda Activa de Inserción (RAI) ou do Programa de Recualificación Profesional (PRE-PARA)- empezarán a traballar o

1 de novembro no Porriño, no marco do "II Plan de Conservación e funcionamento de bens e servizos municipais 2015" da Deputación de Pontevedra.

Trátase de 2 orientadores laborais, 1 técnico de marketing, 1 auxiliar administrativo, 1 técnico informático, 2 oficiais de albanería, 6 peóns de albanería, 1 oficial de carpintería, 1 oficial de fontanería, 1 oficial electricista, 1 oficial de obra pública, 3 peóns de obra pública, 1

tratorista, 1 oficial de xardinería, 4 peóns de xardinería, 1 biólogo, 1 xeógrafo e 2 animadores socioculturais.

AXENCIA DE COLOCACIÓN DO PORRIÑO

Os orientadores laborais e o técnico de marketing prestarán os seus servizos en 'Apoyo á axencia de colocación do Porriño', que ten coma obxectivo realizar actividades de intermediación la-

boral, proporcionar ás persoas traballadoras un emprego adecuado ás súas características así como actuacións relacionadas coa busca de emprego, tales como orientación e información profesional.

Ao 'Apoyo á xestión do Centro Neural', de Torneiros, adicado a actividades coma un viveiro de empresas, ciber, charlas, cursos de formación ou actividades socioculturais, sumaranse 1 auxiliar administrativo e un técnico informático.

Polo que se refire á 'Rehabilitación de edificios municipais e parques e xardíns', contará con dous novos equipos de traballo compostos por 2 oficiais de albanería, 6 peóns, 1 oficial de carpintería, 1 oficial de fontanería e 1 oficial electricista. A súa laboursa será adecentar e recuperar inmobles municipais coma a antiga Escola Unitaria de Atios ou o edificio do Polígono de Torneiros adicado a Actividades Socioculturais.

Outro oficial de albanería e obra pública e tres peóns de obra pública, desenrolarán o seu traballo na eliminación de barreiras arquitectónicas nas beirarrúas do concello; unha laboursa que se complementará coa 'Limpieza e acondicionamento de beirarrúas e camiños rurais', a cargo dun tractorista, un oficial de xardinería e catro peóns.

Ademais, un biólogo e un licenciado en xeografía e historia, realizarán un 'Estudo da situación do Louro e os seus afluentes', que abrangue as zonas de maior interese histórico e ecolóxico, como Muíños ou Pontellas, e os atrancas existentes na actualidade para o establecemento de zonas de paso para camiñantes.

Finalmente, 2 animadores socioculturais, serán os encargados das 'Actividades de animación sociocultural para menores' no Polígono de Torneiros.

En total, como subliña a alcaldesa, Eva García de la Torre, supón un orzamento de 58.390 €, que asume a Deputación de Pontevedra e que, dacordo cos obxectivos fixados polo goberno local, se destinan á "realización de obras, actividades e iniciativas de máximo interese para os veciños do Porriño, á recuperación de espazos municipais e orientados, todos eles, ao eido do emprego e o benestar".

Louriña

PORRIÑO

O concello do Porriño empeza as melloras dos accesos ao polígono industrial de As Gándaras



Como avanzaron a alcaldesa, Eva García de la Torre, e o primeiro tenente de alcalde e concelleiro de Vías e Obras, Manuel Carrera, no encontro cos veciños de Budiño, hai dez días, o Concello xa acometeu esta mesma semana as obras na rotonda e a construción de beirarrúas, na zona norte do Polígono de As Gándaras e unha obra semellante no acceso sur.

As melloras “imprescindibles para garantir a seguridade dos peóns e reclamadas polas empresas” deste polígono industrial de máis de 150 hectáreas, acometerán a mellora do firme do vial principal de Acceso Sur, “que polo intenso tráfico estaban en moi mal estado” e, ao mesmo tempo, se fará unha reordenación completa das dúas marxes. Uhha das beirarrúas se reservará á circulación dos peóns e dos ciclistas, delimitada con faixas verdes que impidan que os vehículos invadan o espazo reservado aos camiñantes. As devanditas beirarrúas, de 3 metros de ancho, disporán de arbolado natural, composto por carballos, incorporando

bancos macizos e papeleiras. Ao tempo, dotaranse con dous sumideiros, non sinfónicos, de augas pluviais con unha nova tubaxe.

Polo que atingue ao pavimento de rodaxe, se reasfaltarán un total de 279 metros de lonxitude, cun ancho de 7 metros, “2.000 metros cadrados en total”, engadindo unha nova sinalización horizontal, xardineiras e mobiliario urbán.

No Acceso Norte, se levantará unha nova rotonda de xiro, no cruzamento que conecta coa autovía A-55, dende o nudo de A Casilla que da entrada dende o núcleo urbán, e os desvíos a Salvaterra e Salceda, engadindo dúas beirarrúas, dende a rotonda.

Ademais, como adiantara o concelleiro de Obras, se procederá á renovación do firme, se “dotarán a todos os accesos de bocas de rego que permitan a súa limpeza en caso de accidente ou por necesidades de baldeo”, nunha superficie total de 430 metros de lonxitude, e se fará unha limpeza completa da zona.

Obras de reforma e rehabilitación do entorno do mercado

Porriño, mércores 14 outubro.- O Goberno local do Porriño empezará a finais desta semana, ou principios da que ven, a reforma e rehabilitación do entorno do Mercado. Nesta



primeira fase, segundo o concelleiro de Vías e Obras e primeiro tenente de alcalde, Manuel Carrera, se reformarán as partes norte e sur do aparcadoiro.

“A obra suporá rediseñar completamente o entorno, respectando o deseño particular e orixinal da praza”, indica Carrera, quen subliña que se remodelará o pavimento exterior, “se substituirán os servizos de saneamento e se procederá ao soterramento de parte do tendido eléctrico das liñas telefónicas”.

Ademais, está deseñada unha ‘illa de reciclaxe’, a colocación dun panel publicitario dixital e se procederá a “reordenar a entrada e saída de vehículos, de xeito que haxa un vieiro de saída e outro de entrada, acabando coa dobre dirección, de entrada e saída, existente ata o de agora”. A duración prevista das obras é dun mes.

SOLEDAD GIRÓN: “O novo goberno do Porriño aposta decididamente pola solidariedade e a acción social”

Poñer o acento da xestión do novo goberno do Porriño nunha “decidida aposta pola solidariedade e a acción social”. Ese é o convencimento, “e o traballo que me ocupa todo o tempo”, da concelleira de Benestar, Soledad Girón, quen subliña que cando chegou ao seu posto, “aínda que coñecía que moitos veciños estaban nunha situación extrema, non agardaba tantas visitas e tantas persoas que estaban vivindo con tanta dificultade”.

Sole fala de persoas “a punto de perder a súa casa, que subsisten con ingresos ínfimos...familias de catro, cinco e seis membros que dispoñen de cantidades que fan casi imposible imaxinar como poden seguir adiante”.

A concelleira destaca a importancia tanto de “atender a esas necesidades, que van dende a imposibilidade de pagar o alugueiro o ao hipoteca, ata non poder comprar o mínimo imprescindible, como comida, roupa... pagar a luz, como atopar unha saída, que pasa por dispor dunha casa e conquistar un traballo”. Todo iso ten que abranger a labours do goberno local, “empezando por garantir o esencial: un teito e a comida de cada día”.

A iso, repite, foi a que nos adicamos, “primeiro incrementando as cantidades que podíamos dedicar a axudas urxentes, inaplazabeis...como dixo a alcaldesa, esa cantidade pasou dos 25.000 que podíamos gastar nese momento, a 100.000 €”; en segundo lugar, “tentando garantir que ningún se vise fora da súa casa, para o cal falamos cos bancos, con inmobiliarias, con propietarios particulares que tiñan alugados pisos, para que os seus inquilinos que non podían pagar poidesen seguir neles, e logramos que sete familias...falo de familias, non perdesen o seu fogar”.

SEN DATOS

Ao mesmo tempo, sen ter información da anterior responsable desta concellería, “porque non me deixou nada, nin unha carpeta, nin unha nota...atopeime cun despacho valediro...co disco duro do ordenador en

branco, sen poder falar con ela, maila que a chamei varias veces”, acometer as necesidades máis urxentes. “Grazas aos datos recabados polo persoal municipal e a colaboración impresionante dos voluntarios de SOS Porriño, poidemos atender a estas familias e empezar a facer o noso traballo... , saber qué nenas e nenos estaban sen comida...sen comida, insisto, e dirixirnos a eles”.

En terceiro lugar, enfatiza Soledad Girón, facer todo isto respectando “a dignidade” porque, insiste, “protexer a dignidade forma parte da labours social”. Neste eido, a concelleira, “como xa dixo Eva García de la Torre”, quere poñer en marcha, axiña, a Tarxeta da Dignidade, que “permitirá, antes de nada, que calquera veciño do Porriño que esté nunha situación de necesidade poida mercar o que precisa sen ter que pasar vergoña” e, ademais, fará as súas compras en establecementos da vila, co cal tamén se terá en conta ao comercio local.

Por último, indica Girón, o paso final é axudar a atopar un emprego estable e duradeiro e, neste senso, “a alcaldesa xa deu pasos decididos para rematar con plans de emprego, que consisten en pagar 400 € por facer uns cursos que non ofrecen unha saída laboral, por formar a desempregados en habilidades demandadas polas empresas”.



HERCO NEW, S.L.

DISTRIBUIDOR DE COSMÉTICA

José Angel Abrales

joseabraldes@yahoo.es

Móvil 634 44 24 46

Dos “fogóns” de Madrid a Vilasobroso - Mondariz

Por: Guillermo Rodríguez



Deixou Madrid, onde era Xefe de Cociña nos Restaurantes “Ponteareas” e “Portonovo”

para instalarse en Vilasobroso (Mondariz). O amor á terra e o medo a que os seus dous fillos se fixeran maiores nas terras do Reino e logo non quixeran voltar á Terra galea, aceleraron o traslado.

Corría o ano 1990 e a Churrasquería Miramontes, de Vilasobroso (Mondariz) estaba en

traspaso. Antonio Alvarez e Rosa Argüelles non o pensaron dúas veces. Fixeron as maletas e prantáronse aquí para poñer en marcha o seu propio negocio; agora con novo nome: O Rianxo.

Por que ese nome? Pois porque era un nome galego, enxebre e porque no seu novo negocio íase servir o mellor marisco e pescado da ría. Serían estes produtos, xunto ao bacalao e as chuletillas de cabrito, os que farían o milagre que “O Rianxo” teña clientes non só da zona, e de Galicia enteira, senón tamén de Portugal, do resto de España, de México, de Venezuela, de Brasil. Veñen a Mondariz –Balneario ou Avión e teñen como visita obrigatoria “as viandas” de O Rianxo. Son precisamente estes comensales os que levan polo mundo o nome e o gusto dos manxares que aquí lle serven; son os nosos mellores embaixadores, dinos Antonio.

Tamén nos confirma que a cualidade dos produtos que pon na mesa segue sendo óptima, en nada desmereceu; a clientela si que sufriu, como noutros sectores, os efectos da crise. Menos mal que os clientes de “O Rianxo” non son os que buscan un menú obreiro; aínda



así, dinos que coma os “tempos do ladrillo” dificilmente volverán. Iso si; tamén está convencido da aparición de certos “brotes verdes” que nos anunciarán os políticos tempos ha.

O Rianxo está na vella carretera 120 –Vigo /Madrid, a poucos kms. de Mondariz e de Ponteareas. Se pasan pola zona non se esquezan de facerlle unha visita, Non se arrepentirán; todo o contrario, quedarán “enganchados” e terán que volver.

O mellor e máis seguro é chamar ao tlef. 986.654 434 para reservar mesa.



Condado / Paradanta

SALVATERRA

Fin curso de Peixeiro profesional e inicio de curso de Carniceiro profesional



Os luns 19 de outubro rematou o primeiro Curso de Peixeiro/a Profesional organizado polo Concello de Salvaterra de Miño e a Cámara de Comercio, curso impartido na cociña do Parque Público A Canuda. Neste curso impartíronse os coñecementos para realizar o despacho de peixe de forma adecuada, coñecer o modo de compra dos produtos da pesca na lonxa, realizar o lavado, descabezado, eviscerado, escamado e fileteado de peixes, así como coñecer os sistemas de conservación, con partes teóricas, onde se examinaron os diferentes peixes de auga doce e salada, crustáceos e tipos, moluscos, equinodermos, técnicas de comprobación do grado de frescura do peixe, útiles de traballo e equipos da peixería, normas e características de almacenamento do peixe e marisco, desconxelación de produtos, métodos e efectos, envases e presentación de produtos, hixiene alimentaria na venta de peixe, cálculo de prezos do peixe e técnicas de venda.

Na parte práctica traballouse os procedementos para a limpeza do peixe e preparación para peixes brancos, peixes azules, salmón, cefalópodos e outras especies menos habituais que se trouxeron para mostrar.

E por outro lado, onte deu comezo, tamén na cociña do Parque Público A Canuda, o curso de Carniceiro/a Profesional, que se enmarca dentro da programación formativa do segundo semestre que oferta o Concello de Salvaterra de Miño e a Cámara de Comercio.

Este curso, no que participan 16 alumnos/as, divídese en varios puntos, como é a seguridade e hixiene no posto de traballo, útiles e maquinaria necesaria para levar a cabo o traballo, control de temperaturas e cadea de frío, protocolo sanitario, recepción de mercadería, canais e razas diferenciando por idade e peso, despece detallado, montaxe de expositor, atención ao cliente, fabricación de elaborados e asignación de lotes.



Nobleza obriga “IN MEMORIAM”

Que fora alcalde de As Neves durante moitos anos, Oswaldo Lino González, deixounos.

Coñecino na década dos sesenta, recién chegado a Liñares de Mestre. Pero non foi o cargo de Alcalde o que consolidou a nosa amizade para sempre senón a bonhomía de Oswaldo.

Como alcalde será xulgado polos veciños/as; como persoa podemos facelo os que tivemos a satisfacción de telo como amigo. Oswaldo era, para mín, unha boa persoa. Serán os que foron seus adversarios no eido da política quen o xulguen nese terreo.

Nestes tristes momentos lémbrome dos consellos de meu pai sobre a amizade.

“Fillo, dicía, un amigo é aquel ao que lle podes deixar as chaves da casa e a carteira”. Eu a Oswaldo entregarialle, sen pestanexar, as chaves da miña casa e a miña carteira.

Vaian dende aquí as miñas condolencias a súa familia e a todos os que tiveron a honra de telo como amigo.

Quero aproveitar esta oportunidade, de aí o titular deste breve comentario, para resaltar o xesto nobre e caballeroso do actual alcalde Xosé M. Rodríguez Méndez, por ofrecerlles á familia do extinto o Salón de Plenos para que alí fora velado. Todo un xesto aos que deberíamos estar habituados e non é así.

Por: Guillermo Rodríguez



SALVATERRA

O Consorcio elaborará un plano de comercialización do Porto Seco para atraer investimentos internacionais

A Ministra de Fomento, a Conselleira de Infraestruturas e a Delegada da Zona Franca visitan as obras de urbanización da Plisan

As máximas responsables das tres Administracións promotoras da PLISAN, a ministra de Fomento, Ana Pastor, a conselleira, Ethel Vázquez, e a Delegada do Estado, Teresa Pedrosa, visitaron as obras de urbanización da primeira fase desta superficie que no futuro será o porto seco de Vigo e para o que o Consorcio solicitará un novo recinto franco que complemente a área de Bouzas. Estas obras de urbanización teñen un prazo de execución de 18 meses e un investimento de 13,5 millóns de euros, financiados pola Xunta, Autoridad Portuaria de Vigo e Consorcio Zona Franca de Vigo.

Tal e como explicou Pedrosa, para a venda de parcelas na PLISAN o Consorcio elaborará un plano de comercialización que atraia a inversores internacionais e tamén, solicitará ao Goberno a definición nesta área dun novo recinto franco que facilite factores de competitividade ao polígono. “O noso obxectivo é que non exista ningún proxecto empresarial que non se instale en Galicia por falta de espazo adecuado” dixo Pedrosa. As empresas demandantes de parcelas poderán optar pola posibilidade de acceder á superficie empresarial a través do dereito de solo o ben por concesión administrativa.

A urbanización da primeira fase que comeza deixará habilitada a zona máis próxima ao enlace coa autovía e dará servizo á totalidade das empresas que



se instalen nas parcelas das distintas áreas incluídas dentro da plataforma. A superficie sobre a que se actuará nesta primeira fase dos sistemas xerais da

PLISAN é de 71,26 hectáreas, prevendo un investimento de máis de 16 millóns de euros, que serán proporcionados polas tres administracións actúantes en

función da súa participación na plataforma loxística. Esta participación distribúese en: Autoridade Portuaria de Vigo: 60,580 %, IGVS: 18,295 % e Consorcio da Zona Franca de Vigo: 21,125%.

Ana Pastor avanzou que tamén se están a realizar os traballos técnicos previos á licitación da construción da depuradora e potabilizadora para garantir estes servizos ás empresas que se establezan.

O obxectivo compartido polas tres administracións é lograr que a PLISAN se convirte, logo que posible nun polo de atracción de empresas que contribúan ao dinamismo económico de Galicia e a xerar emprego e riqueza na comunidade. Nesta visita tamén estiveron presentes os delegados territoriais da Xunta en Vigo, Ignacio López-Llaves, e en Pontevedra, José Manuel Colores Tourís e os alcaldes de Salvaterra de Miño e As Neves, Arturo Grandal e Xosé Manuel Rodríguez así como o que será o novo presidente da Autoridade Portuaria, Enrique López Veiga.

Os asistentes recibiron unha explicación dos directores de obras na que se puntualizou que a lonxitude do viario e das conducións supera os 3.700 metros lineais; a superficie do vial pasa dos 110.000 metros cuadrados (entre zonas de circulación, beiras e medianas); e as zonas verdes do borde da vía ocuparán unha superficie total de cerca de 200.000 metros cuadrados.



English School

PORRIÑO

ACADEMIA DE INGLES

PROFESORADO NATIVO TITULADO

GRUPOS REDUCIDOS

Antonio Palacios, 20- oficinas 9 y 10, entresuelo
Telf: 661 958 459 - O Porriño

■ Clases para niños a partir de 4 años y para adultos a todos los niveles

■ Clases de Inglés para estudiantes de Primaria, ESO, Bachillerato, Selectivo y Universidad

■ Preparación para exámenes de: TRINITY COLLEGE, CAMBRIDGE PET, FCE, CAE, PROFICIENCY y la Escuela Oficial de Idiomas

■ Inglés comercial

Condado / Paradanta

SALVATERRA

Andaina para a limpeza dos márxeas do Río Miño e Tea

O Concello de Salvaterra de Miño e a empresa Mascato, afincada no Polígono Industrial Chan da Ponte, organizaron o pasado mes de outubro unha andaina para a limpeza dos marxes do Río Miño e Tea.

A saída foi do Parque "A Canuda" para dirixirse cara á Ponte "Cordeiro" onde toda a comitiva fixo unha parada para almorzar e voltar ao punto de partida. Un paseo pola paisaxe natural dunha das zonas de maiores riquezas, os nosos ríos, ademais

de protexer toda esa grande area de todos os desaprensivos e incivilizados que non saben respectar nin a paisaxe nin a riqueza ecolóxica e natural que as marxes dos nosos ríos nos ofrecen.

Como pode observarse na foto que acompañamos a chamada do

concello foi respondida con xenerosidade e responsabilidade por os veciños e veciñas de Salvaterra que só precisan de un estímulo para poñerse mans á obra e colaborar en todas estas actividades que enorgullecen un pobo e deixan satisfeitos aos que son protagonistas.


AS NEVES

X Aniversario dunha Adega galega



Nestes últimos tempos moito se ten falado sobre o futuro do campo galego e das súas potencialidades. Moito se fala pero pouco se fai.

Dez anos atrás un home de Rubiós, Antonio, para todos. Colgou os bártulos en Madrid e vense As Neves para ponerse a fronte dun grupo de pequenos viticultores (hoxe xa pasan do cento) que estaban esperando de alguén que lles abrirá as augas dese río especial que poucos se atreven a cruzar para ver que pasa na outra orilla. O que había era a posibilidade de constituír unha adega moderna que puxera en valor os seus viñedos e os seus traballos. Iso foi o que Antonio fixo e que

hoxe ven de cumprir os seus primeiros X ANOS.

Non resultou ser un camiño de rosas pero o que si é importante é o que custa alcanzar. Hoxe a Adega do Condado "Señorio de Rubiós" é unha realidade dentro dese abano de adegas con denominación de orixe que cubren todo o mapa galego. Os seus viños, amplamente premiados, están nas mesas dos mellores restaurantes de medio mundo. E a rede segue pescando.

Noraboa Antonio e seu equipo. Só os que cren nas súas propias forzas son quen de atravesar ese deserto de dificultades que supón poñer en marcha unha adega Cooperativa coma ésta. Felicidades!!

MUEBLES

20000

Comercial Ricardo

Ferretería
Electrodomesticos

MOBLES

LUAN

ARBO
Tel: 986 66 54 54
Mó: 986 66 54 54

SALCEDA
Tel: 653 27 35 64

PONTEAREAS
Tel: 986 66 25 19
Mó: 986 66 27 02

SALVATERRA
Tel: 986 65 54 74

Pediatría colapsada e inaccesible con Felix Rubial



Mércores día 7 de outubro do 2015 as cinco mulleres que forman a directiva de Pediatría Colapsada e Inaccesible reuníronse con novo xerente de Xestión Integrada de Vigo, Félix Rubial no novo Hospital Álvaro Cunqueiro.

O novo xerente comeza o seu cargo no mes de Abril, polo que comezamos pondo o día de toda a situación vivida en Salceda e dalgunhas das accións levadas a cabo ata o momento.

O noso novo Centro de Saúde é unha prioridade clara dende Xerencia de Vigo. E o poder solucionar o problema de accesibilidade no actual, mentres non se constrúaa o novo Centro de Saúde, tamén o considera de suma importancia.

Por todo elo Félix Rubial comprometeuse coa Plataforma a pedir información sobre o estado do informe dos técnicos que visitaron Salceda o 30/04/15, e tamén sobre a situación do novo Centro de Saúde.

Por outro lado se fala da saturación que sufrimos en pediatría, sobre todo na tempada de inverno, dado a gran cantidade de nenos/as que ten que atender un mesmo día a nosa excelente Pediatra. Neste ámbito a cousa esta bastante complicada, dado que nos reitera o que xa nos expuxera o antigo Xerente, hai falta de Pediatras. Si, o que dicimos!! Hai poucos profesionais con esta preparación, así que xa sabedes animarvos, se aínda estades a tempo de estudar pediatría.

Esperemos ter respostas nuns 15 días por parte do Xerente, vos manteremos informados.

Aproveitamos a ocasión para comentar que enviámos correos electrónicos a todos os parlamentarios do noso Parlamento de Galicia, siii a todos!! Para polos o tanto da situación e pedirles axuda. Algúns deles nos contestaron e están colaborando para facer presión no parlamento para incluír nos presupostos da Xunta o novo Centro de Saúde. Estes serán aprobados a finais de este ano para executalos no 2016. Polo momento tivemos reunión cos parlamentarios de AEG E PSOE, que presentarán propostas para que inclúan nos presupostos o novo Centro de Saúde de Salceda. Parlamentarios do BNG nos responderon que tamén presentaran propostas. Dende as agrupacións locais tamén nos mostran de novo o seu apoio. Por outro lado dende Concello tamén están facendo presión para poder obter respostas por parte de Concellería de Sanidade.

CICLO CULTURAL 2015 PARDERRUBIAS SALCEDA DE CASELAS

AGRUPACIÓN CULTURAL XUNCO

DO 24 de Outubro ao 21 de Novembro

24. OUTUBRO (Sábado)
21:00 Campionato de TUTE

25. OUTUBRO (Domingo)
16:00 Campionato de BRISCA

31. OUTUBRO (Sábado)
17:00 X CONCURSO DE PINTURA. Tema "As Pezas de Parderrubias"

21.00 MÚSICA. Festival de Playbacks. Participan o Grupo de Playbacks do Centro Cultural "O Mosteiro" de Pezigueiro (Tui) e o Grupo de Playbacks do Centro Cultural de San Xurxo.

7. NOVIEMBRE (Sábado)
21:15 TEATRO. Obra: "Falando de cartas" representada polo Grupo de Teatro Atlántida de Matamá (Vigo).

8. NOVIEMBRE (Domingo)
13:30 GASTRONOMÍA. **PORCO ASADO NO ESPETO VIRADO Á RODA**
CON RESERVA PREVIA ANTES DO 4 DE NOVIEMBRE
TEL: 638 321 582 - IPRAZAS LIMITADAS!

16:30 PREMIOS. Entrega de premios Campionato de Brisca e Tute.

17:00 MÚSICA E HUMOR. Cantante MARIETTA e humorista PABLO MUÑOZ.

18:00 SORTEOS
Sorteo dunha FOLLA DE BACALAO e unha GARRAFA DE ACEITE entre todas as socias da A.C. Xunco
Sorteo dun CARRO DE COMPRA entre todas as cartóns de firmas cubertos

14. NOVIEMBRE (Sábado) DIA ADICADO AOS NEN@S
18:00 ANIMACIÓN INFANTIL a cargo da Asociación COXEGAS (Oleceñeira, búsqueda do tesouro, xogos...)
O longo da tarde farase entrega dos PREMIOS DO CONCURSO DE PINTURA.

MAGOSTO POPULAR

20:00 Magosto con castañas e viño de balde.

15. NOVIEMBRE (Domingo) Torneo Centro Cultural. Habrá Carpa

16:45 X FESTIVAL FOLCLÓRICO
"GRUPO FOLCLÓRICO XUNCO" de Parderrubias (Salceda de Caselas)
"GRUPO FOLCLÓRICO SAN PAIO" de Alxén (Salvaterra)
"GRUPO DE BAILE SAN XOÁN" de Paramos (Tui)

21. NOVIEMBRE (Sábado) PECHER DO CICLO CULTURAL

21:30 MÚSICA. SHOW XUNCO. Estreino de Play-backs e outras sorpresas

COLABORAN:

CONSEJO REGIDOR DE PORTO DE PARCELIAS

www.xunco.org

Síguenos en

PORCO ASADO NO ESPETO VIRADO Á RODA

—DOMINGO, 8 DE NOVIEMBRE DO 2015, a partir da 13:30 Hs (unha e media da tarde)—

ORGANIZA

ACTIVIDADE GASTRONÓMICA

CICLO CULTURAL 2015

www.xunco.org

ANOTACIÓN PREVIA

ATA o 4 de NOVIEMBRE

PRAZAS LIMITADAS

No e-mail: info@xunco.org

Ou nos Tfns:

638 321 582 (Xunco)

657 627 998 (Mila)

648 669 589 (Geli)

Ou falando con calquera membro da Xunta Directiva

Menú: Porco asado con guarnición - pan - rosca.

PREZOS: SOCIOS – 10,00 € NON SOCIOS – 13,00 €

ENTRE 11 e 14 ANOS – 7€ ENTRE 5 e 10 ANOS – 5€ MENORES DE 5 ANOS – DE BALDE

!!! OLLO !!! - Cadaquén terá que traer a súa bebida e o seu servizo (pratos, cubertos, etc.)

Salceda

Programa de apoio lingüístico para menores en Salceda de Caselas

As Concellarías de Ensino e Voluntariado do Concello de Salceda de Caselas, dirixidas por Tere Pérez e Carla Pérez respectivamente, van poñer en marcha a II edición do Programa de Apoio Lingüístico para nenos e nenas inmigrantes escolarizados no municipio.

Trátase dunhas sesión que se realizan dúas tardes por semana nas que componentes do Voluntariado de Salceda de Caselas realizan actividades e xogos para lograr unha maior inmersión lingüística cos cativos inmigrantes e procedentes doutras culturas. O pasado curso o programa adicouse a nenos e nenas procedentes de Marrocos, pero neste curso prantéxase tamén a opción de incluír a cativos chineses.

O programa ponse en marcha en coordinación cos equipos de orientación do CEP Altamira e do CRA Raíña Aragonta, que son os encargados de establecer os

casos que participan no programa, e de trasladarlles a información ás familias para que coñezan de primeira man a iniciativa.

No curso pasado plantexouse esta posibilidade, que tivo moi boa acollida entre o voluntariado, polo que nesta ocasión volve repetirse. Neste curso serán catro as voluntarias que se encarguen da actividade, da que se van ver beneficiados uns nove cativos. Os equipos de orientación dos centros escolares valoraron moi positivamente os resultados obtidos na primeira edición do programa, polo que eles mesmos solicitaron a continuidade do mesmo, agradecendo de antemán a enorme labor das voluntarias, que se prestan a estas e outras iniciativas de xeito totalmente desinteresado. Carla Pérez, Concelleira de Voluntariado de Salceda segue a dar



exemplo da súa boa predisposición e traballo, sendo un grupo fundamental para o funcionamento de eventos e actividades que se veñen desenvolvendo dende o Concello e dende o te-

cido asociativo de Salceda” Tere Pérez, Concelleira de Ensino e Benestar Social: “é un enorme orgullo para nós poderlle ofrecer este programa ás familias que elixen Salceda como lugar de re-

sidencia. Agradecemos o esforzo e o interese por parte dos centros educativos neste tipo de iniciativas que están a resultar de grande axuda para estes pequenos”.

V XORNADAS DE MICOLOXÍA

20/11/15 COCIÑAR CON COGOMELOS :
Aplicación, recetas e degustación,
custe 2,5 € CDL TORRÓN 20:30,
inscricións: medioambiente@salcedadecaselas.es

21/11/15 AULA ABERTA DA MICOLOXÍA:
No río Landres saída as 17:00,
área autocaravanas con Oscar Requejo

22/11/15 XIX FESTA DO COGOMELO ENTENZA

Concello de Salceda de Caselas

Ciclo de cine ambiental e solidario no mes de novembro, organizado pola asociación D.D.E. Treze Catorze

Salceda amosa a súa solidariedade contra o cancro

Salceda de Caselas celebrou o pasado sábado 24 de outubro unha xornada na que a solidariedade foi a protagonista. A finalidade, neste caso, era a de recadar fondos para a loita contra o cancro. A partir das nove da noite, na Praza do Concello, máis dun centenar mulleres participaron nunha exhibición de Zumba, nunha iniciativa da Concellería de Sanidade do Concello de Salceda que dirixe Loli Castiñeira.

Baixo a supervisión de Noelia Rodríguez, Maggy Afonso, Nico Afonso e Cristina Gómez, a Zumba contra o cancro supuxo un xeito de concienciar a todos os asistentes na necesidade de tomar parte activa na loita contra unha enfermidade que, grazas a iniciativas como estas, pouco a pouco vai atopando vías de saída. Na exhibición participaron alumnas dos catro instrutores, así como outras mulleres e homes que quixeron sumarse ao evento.

Na mesma Praza do Concello instalouse un posto que vendeu máis de 150 camisetas cuxa recadación irá destinada á Asociación Española contra o Cancro. O pobo de Salceda, que sempre se caracterizou pola súa solidariedade e apoio aos que máis o precisan, secundou, sen dúbida algunha, esta iniciativa tan solidaria como necesaria. Para levar a cabo a iniciativa contou ademais coa participación do Banco de Voluntariado Municipal, que se encargou tanto da decoración e preparación do evento como da venda das camisetas.

Na apertura do acto produciuse un dos momentos máis emotivos, cando Nati Rodríguez, unha muller que superou un Cancro de Mama sendo moi nova, se



encargou da lectura dun manifesto elaborado pola Asociación Española contra o Cancro e o Concello de Salceda de Caselas.

Loli Castiñeira, Concelleira de Sanidade: "Non tiñamos ningunha dúbida de que a sociedade salcedense iba responder ante esta iniciativa, pero unha vez máis sorprendémonos da enorme participación conseguida. O Cancro está a ser unha enfermidade debastadora, pero cada vez máis a detección precoz e os avances en investigación están a conseguir uns resultados máis alentadores".

Programa de Apoio a enfermos/as de Alzheimer

A Concellaría de Benestar Social, que dirixe Teresa Pérez, lembra o programa de apoio aos enfermos e enfermas de alzheimer que se leva a cabo no Centro Social da Devesa a través da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA). As sesións teñen lugar os luns e os mércores de 17:00 a 20:00, e existen aínda prazas dispoñibles para novos/as usuarios/as. Os/as interesados/as poden informarse no Departamento de Servizos Sociais do Concello.

O programa consiste en achegar ós e ás pacientes diagnosticados/as por Alzheimer ou outro tipo de demencia neurodegenerativa en fase leve ou leve-moderada que residan no Concello de Salceda a posibilidade de recibir tratamento non farmacolóxico sen ter que desprazarse do seu Concello. Para elo, AFAGA proporciona estimulación cognitiva, física e funcional

aplicando as novas tecnoloxías e as formas de estimulación "tradicionais" por parte dunha psicóloga e unha terapeuta ocupacional. Nos obradoiros trabállanse a orientación temporal e persoal, a memoria, a linguaxe, o cálculo, a atención, o razoamento... Tamén se realizan actividades de ocio, como os xogos sociais. Por outra banda, a través da musicoterapia, trabállase tamén a atención, a coordinación, a reminiscencia, a relaxación... Teresa Pérez, Concelleira de Benestar Social: "Consideramos fundamentais os programas de apoio a este tipo de enfermidades, que supoñen, non só unha mellora da calidade de vida dos afectados/as, senón tamén un respiro para as familias, que contan así con un importante apoio no coidado dos seus.

Foto: Sinatura de convenio entre AFAGA (Presidente Juan Carlos Rodríguez) e Concello de Salceda (Alcalde Marcos Besada)



Condado / Paradanta

PONTEAREAS

Rematan as obras de reforma do Centro Cultural de Ribadetea



A concelleira de Vías e Obras Urbanismo, Chus Garrote, e a arquitecta municipal comprobaron in situ o estado final dos traballos de acondicionamento de varios locais desta casa cultural. O Centro Cultural da parroquia ponteareá de Ribadetea vén de rematar as obras de acon-

dicionamento de varios locais desta instalación. Os traballos comezaron durante o pasado mes de xuño e tiñan como obxectivo reformar varias zonas desta casa cultural para o seu aproveitamento, pois até ese momento só se estaba usando de maneira efectiva unha das estancias do edificio.

O goberno local reúne cos comerciantes da Praza de Abastos para comunicar o inicio das obras

O goberno municipal de Ponteareas vén de manter unha reunión cos comerciantes do Mercado de Abastos para explicarlles cales van ser as obras que darán comezo a próxima semana e que se acometerán ao longo do vindeiro mes nesta instalación. Os traballos, que serán desenvolvidos por unha empresa ponteareá, contemplan un investimento superior aos 160.000 euros. O goberno local tamén comunicou que a empresa adxudicataria incorporará algun-

has melloras que non se recollían no proxecto inicial, como a substitución do alumeadado interior por outro tipo LED, máis eficiente dende o punto de vista enerxético. Os representantes do executivo comprometéronse cos comerciantes a avisar do inicio dos diferentes traballos con suficiente tempo de antelación, de xeito que sexa posible compaxinar a actividade comercial coas obras de mellora do Mercado de Abastos durante as próximas semanas.



CURSO DE XADREZ PARA ADULTOS NO SPORTIVO

A partir de Outubro os venres de 20:30 a 21:30 hs

Lugar: Centro Artístico Sportivo, Ponteareas

Clases impartidas por la entrenadora Yudania Hernández, Título FIDE Trainer e Campeona de España de Ajedrez rápido 2015

Por 20 € mensuales podrás iniciarte, mejorar tus conocimientos o incluso llegar a competir y si eres socio Sportivo solamente 18 €

Colabora:

Organiza:



Ponteareas vestiuse de rosa

Máis de 1.400 escolares e outros tantos centos de persoas se deron cita en Ponteareas para marchar en solidariedade coas doentes do cancro de mama, aproveitando a celebración do Día Internacional do Cancro de Mama.

O evento, que empezou e acabou na Praza Maior da vila, percorreu un traxecto de 5 quilómetros que pasou por diversos puntos do concello e que tivo no Estadio Municipal de Pardellas unha parada estratéxica para almorzar e bailar cos monitores de zumba da piscina do Complexo Álvaro Pino.

Un acto no que participaron nenos e nenas de diversos centros educativos de Ponteareas, varios clubs deportivos da vila e outros tantos centos de persoas particulares que decidiron apoiar unha actividade destinada a recadar fondos para loitar contra este tipo de cancro, ataviados todas elas con camisetas e lazos solidarios.

O alcalde, Xosé Represas, a concelleira de Sanidade, Vanesa Fernández, e outros concelleiros e concelleiras representaron ao goberno municipal ponteareán. A edil de Sanidade apuntou que se trata "dun dos tumores máis frecuentes entres as mulleres deste país" pero tamén recordou que é "un dos tipos de cancro no que houbo máis avances tanto no diagnóstico como no tratamento". Fernández definiu este luns "como un día positivo no que queremos dicirlle a todos e a todas as que nos escoitan que desta doenza se sae cun gran sorriso e con moita forza. Dende aquí brindamos o noso especial recoñecemento a todas as grandes loitadoras que enforntan día a día esta enfermidade".

O rexedor quixo "agradecer espeicalmente o traballo da asociación na organización dun evento coma este e agardou que todo aquilo que puidera ser recadado axude a potenciar a investigación nesta área".



PONTEAREAS

A Corporación esixe á Xunta que asuma a xestión da Estación de Autobuses

Esta esixencia tamén inclúe a compensación económica ao Concello de Ponteareas polos máis de 4 anos de asunción dunha competencia impropia

En sesión plenaria, pasado 20 de outubro, acordou por maioría aprobar unha proposta do goberno na que se insta á Xunta de Galicia a asumir de inmediato a competencia do servizo prestado pola Estación de Autobuses; así como compensar ao Concello polo déficit dende o 2011, data en que popr convenio asinado pola Xunta debería terse feito cargo da xestión da Estación de Autobuses.

A proposta contempla que, no caso de que a Xunta non se faga cargo deste servizo, poida negociar un convenio co propio Concello para compensar os gastos de mantemento desta estación. Así se propuxo á Administración Autonómica crear unha Comisión mixta con representación de ambas

as dúas Administracións para axilizar o proceso; dar traslado da proposta ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Vicepresidente da mesma e á Dirección Xeral de Mobilidade. A proposición do goberno foi aprobada por todas as forzas políticas, agás Esquerda Unida, servirá “para que a mensaxe que en forma de esixencia se traslade dende o Concello á Xunta de Galicia sexa máis forte. Déficit

Segundo o Alcalde, “o cálculo feito polo anterior goberno local non inclúe custos relacionados coa iluminación pública ou servizo de limpeza, nin tampouco cos seguros de responsabilidade civil e outros”. Gastos que ascenden a 200.000 euros, aproximadamente. ao longo destes 4 últimos anos”.



A ludoteca municipal organiza actividades para os cativos



Unha saída organizada polas monitoras deste centro permitiu que os cativos descubrirán un pouco máis acerca deste alimento nesta época do ano

Aínda existen prazas dispoñibles para inscribirse no novo curso

A Ludoteca Municipal de Ponteareas, dependente da concellería de Benestar Social que dirixe Verónica Carrera, continúa coa organización de actividades que fomenten a sociabilidade e a integración entre os máis cativos, ao mesmo tempo que estes adquiren coñecementos sobre cuestións presentes no seu entorno máis próximo.

A última destas actividades produciuse en forma de saída polo barrio de Canedo, onde os nenos e nenas inscritos na Ludoteca tiveron a oportunidade de coñecer máis polo miúdo diferentes árbores froiteiras, como por exemplo os castaños. As monitoras aproveitaron para lles explicar a importancia que tiña en séculos pasados esta árbore

para o sector carpinteiro e a utilización que os devanceiros facían da castaña como alimento para fabricar fariña e como acompañante de moitos pratos, cumprindo a función que actualmente ten a pataca.

Os rapaces e as rapazas participantes recoñeceron, en equipo, algunhas destas castañas e adquiriron máis coñecemento en relación a outras especies como as nogueiras, cuxa madeira era moi usada para aplicar tinguiduras en diferentes tecidos. A Ludoteca Municipal de Ponteareas aínda conta con prazas dispoñibles, polo que todas aquelas persoas que queiran consultar máis información poden facelo a través dos seguintes números de teléfono: 986 66 17 53 e 673 794 760.

Nos arredores do IES Pedra da Auga retiráronse 63 metros cúbicos de augas fecais

O IES Pedra da Auga deu aviso da existencia dunha vertedura de augas procedente dunha das redes de saneamento. A auga, que chegou a penetrar na pista deportiva deste instituto, chegou á superficie debido a un atranco formado nalgúns colectores.

Os traballadores da empresa FCC víronse obrigados a retirar un total de 63 metros cúbicos de augas residuais que encheron un total de 9 cisternas, ademais de limpar unha parte da rede de colectores instalada no entorno do centro educativo.

Os traballos de limpeza, igual que noutras dúas de lugares e rúas do núcleo urbano (Castelao, Braña, Galicia, Amado Garra, Bouza Brey ou G. Bugallal, entre outras), puxeron de manifesto o mal estado de toda a rede de saneamento, o cal foi comprobado persoalmente polo alcalde, Xosé Represas, e polo enxeñeiro municipal. O goberno local “realizará unha completa revisión da rede de saneamento para executar as obras de mantemento necesarias coa finalidade de acabar con esta situación.



Condado / Paradanta

PONTEAREAS

0 esforzo e a constancia sempre teñen premio

Un rapaz ponteareán, Adrián Costas, que formaba equipo con Pablo Sobrino, de Ribadavia, gañaron o segundo premio de Eduemprende Idea 2015.

O concurso auspiciado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia concedeulle este galardón polo proxecto de empresa Inercia 2.0.

Adrián Costas foi acompañado pola concelleira de Ensino de Ponteareas, Cristina Fernández

Adrián Costas Lorenzo, da parroquia ponteareá de Areas, 21 anos, ven de subirse ao podium deste concurso organizado no marco de Eduemprende Idea 2015. Unha iniciativa das Consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria. O principal obxectivo é impulsar o espírito emprendedor entre o alumnado galego.

O xurado deste certame decidiu entregar o segundo premio, na modalidade de ciclo de grao superior en Formación Profesional, a Adrián Costas e a Pablo Sobrino polo seu proxecto de empresa de vehículos de inercia, denominado "Inercia 2.0". Os alumnos do IES 12 de outubro de Ourense presentaron un plan para crear unha empresa dedicada á fabricación de bicicletas, triciclos e



outros medios de transporte para aquelas persoas afeccionadas aos deportes de inercia.

Este recoñecemento vai acompañado dunha dotación económica de 2.000 euros, a incorporación á Rede de Viveiros de Empresa en centros educativos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

así como o asesoramento do persoal do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

En palabras de Adrián "a dotación económica vai permitir realizar unha serie de investimentos necesarios para avanzar na posta en marcha da empresa; o asesoramento do IGAPE será de moita axuda na tra-

mitación da documentación precisa nos pasos previos á formación da compañía. A inclusión na Rede de Viveiros de Empresa é formidablemente útil porque nos permitirá utilizar un tipo instalacións e de material aos que non teríamos acceso se non estivesemos dentro deste programa".

Cristina Fernández, concelleira de Ensino do Concello de Ponteareas, salientou "a orixinalidade e a creatividade do proxecto, sobre todo tendo en conta a curta idade dos promotores do mesmo". Fernández acudiu á entrega dos premios acompañando a Adrián, á súa familia e máis a Isabel Amoedo, presidenta da Federación de Anpas de Condado-Paradanta e Loriña (FANPO), "nunha mostra de apoio que agardo que sexa a primeira doutras moitas no futuro".

Tanto Adrián Costas como Pablo Sobrino están preparando xa a presentación que realizarán noutro concurso. Trátase do "Galicia Emprende", cuxo fallo se emitirá o vindeiro 30 de outubro en Santiago de Compostela e que podería supoñer un novo empuñón ao seu soño profesional.

Quico Cadaval

14

nov. 23:30 h.

CAFÉ-CONCERTO

vagalume

salta en [vagalume.cafecorcertos](#)

RUA MARQUÊS DE VIANA 15, SALVATERRA DE MINHO

www.vagalume-salvaterria.info

Telf. Reservas: 651 497 269 | Entradas á venda tamén en [ticketea](#)

Entradas Anticipadas: 6€ Taquilla: 8€

COVELO

Trunfos do Clube Covelo Patinaxe Artística



O patinador Albino José conseguiu a 11 posición final. Ademais dixo a patinadora Candela foi seleccionada para participar na Interland-Cup en Alemaña a finais de Outubro, os días 22 al 24, en Ober-Ramstadt (Alemania). Dende Novas do Eixo Atlántico queremos mostrar a nosa admiración por

estes/as deportistas que partindo dunhas condicións de base difíciles acadan postos de nivel internacional. Nossos parabéns, así mesmo, ás profesoras e preparadores, tamén ao concello de Covelo que sabemos apoia incondicionalmente, dentro das súas posibilidades que, para un pequeno concello do rural galego, son demasiado. Noraboa a todos.

PONTEAREAS

Ponteareas reúne a máis de 300 participantes na marcha ciclista solidaria

A proba percorreu os concellos de Ponteareas e Mondariz-Balneiro e serviu para recadar alimentos para aquelas familias que o precisen

A marcha ciclista solidaria organizada pola concellería de Deportes de Ponteareas e celebrada o domingo, 25 de outubro, acabou converténdose nun éxito de participación. Máis de 300 corredores de todas as idades participaron nun percorrido de 20 quilómetros que pasou polos municipios de Ponteareas e Mondariz-Balneiro.

A proba contou coa colaboración do Club Ciclista Ponteareas, de Reale Seguros, de Aguas de Mondariz e do Centro de Reparto de Alimentos, que se encargou de recoller

comida para posteriormente repartila entre aquelas persoas que máis o precisen.

O concelleiro de Deportes, Benito Márquez, amosouse “moi satisfeito polo alto grao de participación e pola colaboración das diferentes entidades, as cales axudaron a facer do domingo unha xornada deportiva e solidaria na que o tempo acompañou”.

A marcha deste pasado domingo serviu para que todos os afeccionados ao deporte da bicicleta puideran gozar desta proba despois de que esta fora aprazada o pasado mes de setembro.



O Concello de Ponteareas dispón dun novo todo terreo

O Concello de Ponteareas conta cun novo todo terreo, modelo pick up, que será utilizado polo corpo de Protección Civil de Ponteareas e destinado a labores de emerxencia, protección civil e prevención de riscos.

Trátase dunha concesión realizada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, órgano dependente da Xunta de Galicia e que recentemente comunicou a adxudicación

de equipamentos de emerxencia, en réxime de concorrência competitiva, para municipios de menos de 50.000 habitantes.

A concelleira de Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández, mostrouse moi satisfeita pola “incorporación dun vehículo que axudará a que o corpo de protección civil teña máis medios á súa disposición e que repercutirá, directamente, nunha mellora da seguridade da veciñanza da vila”.



A obra de teatro “Conversas na cuneta mentres a vida pasa alá fóra” clausurará as xornadas da muller

A creación do grupo vigués “O Trasnó Novo Teatro” será o prato estrela dunha programación que terá lugar o vindeiro 7 de novembro en Ponteareas



“O encontro de tres mulleres do mesmo pobo pero de moi distinta condición, unidas na fuxida e distanciadas no seu comportamento ante a vida e o momento histórico que lles toca vivir”. Este é un extracto da sinopse que a compañía viguesa “O Trasnó Novo Teatro” ofrece acerca da súa obra teatral “Conversas na cuneta mentres a vida pasa alá fóra”.

Trátase dun evento que terá lugar o vindeiro 7 de novembro na sala de usos múltiples do Auditorio Reveriano Soutullo e que está enmarcado dentro da Xornada da Muller que a concellería de Igualdade, xestionada por Verónica Carrera, ten previsto organizar nesa mesma data.

En palabras da propia compañía, esta re-

presentación servirá para “facen unha homenaxe ás mulleres asasinadas, durante e na posguerra, case sempre anónimas e esquecidas, e tamén para reflexionar, a través da súa mirada, sobre temas que seguen a ser de actualidade: a subxectividade da información, a hipocrisía da sociedade, as relacións de parella, o terrorismo, os abusos do poder e outros”. Unha obra que clausurará unha xornada na que os veciños e as veciñas da vila poderán asistir a distintas conferencias relacionadas coa violencia contra as mulleres no Salón de Plenos da Casa do Concello, lugar que tamén acollerá unha exposición fotográfica vinculada á invisibilidade que ten en moitas ocasións esta problemática.



Condado / Paradanta

PONTEAREAS

A forxa da memoria Historia de vida de Sara Soto

Este libro enmárcase nos estudos dos autores sobre as historias de vida, as investigación sobre a Segunda República, a Guerra Civil e o Franquismo, e a análise da situación das mulleres na primeira metade do século XX, incidindo especialmente na cuestión educativa.

Os autores, Anxo S. Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil, preséntannos aquí a historia de vida de Sara Soto Domínguez, que naceu nunha parroquia de Guláns (Ponteareas), onde reside na actualidade, sendo testemuña de privilexiada memoria do sucedido no lugar dende os anos vinte ata hoxe.

A traxectoria de Sara Soto insírese na da propia parroquia e através dos seus ollos miran atrás no tempo e recuperan, non só feitos (para iso están as enciclopedias), senón sentimentos, ilusións,

medos, alegrías e dores que nos serven para entender a Historia como historia de vida e, por tanto, como algo que latexa, non como unha lousa de pedra borrosa. Fan súas as luminosas palabras de Lucien Febvre: "É preciso que a historia deixe de aparecer como unha necrópole durmida

pola que só pasan sombras despois de sustancia", e reconcilian dous conceptos a veces contrapostos: historia de vida nesta reconstrucción da historia de Sara Soto forxada pola súa propia memoria.

O conxunto é unha mostra de historia de vida contextualizada que serve para entender a evolución dunha contorna rural prototípica, neste caso a

parroquia de Guláns, no concello de Ponteareas (Galicia).

NOTA/ O libro foi editado pola "Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L".



Un paseo pola historia da Unión

Banda de Música "Unión de Guláns"



Falar de Guláns é falar de pementos, de tomates de lechuga, ..de todo tipo de produtos da horta cultuivados con cariño e ofrecidos aos ponteareáns e a toda a contorna no Mercado de Ponteareas.

Pero falar de Guláns no plano cultural é falar de música. Esta pequena aldea de Ponteareas (Galiza) debe ser, seguramente, unha das aldeas galegas que máis músicos/as "pariu" de toda Galicia. Nos últimos 50 anos de Guláns saíron músicos, creadores de música, com positor4s ilustres.

Hoxe traemos aquí a referencia a unha publicación que, como seu nome indica, "UN PASEO POLA HISTORIA DA UNIÓN"

que ven a reflectir, non de maneira exhaustiva, o corpus musicale que nesta aldea galega se ten formado.

Carolina Groba Otero é música e Presidenta da Banda de Música "Unión de Guláns". Ela foi quen decidiu e quen dirixiu, e nunca mellor dito, as cousas para que hoxe poidamos disfrutar dun libro sobre a vida da Banda no que se abordan, en fotos, un montón de momentos agradables da súa vida, da vida da Banda, se entende. En palabras de Carolina, é fundamental coñecer o pasado dunha Banda tan histórica para comprender por qué, a pesar de todos os pesares e dos anos, todos os que pasaron pola UNIÓN seguen sentíndose, son parte dela.

IV Concerto Coral en Lira (Salvaterra)

As aldeas galegas están morendo. Esta aseveración, aínda que poida resultar forte, é unha realidade que, a estas alturas da película, ninguén cuestiona.

Sen embargo algunhas aldeas galegas, caso da de San Simón de Lira (Salvaterra), resistense a que as metan nun cadaleito e turrar por permanecer activas e ofrecer aos seus veciños/as actividades diversas que prolonguen, no posible, a súa total desaparición. Claro que esta "respiración asistida" faise sempre a costa dun improbo traballo duns cantos veciños/as (sempre son os mesmos) que sacrifican horas da súa vida para manter acceso o facho da súa existencia.

No caso de Lira é a Asociación Cultural "Fogar de Breogán" a que durante o ano lles ofrece un mon-

tón de actividades: Festa do Magosto (recén celebrada o pasado día 31), Fogueira do San Xoán, unha Coral Polifónica, unha comida de Irmandade cada verán, a publicación dunha revista, etc.

■ Tive 8 anos no Brasil, no Rio de Janeiro, onde defendi as cores do Flamengo e do Vascatleta do clube da Gama. Fui 25 vezes cam-

volta a chorar por termos chegado ao ponto mais alto de um atleta. Eu como mais velho, na altura com 34 anos, sempre lhes dizia nos treinos quando estávamos cansados: " -vamos lá estamos a trabalhar para a volta olímpica ". Quando pisamos o estádio abraçamo-nos e disse-lhe

que formar mais atletas olímpicos. mas, credito que um dia vai aparecer mais algum Henrique Baixinho. mas, também digo que não vai ser fácil, tem que gostar muito de sofrer. Por outro lado, o acho que o remo jovem do S.C.C vai pelo bom caminho, pena é ter poucos atletas.



peão brasileiro e 8 vezes campeão Carioca. Fui 8 anos destacado pela Federação Carioca, o melhor peso ligeiro com o peso até 72.5 kg.

A mudança surgiu por meio de um convite que o Flamengo me colocou " onde queria que fosse atleta do clube". Aí resolvo ter novas experiências além fronteiras, onde não me arrependo de nada. Faria tudo de novo. Sempre me trataram como um grande atleta, pois sempre respondi com vitórias. Aí fui 8 anos profissional de remo.

Outro dos momentos altos da sua carreira foi a participação nos Jogos Olímpicos? Que recorda e o que significou?

■ O momento alto da minha carreira foi, sem dúvida, a participação nos Jogos Olímpicos de Atlanta 96. Vou recordar toda a minha vida os treinos que fiz com os meus colegas de tripulação: João Fernandes, Manuel António e Samuel Aguiar - estes dois últimos do Fluvial.

Sem dúvida a volta olímpica foi com um emoção grande, toda a

que valeu todo o esforço que fizemos.

Os Jogos Olímpicos é o sonho de qualquer atleta e nós realizamos o nosso grande sonho. Trabalhamos no duro para chegar lá, no final veio a recompensa e os 4 estamos de parabéns.

Que nomes do SCC destacaria como contributo que deram ao clube?

■ Eu no S.C.C destacaria os atletas olímpicos que defenderam as cores de Portugal e do Caminhense, sem esquecer o Artur Antunes que foi campeão Mundial na categoria de júnior. Os outros atletas, sem excluir ninguém, fizeram sempre o melhor pelo Caminhense, pensando nos títulos para o clube.

Que representa na sua vida a conquista de 118 títulos?

■ 118 títulos de campeão nacional, representa toda a minha dedicação ao remo.

Como vê nos dias de hoje os novos atletas do clube?

■ Sinceramente gostaria que os atletas tivessem mais objectivos como os meus, o caminhense tem

Neste momento da sua carreira que ainda procura Henrique Baixinho?

■ Conquistei muitas coisas (mais quero mais) sou muito ambicioso.

O desporto em Caminha está bem e recomenda-se?

■ O remo é o desporto REI de Caminha, onde todas as crianças deveriam experimentar, inclusive nas aulas de educação física. Deveriam ter uma aula experimental de remo.

Que podemos esperar de si quando terminar a sua carreira como atleta? Continuará no clube?

■ Vou estar sempre ligado ao mundo do remo. O s.c.c é e será sempre o meu grande clube.

Faz parte dos seus objectivos ser presidente do SCC?

■ Esse não é um dos meus objectivos, mas sim fazer parte de alguma direcção.

O Henrique Baixinho viveu momentos em que em Caminha se vivia o remo com imenso fervor. Que apelo faria à população?

■ Para que a população de Ca-

minha comece a gostar novamente do remo só tem que partir de soluções das direcções do Caminhense, que passa por fazer muitas regatas em Caminha ao longo do ano, para o povo se aproximar das instalações e até incentivar os seus próprios familiares para praticar remo.

Antigamente, e era uma loucura quando chegávamos a Caminha depois dos Nacionais, o Terreiro estava sempre cheio e o sino da Torre do Relógio tocava sem parar. enós atletas ficávamos muito comovidos com o carinho do nosso povo.

Agora chegamos a Caminha, ao Terreiro deparamo-nos com o terreiro completamente vazio e o pobre sino da torre sem tocar e nós sentimos uma grande tristeza. Mas, s temos que mudar isso, voltar ao antigamente.

População de Caminha vamos apoiar o Sporting Clube Caminhense.

Na nova temporada que vai iniciar, que objectivos se propõe?

■ Os meus objectivos para 2016 são vários:

campeonatos nacionais; campeonato mundial na Dinamarca; campeonato sul americano no Chile; regata 16km na Austria (onde ganhei este ano) e outros campeonatos em bicicleta.

Existe já uma data em que o Henrique Baixinho determinou parar como atleta?

■ Ainda me sinto com forças para remar e nem quero pensar no dia em que parar. Vai ser um dos dias mais triste da minha vida.

É verdade que a sua alcunha é «Mina». Porquê?

■ No mundo do remo também sou conhecido pela alcunha " «Minas»" isso veio do meu pai que também o chamavam assim. A lista de conquistas de Henrique Baixinho é interminável. Não resta dúvida que é um exemplo para muitos!

Deixamos aqui alguns títulos na temporada transacta:

- Campeão nacional em 4 e 8 vetetanos
- Campeão mundial 2x na Belgica (uma em double e uma em skif)
- Campeão Sul Americano 5 vezes
- 2 medalhas de prata no Sul Americano
- Campeão na regata da Austria de 16 km em skif

Novas da Raia

PONTE DE LIMA

A cooperación con Expourense é clave na promoción do turismo de proximidade

“A relación de cooperación transfronteiriza entre Ponte de Lima e Expourense é perfecta e ten sido fundamental para dinamizar o turismo de proximidade na nosa cidade”.



■ Alejandro Rubín, primeiro pola esquerda, presentou Xantar e Termatalia en Ponte de Lima.

Con estas palabras definiu o presidente da Cámara Municipal de Ponte de Lima, Víctor Mendes, a relación de cooperación existente entre esta cidade portuguesa e Expourense. “Dende que participamos en Xantar somos conscientes do importante que é organizar eventos que poñan en valor os produtos endóxeos e de excelencia do noso territorio vendo como a través deles dinamizamos a economía local e da rexión do AltMinho”, dixo Mendes.

En Ponte de Lima presentouse a campaña turística “Em época baixa, Ponte de Lima em Alta 2015/2016” que ten o principal obxectivo de desestacionalizar o turismo de proximidade na cidade atraendo turistas dende novembro a marzo a través da organización de 11 feiras diferentes que se celebrarán durante as fins de semana. “Serán 11 feiras máis unha, xa que consideramos a Xantar como un evento común”, indicou o alcalde. E é que o calendario destes eventos deixou un oco na semana de Xantar, que se celebra entre o 3 e o 7 de febreiro de 2016, para que nesta ocasión sexan os veciños de Ponte de Lima os que visiten Ourense. Xa está confirmada a presenza desta cidade cun stand promocional e cun día adicado. Pola súa parte, Xantar promocionarase nos eventos vencellados á gastronomía. Nesta presentación da campaña participou como convidado especial o director xerente de Expourense, Alejandro Rubín, quen situou a esta cidade como “unha referencia á hora de dinamizar o turismo en inverno a través da organización de eventos que xiran sobre as potencialidades do seu territorio e que marcan a diferenza con outras cidades da contorna”. Rubín aproveitou para convidar aos veciños a

participar en Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, e tamén en Termatalia, o principal punto de encontro do turismo termal internacional xa que, segundo referiu “dinamizar o turismo de proximidade é moi importante pero hoxe en día xa non é suficiente, hai que ir pensando máis alá e atraer tamén a visitantes internacionais”. Durante esta presentación, á que acudiron representantes institucionais, empresariais e numerosos medios de comunicación, foron promovidas as edicións de Xantar e Termatalia 2016 que terán ambas as dúas a México como protagonista. O Estado mexicano de Morelos será o convidado en Xantar (3 a 7 de febreiro) e a vindeira edición de Termatalia celebrarase no Estado de Coahuila entre o 29 de setembro e o 1 de outubro.

Feiras en Ponte de Lima

O calendario feiral comezará do 13 a 15 de novembro coa Vª Feira do Ambiente e Enerxía. Tamén en novembro, do 27 ao 29, será o Iº Festival da Carne Minhota. No mes de decembro, do 4 ao 6 celebrarase a IVª Festa da Gente Miúda e do Livro Infantil; do 11 ao 13, o Vº Festival do Bacalhau e da Doçaria; do 18 ao 20, a Iª Feirón de Natal. O calendario de 2016 iniciárase, do 15 ao 17 de xaneiro, coa IXª Verde Noivos; e do 29 ao 31 será a VIIª Feira do Porco e as Delicias do Sarrabulho. Do 3 ao 7 de febreiro, Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico (Ourense). Do 12 ao 14 de febreiro celebrarase o IIº Expo Saúde/Desporto. Do 26 a 28, a Iª Feira 100% Agrolimiano. Xa en marzo, do 4 a 06, a IIª Feira dos Jardíns e Espazos Verdes e do 18 a 20 a IIIª Feira Gastronómica da Lampreia.

MONÇÃO

Novos produtos turísticos à venda na loja interactiva de turismo



A nova linha de merchandising do Município de Monção, constituída por postais turísticos, avental e saco de pão inspirados no vídeo promocional “Tudo isto somos nós”, da autoria de Luís Miguel Frasco com textos de Nelson Azevedo, foi apresentada no Museu do Alvarinho, com a presenza do Vereador das Atividades Socio-culturais, Paulo Esteves.

Esta apresentação assinalou o arranque do 2º Festival do Cordeiro à Moda de Monção. Esta aposta sinaliza, segundo Paulo Este-

ves, uma vontade muito forte do município em promover o território concelhio num todo, englobando, nesta estratégia, todas as potencialidades naturais, riquezas patrimoniais, recursos endógenos, tradições e costumes num produto único e singular chamado Monção.

Os postais turísticos focalizam-se na tradição, muralhas, termalismo, alvarinho e gastronomia. O saco de pão e o avental ostentam a imagem de Deu-la-Deu Martins.

Município retoma projeto “Baús Volantes”

Iniciativa, promovida pela Biblioteca Municipal de Monção, leva cultura e reaviva recordações aos utentes dos centros de dia do concelho.

Depois de uma paragem para férias, as técnicas da Biblioteca Municipal de Monção retomam o projeto “Baús Volantes” dedicado à população idosa que frequenta os centros de dia do concelho, estando prevista uma visita mensal a cada uma das instituições sociais.

“Baús Volantes” consta da leitura de contos, visualização de filmes e conversas informais que trazem à memória dos idosos lembranças da meninice e juventude, proporcionando-lhes a passagem de alguns momentos de cultura e lazer e uma mão cheia de recordações.



Norte de Portugal

CERVEIRA

LIT acolhe a arte da “Terra da Cor”

A arte pictórica e a sua destreza para evocar emoções vai estar presente na Galeria da Loja Interativa de Turismo de Vila Nova de Cerveira através de uma exposição de pintura de ‘alunos’ da Unisénior, com orientação do artista Henrique do Vale.

Cerveira, ‘Vila das Artes’, é terra de bienais e de artistas. Em vários espaços, fechados ou ao ar livre, são várias as obras que se encontram com as pessoas suge-

rindo uma interação sensorial. A pintura é uma das manifestações expressivas presentes e cuja formação artística tem sido relevada a vários níveis

“Terra da Cor” apresenta cerca de 30 obras da autoria de sete alunos da Unisénior.

Até 28 de novembro, os trabalhos estarão disponíveis para visita e interação no horário de funcionamento daquele espaço turístico.



Autarquia mantém redução de taxas a feirantes em 2016

Os feirantes com terrado na Feira Semanal de Vila Nova de Cerveira vão continuar a usufruir, no próximo ano, da redução de taxas praticada ao longo de 2015.

Em reunião de Câmara desta sexta-feira, o executivo cerveirense voltou a aprovar, por unanimidade, esta medida pontual.



A continuidade a medida, que ainda vai ser submetida a apreciação e análise da Assembleia Municipal, resultará da avaliação que será feita ao final de cada ano.

A Feira Semanal de Vila Nova de Cerveira é um acontecimento que, todos os sá-

bados, pauta o ritmo do concelho, constituindo-se como um estímulo do movimento local ao dinamizar os negócios da restauração e do comércio, mas também ao proporcionar um intercâmbio sociocultural do Norte de Portugal e da Galiza.

Bolsas para Ensino Superior 2015/2016 com prazos definidos

Entre 09 de novembro e 09 de dezembro de 2015, os jovens cerveirenses a frequentar o ensino superior podem apresentar a sua candidatura às 10 bolsas de estudo disponibilizadas pela Câmara Municipal para o presente ano letivo. Apoio visa fomentar uma maior igualdade de oportunidades no acesso à educação.

Disponível no Portal do Município, o regulamento estabelece os princípios gerais de atribuição das bolsas de estudo, o processo de candidatura, a seleção dos candidatos, os deveres e direitos dos bolseiros e o valor e forma de pagamento das bolsas concedi-

das. De salientar que uma das contrapartidas dos jovens selecionados para atribuição deste incentivo é a realização de 70 horas de trabalho comunitário em atividades/serviços da Câmara Municipal, preferencialmente na área de formação frequentada ou outras de interesse



MIRANDELA

Hora do Conto no meio rural

A Biblioteca Municipal de Mirandela tem vindo a desenvolver desde março do presente ano, o projeto da Hora do Conto nas várias aldeias do concelho, promovendo o livro e a leitura junto dos mais pequenos. As sessões decorrem todas as quartas-feiras no período da manhã tendo como objetivo principal a difusão da leitura em todas as localidades do concelho de Mirandela.

A partir do mês de novembro, as bibliotecas escolares juntar-se-ão a este projeto no sentido de alcançar um maior número de escolas do ensino pré-primário.

Até ao momento já foram efetuadas visitas a 18 escolas do concelho de Mirandela, tendo sido alcançados cerca de 200 alunos.

Estas atividades inserem-se no âmbito da realização por parte da Câmara Municipal de Mirandela de diversas ações de índole cultural com intuito de abranger diversos grupos etários, tais como Revisitar Fernando Pessoa - oferece ao

público do ensino secundário uma abordagem diferente da vida e obra do Fernando Pessoa - e Agulhas em Movimento - todas as quintas-feiras, das 14:00h às 17:00, quem assim pretender reúne-se à volta de uma mesa a tricotar e a partilhar experiências que foram passando de geração em geração dando origem a momentos de convívio e de elaboração de vários trabalhos de labores que brevemente estarão em exposição na Biblioteca Municipal de Mirandela.



Norte de Portugal

CERVEIRA

Gilberto Coutinho Videografia selecionado para «Prémio do Público 2015» do Festival de Cinema de Casamento

O videógrafo Gilberto Coutinho, uma empresa Cerveirense, necessita de um pequeno empurrão para ser o vencedor do Festival de Cinema de Casamentos, na categoria «Prémio do Público 2015». A segunda edição deste certame, a decorrer na primeira semana de Novembro em Madrid, reúne cerca de 30 profissionais de imagem de vários países como Espanha, Estados Unidos da América, Luxemburgo e Portugal. Os vídeos de casamento nunca mais voltarão a ser o que eram. Essa é a principal conclusão a que chegaram os profissionais do Festival de Cinematografia de Casamentos, e cuja gala final servirá para entregar os galardões aos melhores trabalhos do corrente ano.



Organizado pelo portal www.videografosdecasamentos.com, este festival espanhol pretende consolidar-se como a referência de um sector audiovisual em constante crescimento em Espanha e Portugal, cuja profissionalização e evolução tem sido uma constante.

Neste momento, Gilberto Coutinho luta contra “gigantes” da área por um lugar no Top 10 mas, com a ajuda de todos vós, seguramente pode dar o salto para os lugares cimeiros da tabela.

Gilberto Coutinho concorre com o vídeo de Patrícia e Tiago. Não esperem ver uma sucessão de imagens do casamento com a cerimónia e a celebração. Não. O trabalho deste videógrafo vai

muito mais além, oferecendo pequenas películas da história dos casais que o contratam.

Aqui, Patrícia e Tiago contam-nos como nasceu, cresceu e se vive uma linda história de amor, culminando com aquele que é um dos dias mais importantes das suas vidas. As vozes encantadoras destes noivos narram a sua própria e única história, intercalada com o registo vídeo dos preparativos e do decorrer da cerimónia, incluindo momentos especiais num dos seus lugares favoritos, Vila Nova de Cerveira. Um vídeo emotivo, de grande qualidade e elaborado com muito bom gosto, merece estar nos tops deste concurso. E porque não ganhar? Se gostarem, podem votar aqui.



XVI Fórum Nacional de Apicultura reúne centenas de apicultores em Cerveira

Ao longo de três dias, entre 20 e 22 novembro, Vila Nova de Cerveira volta a receber um evento focado na excelência do mel, mas este ano de âmbito nacional. Além de workshops, palestras, mostra/venda de

produtos, o XVI Fórum Nacional de Apicultura integra, pela primeira vez, a vertente gastronómica associada à confeção de pratos com este produto. Inscrições já estão a decorrer em www.fnap.pt

VIANA DO CASTELO

Presidente da Câmara Municipal recebeu estudantes da Faculdade de Arquitetura do Porto



Cerca de duas centenas de alunos da disciplina de Projeto do quarto ano do Mestrado Integrado em Arquitetura da Faculdade de Arquitetura da Universidade do Porto estão hoje em Viana do Castelo para visitar espaços e projetos da cidade, designadamente o centro cultural, o centro de remo e a Biblioteca Municipal, onde foram recebidos pelo Presidente da Câmara, José Maria Costa.

Na sessão, o autarca teve oportunidade de dar a conhecer os projetos e o planeamento efetuado nos últimos anos, sendo que a visita de estudo dos alunos incidiu sobre projetos cujas funções

sejam adaptadas a componentes de carácter desportivo e cultural. A escolha da visita de estudo recaiu sobre o Centro Cultural e sobre o Centro de Remo uma vez que os alunos vão desenvolver, durante este ano letivo, um projeto de um Centro Náutico, com um programa essencialmente destinado à prática do remo.

De lembrar que Viana do Castelo tem sido alvo de uma forte aposta na qualificação urbana, tendo mesmo sido considerada “Meca da Arquitetura” pela prestigiada revista londrina Wallpaper, numa clara referência aos edifícios construídos na cidade e de onde se destacam a Praça da

Liberdade de Fernando Távora, a Biblioteca de Siza Vieira, o “inovador” Hotel Axis e o Coliseu de Souto Moura.

Viana do Castelo, para além das obras destacadas na revista, possui ainda diversos edifícios de grandes arquitetos, de onde se destaca a Pousada da Juventude de Carrilho da Graça (galardoado com o Prémio Pessoa), a Biblioteca da Escola Superior de Tecnologia e Gestão e o auditório Lima de Carvalho de Bernardo Távora, ou o edifício de entrada da Citânia de Santa Luzia e o conjunto habitacional da Rua João Alves Cerqueira da arquiteta premiada Paula Santos.

Novas da Raia

A GUARDA

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, e o Concelleiro de Medio Ambiente, Paulino Rodríguez, revisan as obras do Codesal

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, xunto co Concelleiro de Medio Ambiente, Paulino Rodríguez, revisaron na mañá de hoxe os traballos que se están levando a cabo na zona do Codesal. Estas obras, forman parte do proxecto “Recuperación da escollera da pista entre a Armona e O Codesal”. Esta primeira fase é unha actuación que busca a rehabilitación medioambiental do campo do Codesal.

Nesta visita tamén estiveron responsables de Costas, entre o que se atopaba o técnico Antonio Iglesias.

Neste encontro tanto o alcalde coma o Concelleiro puideron ver in situ os traballos que xa se están levando a cabo, por exemplo, para a ampliación da senda para o paso dos peóns.

Outros proxectos

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, aproveitou esta visita para falar cos responsables de Costas sobre o proxecto de “Acondicionamento da área da Lamiña-Armona”.

Neste punto o rexedor guardés volveu a reafirmar a súa proposta de ampliar o areal, crear unha zona de esparcemento e un novo aparcamento na zona da fábrica de Riego.

Antonio Iglesias, atendeu ó alcalde da Guarda e explicou que Costas podería realitzar este proxecto por fases. Así, a primeira das actuacións, sería unha recuperación medioambiental da praia que consistiría nunha retirada de escombros e o recheo coa area dragada do río.



MONÇÃO

Clã no cine teatro João Verde

Presença em Monção, no âmbito da iniciativa “Conta-me Histórias”, marcada para o dia 14 de novembro, sábado, pelas 21h30. A en-

trada custa 10,00 €. Grupo regressa a Monção depois de terem atuado nas Festividades em Honra à Virgem das Dores, em 1998.



CAMINHA

Soldados da Paz de Caminha e Vila Praia de Âncora recebem apoio do Lions

Um pouco por todo o país as associações de bombeiros sentem a falta de determinados aparelhos ou outro género de apoios. São estes homens que abnegadamente estão sempre em alerta para o auxílio à população e no tempo de verão é com eles que se combate um dos flagelos, os incêndios.

Foi com este mote que o Lions Clube de Vila Praia de Âncora sensibilizados «à tragédia dos incêndios florestais ocorridos no Concelho de Caminha, entre os dias 9 a 11 do passado mês de Agosto, reconhecendo o trabalho realizado pelos Bombeiros de Vila Praia de Âncora e Caminha, o desgaste de material ocorrido nesse combate» se prontificou a oferecer apoio em material e equipamento, a nível de roupas, suprimentos médicos e cobertores no valor total de 3.080 euros.

Este apoio teve o patrocínio da Fundação Internacional de Lions Clubes.

O Lions Clube de Vila Praia de Âncora não deixa de salientar que «a ação dos bombeiros atuando na proteção de vidas e bens foi fundamental para minimizar a tragédia que assolou o concelho de Caminha».

Por outro lado, esta iniciativa permitiu repor necessidades básicas que já haviam sido consumidas durante o combate à tragédia e «capacitar os bombeiros para melhor cumprir a sua missão», como referiu o presidente do Clube, Alberto Magalhães.

A presidente dos Bombeiros de Vila Praia de Âncora, Laurinda Araújo, agradeceu este «gesto generoso dos Lions» e relevou o

«exemplo e a importância da ajuda». Por sua vez, o presidente dos Bombeiros de Caminha, José Casimiro Lages, mostrou-se «muito sensibilizado por ver reconhecido o trabalho abnegado que os bombeiros vêm fazendo e que a comunidade, neste caso os Lions, se interessam por suprir necessidades básicas de que careciam».

De referir que os Lions e a sua Fundação Internacional apoiam o serviço humanitário em 209 países com «a atribuição de subsídios e o desenvolvimento de programas de melhoria de vidas ao redor do mundo».

Os Lions estão a recrutar mais voluntários para «ajudar a restituir esperança nas pessoas com fragilidades e a construir uma vida melhor na comunidade».

Por: Isabel Varela



Recolha em benefício dos animais domésticos

É sempre uma iniciativa necessária, pois as associações, por vezes, debatem-se com enormes carências e a razão é uma delas.

Com o objectivo de ajudar, a Escola Básica do Vale do Âncora, pertencente ao Agrupamento de Escolas Sidónio Pais - Caminha, organizou uma recolha de alimentos e bens necessários (ração seca/húmida para cão ou gato, desparasitantes externos, trelas, coleiras e comedouros, areia para gatos, trinca de arroz, biscoitos, brinquedos para cães e gatos, mantas e cobertores) para o sustento e bem-estar de centenas de animais em risco, à guarda da Associação Protetora dos Animais “A Selva dos Animais Domésticos” - organização sem fins lucrativos do concelho de Caminha.

Esta ação foi dinamizada pelas professoras Cidália Barros, Fátima Esteves, Idalina Pinto, Ilda Grisantes e Rosa Laura Cerqueira e decorreu durante todo o mês de outubro.

A Associação «A Selva dos Animais Domésticos» tem vindo a realizar um extraordinário trabalho na proteção dos animais, quer cães ou gatos. Uma actividade que se iniciou no ano de 2003 e a cuja direcção preside Idalina Torres. Esta é uma missão levada a cabo com espírito de sacrifício, mas também de voluntariado. Recordemos que esta associação, e aquando de uma peça feita pelo Minho Digital, tinha a seu cargo cerca de 300 cães e 100 gatos.

Esta foi mais uma oportunidade da comunidade ajudar, desta vez graças à referida instituição de ensino do vale de Âncora. Quem se segue?

Por Isabel Varela



Galicia

O “servizo americano de saúde” de Galiza

Por: Luisa Lores

Traducido ao galego por Montserrat Rodríguez



O presidente Feijóo cedeu a intelixencia do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a poderosas empresas estadounidenses, e como consecuencia a influencia do goberno galego sobre o seu sistema público de saúde encóntrase en mínimos históricos.

Esta podería ser a causa da recente dimisión do xerente do Hospital de Vigo, Mario González, que presionado pola mobilización cidadá e pola esixencia dos seus profesionais comprometeuse a rescatar os servizos asistenciais da empresa pública de xestión privada Galaria S.A., Radioterapia, Medicina Nuclear/PET e RM e integralos no Novo Hospital de Vigo (NHV), segundo compromiso previo da Consellería. Porén as empresas que controlan Galaria non están polo labor, e deran de lado ao xerente González e á propia conselleira de sanidade.

A empresa Galaria S.A tamén xestiona o control de calidade e a protección radiolóxica, que

internacionalmente se basea no principio de “non facer” sempre que sexa posible. Sen embargo a RM de Galaria foi denunciada polo Consello de Contas polo seu ratio inexplicablemente alto de exploracións. Ademais Galiza é a CCAA con maior uso e abuso dos estudos de TAC de todas as CCAA, incluíndo Madrid e Cataluña (Consello de Contas, datos de 2012) quizais porque a protección radiolóxica dos pacientes do SERGAS se realiza a través da multinacional estadounidense General Electric, a empresa propietaria da maior parte dos equipos de TAC de Galiza, que se audita a si mesma. A presidenta de Galaria desde 2009, ano no que Feijóo gaña as eleccións, provén das grandes consultoras estadounidenses Arthur Andersen e Deloitte, empresa que auditou a desastrosa fusión de Caixa Nova e Caixa Galicia. Segundo o Consello de Contas, tamén as contas en Galaria son pouco claras. Nese mesmo ano de 2009, ex altos

cargos da Xunta e Caixanova crean o fondo de capital risco Netaccede, xestionado por un directivo que tamén provén de Deloitte. Feijóo cede a Netaccede o teléfono de cita previa do Sergas e o control das contratacións públicas, a través da plataforma electrónica Vortal Connecting Bussines.

A Plataforma Vortal está constituída polas grandes empresas tecnolóxicas e de xestión de RRHH, que están especializadas en dispositivos electrónicos para o control presencial e a produtividade dos traballadores.

Vortal está participada por Microsoft e por Telefónica e Indra, empresas moi beneficiadas coa privatización do SERGAS, que actualmente xestionan a teleasistencia, a receita electrónica e a historia clínica electrónica. Agora serán arte e parte nas licitacións de servizos públicos.

A decisión máis recente da mesa de contratación da Xunta foi a adqui-

sición de 10 aceleradores lineais para os hospitais galegos por 20 millóns de euros. A empresa agraaciada é outra multinacional estadounidense, Varian Medical Systems (VAR), con sede en Silicon Valley (California) e vinculada á multinacional farmacéutica Glaxo.

O primeiro acelerador instalárase no Hospital Público de Lugo (HULA) a pesar de que as empresas se negaran, dada a diminución conseguinte do negocio do centro privado que agora atende estes doentes, o Centro Oncolóxico de Galicia, pero Feijóo tivo que ceder pola presión da poboación e dos profesionais.

Os seguintes aceleradores lineais de financiación pública instaláranse en dous centros de xestión privada, o Centro Oncolóxico de Galicia en A Coruña e Galaria S.A. en Vigo. Desta forma o NHV, con máis de mil camas, quedará sen servizos esenciais de Alta Tecnoloxía, como xa quedou sen o laboratorio Central, adxudicado pola Xunta ao fondo de capital risco CVC Capiro, por un custo temerario (38% inferior á media) trala resolución dun concurso de legalidade discutible, onde algunhas das empresas concursantes estaban vinculadas entre si.

A UTE do NHV está formada por Acciona e Bankia, e todos os hospitais e servizos sanitarios públicos que xestionaba Bankia pasaron a mans da aseguradora sanitaria estadounidense Centene Corporation, que probablemente tamén xestionará o NHV cando entre en funcionamento, a pesar dos seus preocupantes antecedentes, tanto en relación coa súa xestión como co trato dos seus asegurados.

O Grupo Centene está vinculado a Microsoft, Arthur Andersen e ao partido Republicano de EEUU. Na

súa xunta directiva encóntrase Tommy George Thompson, ex secretario de sanidade de George Bush e presidente da rama sanitaria de Deloitte ata 2011. A súa campaña electoral foi fortemente financiada pola grande empresa tabaquera Philip Morris.

A compañía farmacéutica galega Zeltia está asociada á multinacional estadounidense Johnson & Johnson (Janssen). O seu medicamento estrela é Yondelis, que Zeltia comercializa en España e Europa e Janssen en EEUU. O fármaco antitumoral Yondelis está incluído na lista Prescrire de medicamentos nocivos.

Tamén os institutos biomédicos de investigación dos hospitais públicos do SERGAS están coxestionados polo xigante farmacéutico Johnson & Johnson/Janssen.

Ademais, o enorme desleixo do goberno galego na xestión da sanidade pública facilitou a xeralización dos conflitos de intereses e o incumprimento da lei de incompatibilidades, o que erosiona o SERGAS e merma a calidade da asistencia. Así, os presidentes do Consello Asesor da Conselleira de Sanidade, da fundación de Medicina Xenómica de Galicia, o da Asociación Española Contra o Cancro (AECC), propietaria maioritaria do Centro Oncolóxico, que ademais de realizar ensaios clínicos xestiona o registro do cancro dos doentes galegos, están vinculados á industria farmacéutica. Fondos de investimento e multinacionais estadounidenses

O goberno galego traspasou a xestión da sanidade pública de Galiza a fondos de investimento e a multinacionais estadounidenses, que aterraron en Galiza da man do presidente Feijóo.

Campaña Greenpeace contra o imposto ao sol

O Consejo de Ministros aprobou o Real Decreto de autoconsumo, coñecido como 'Imposto aoSol'. A pesar de todos os intentos, accións, informes emáis de 40.000 persoas que presentaron alegacións para frealo (¡gracias!), non logramos parar a súa aprobación. Afortunadamente, somos moi insistentes e temos o apoio de miles de persoas que pediron que se retire este decreto contra o autoconsumo. Por iso, estamos convencidos de que rapidamente lograremos que se derroque.

O ministro de Industria, José

Manuel Soria, teimou en presentar o proxecto diante dos medios como unha mellora para o autoabastecemento de enerxía, pero é na realidade un claro impedimento para o seu desenvolvemento e unha concesión ao oligopolio eléctrico. Ponse como condición que non afecte á eficiencia económica do sistema actual. Traducido: que non afecte os intereses existentes do sector eléctrico. Todo o contrario da postura da Comisión Europea que defende o autoconsumo polas súas vantaxes económica, de fiabilidade e de eficiencia.

Pero está claro que os criterios

de eficiencia e sustentabilidade non están na política do Ministerio de Industria. Xaquedou demostrado coas prospeccións en Canarias, contra vento e marea para impulsar un proxecto de alto risco medioambiental e económico que provocou un enorme rexeitamento social e que acabou coa decisión de Repsol de retirarse do proxecto (e a nosa activista Matildaferida). Ademais, a mesma semana que se aprobaba o 'Imposto ao Sol', o Grupo Popular rexeitaba no Senado unha moción para lograr un Mediterráneo libre de prospeccións.



Baltar non dimite e presentará accións legais contra a denunciante



■ José Manuel Baltar atendeu á prensa nos pasillos da Deputación de Ourense.

José Manuel Baltar, presidente da Deputación ourensá, manifestou que a denuncia presentada por unha muller na que se lle acusa de ter ofrecido traballo a cambio de sexo é unha cuestión “absolutamente

de índole persoal que non ten nada que ver con esta institución”. Baltar, que atendeu aos medios de comunicación logo de manter un encontro cos membros do grupo de rock Os Suaves, dixo estar “absolutamente tranquilo” e engadiu

que xa deu instrucións aos seus avogados para que exerzan as accións legais correspondentes contra a denunciante.

“A día de hoxe -28 de outubro 2015- non coñezo o contido dese escrito que se presentou na Fisca-

lía, nin por parte da Fiscalía se me chamou para nada; entón eu xa din ordenes aos meus representantes xurídicos para que exerzan as accións con toda a contundencia do mundo”, dixo Baltar nos pasillos da Deputación. Agregou o presidente provincial do PP que se trata “Dunha cuestión de índole absolutamente persoal que non ten nada que ver con esta institución e que creo que donde debo falar é na instancia correspondente unha vez que o procedemento axeitado esté en marcha e teña a posibilidade de aportar algo, pero nunca na Deputación porque non ten nada que ver co funcionamento desta institución”. Respecto das críticas dos partidos, Baltar dixo que “creo que os novos políticos fan política con estas cuestións e creo que a política non é isto”. José Manuel Baltar reiterou a “absoluta tranquilidade, absoluta determinación, contundencia total no exercicio da miña defensa e das miñas accións legais”.

Cando o presidente da Deputación foi preguntado acerca das gravacións nas que se lle ouíu falando coa muller no Pazo Provincial, non quixo responder, como tampouco cando foi cuestionado sobre si recoñecía neses audios: “Accións legais. É todo o que vou responder”. Respecto de si pensa dimitir, dixo que “en absoluto” e non quixo valorar o apoio recibido do seu partido, o PP.

Admitiu que sentía “o dano grave persoal ocasionado que evidentemente non é un trago agradable pero que estou perfectamente preparado desde a tranquilidade para resolvelo enérxicamente con toda a contundencia que a ley me otorga”. Respecto das declaracións do portavoz do PP no Congreso dos Deputados que valorou como “repugnante” de ser certo o comportamento do político ourensá, Baltar dixo: “Eu non vou valorar a valoracións de outros porque o que teño que facer é dicir que voy a exercer as accións legais con todo contundencia”.

A Valedora do Pobo en Ourense



■ Milagros Otero foi recibida no Concello de Ourense polo alcalde Xesús Vázquez.

Avaledora do pobo, Milagros Otero Parga, estivo o 29 de outubro a Ourense para celebrar o primeiro dos seus encontros coa cidadanía de diferentes concellos, no marco do programa de descentralización da oficina aberto despois da súa toma de posesión o pasado 2 de setembro. Otero Parga celebra deste xeito a primeira das súas visitas a concellos despois da posta en marcha da súa iniciativa de achegamento ás persoas, que a levará a manter encontros periódicos coa cidadanía nos seus lugares de residencia. Xa remitiu invitacións aos alcaldes dos sete principais concellos da comunidade, aínda que a idea consiste en estender o programa a todos os recunchos da nosa xeografía. Ourense foi a primeira localidade en por a dispor da valedora a infraestrutura necesaria, seguida de Ferrol e A Coruña, enclaves que

visitará a oficina móbil da valedora nas vindeiras semanas.

Un dos obxectivos da nova valedora pasa por afirmar a súa contribución á creación dunha auténtica cultura de dereitos entre a poboación e transmitir cales son os mecanismos para poder exercelos. A súa vontade consiste en facelo con base no principio de proximidade, en contacto directo coa poboación xa que a cidadanía, como quere facer chegar aos alcaldes, ten dereito a unha presenza achegada da valedora.

Milagros Otero apela á colaboración dos concellos nesta primeira fase de encontros. As actividades de atención directa á veciñanza celébranse de xeito presencial, e con participación da valedora, en espazos municipais de carácter veciñal, cultural ou social que determinen as institucións.



Exposición do artista galego Juan Garcés

A Delegación da Xunta de Galicia en Madrid-Casa de Galicia acolle este mes de outubro unha mostra da pintura do desaparecido artista pontevedrés Juan Garcés, que xa exhibiu a súa arte nas súas instalacións en 2003. A exposición, que se inaugurou hoxe e poderá verse ata o próximo día 30, ocupa as salas A e B da Casa e está composta por unha selección de trinta obras da última década do artista de temáticas diversas (figuras, mariñas e paisaxes, sempre presentes na súa traxectoria) e preséntase como homenaxe ao artista e preámbulo a unha retrospectiva antolóxica que sobre a súa traxectoria artística están a preparar os seus achegados. Na inauguración da exposición interviñeron Soledad Garcés, irmá maior do pintor, licenciada en Filoloxía Germánica e profesora de Historia da Arte, e, en representación do delegado da Xunta en Madrid, José Ramón Ónega, o coordinador de Actividades Culturais da Casa, Ramón Jiménez. Jiménez afirmou que “os cadros de Garcés sobordan alegría e elegancia. O seu estilo é personalísimo, por máis que recibisen influencia doutros pintores”.



■ Jiménez e familiares de Garcés ao lado dun autorretrato

“Son cadros que navegan libremente polos mares máis recónditos, pero que cando se divisan de lonxe en calquera parede fanlle enseguida exclamar ao seu descubridor: Vaia, un Garcés!”. Pola súa banda, Soledad Garcés afirmou que o seu irmán tivo unha vida apaixonada e creativa,

lembrou a infancia do pintor e como empezou a desenvolver os seus dúas grandes paixóns: a mariña e a pintura, algo que atopou unido no cadro que se mostrou nun o caballete durante o acto, un autorretrato de Juan Garcés de neno mariñeiro xogando na beira do mar cun barquiño.

Segundo a doutora en Historia Nuria Alonso, prologuista do catálogo da mostra, na exposición “achamos, pasado polo tamiz e o innato sentido da cor do pintor, a confluencia das correntes vangardistas do século XX” e tamén “a biografía de Juan e as pantasma do seu espírito, cando sendo moi

nenos o seu pai morreu no mar”, na guerra civil, feito ao que atribúe que “os seus mares non representan alegres ondas azul turquesa do Mediterráneo senón tons escuros e profundos”. Máis información en www.juangarcés.es

Juan Garcés (Marín 1935-Madrid 2014). Comeza a pintar desde neno e séguelo facendo embarcado na Mariña e viaxando por todo o mundo. Desde mozo frecuenta, como caricaturista, algúns faladoiros no Café Gijón de Madrid onde coñece a Camilo José Cela que apadrina a súa primeira exposición en Palma de Mallorca. A finais dos sesenta instálase en Madrid e expón a súa obra por toda a xeografía peninsular e fóra de España, en países como Xapón, México, Venezuela ou Estados Unidos. Membro fundador do Grupo Tago e relator de pintura na Real Orde do Mérito das Belas Artes, as súas obras están presentes, entre outros sitios, no Museo Español de Arte Contemporánea de Madrid, no Museo Camón Aznar de Aragón e no Museo de Belas Artes de Granada. Entre os premios que recibiu figuran a Medalla de Santa Isabel, o Premio Nacional do Exército 1972, e a Medalla ao Mérito nas Belas Artes.

Constitución do Grupo “Cidades Patrimonio da Humanidade”

Coa presenza, entre outros, do presidente do Grupo, José Luís Rivas Hernández, e da directora xeral de Turespaña, Marta Blanco Quesada.

A Comisión de Turismo do Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade celebrou a súa reunión constitutiva, logo das eleccións municipais, na Casa de Galicia, coa presenza, entre outros, do alcalde de Ávila e novo presidente do Grupo, José Luís Rivas Hernández, a directora xeral en Madrid. Foron recibidos polo delegado da Xunta en Madrid, José Ramón Ónega, que lles dió a benvinda á Casa e deséxoulles éxito no seu traballo. Marta Blanco afirmou que o Grupo é un exemplo das cousas que funcionan, que ofrece un produto consolidado e de prestixio nos mercados internacionais e que tivo moito que ver con que este ano España tivese a consideración de destino máis competitivo do mundo. A directora xeral ofreceulle a colaboración



■ Os representantes das cidades con Ónega, Rivas e Blanco

das 33 oficinas de Turespaña. Na reunión tamén estiveron presentes o subdirector xeral de Márketing de Turismo, Rafael

Chamorro, os directivos do Grupo Anxo Rosado Martínez, Sonsoles Guillén, Claudia Sevilla e Ainoha Raso.

Ao comezo do encontro de traballo pasouse unha película promocional de turismo sobre as cidades que constitúen o Grupo.

Foton designados os coordinadores da Comisión -os representantes de Ávila e Alcalá de Henares- e abordáronse os proxectos para desenvolver o próximo ano. O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España é unha asociación sen ánimo de lucro creada no ano 1993 cuxo obxectivo é actuar de maneira conxunta na defensa e a promoción cultural e turística do excepcional patrimonio das 15 cidades que o compoñen, cuxos centros históricos foron recoñecidos pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade. Estas cidades son: Alcalá de Henares, Ávila, Baeza, Cáceres, Córdoba, Conca, Eivissa/Eivissa, Mérida, Salamanca, San Cristóbal de la Laguna, Santiago de Compostela, Segovia, Tarragona, Toledo e Úbeda.